

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION ORDINARIA DO 24 DE SETEMBRO DE 2007

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Ángeles
González Sagarra, Javier Pablo

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Bueno, Marta
Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Porro Martínez, María Corina
Rodríguez Díaz, Santos Hector
Velooso Ríos, Iolanda

NON ASISTEN:

Martiño Gómez, Antonio
Rivas González, Angel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de setembro do ano dous mil sete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Porro Martínez, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Martiño Gómez e Rivas González. Están tamén presentes as

membros da Xunta de Goberno Local Sras. Maure Noia e Silva Rego e máis o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (89).- ACTA ANTERIOR (Sesión ordinaria 30.07.07)

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 30 de xullo de 2007.

2.- (90).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 19.09.07 NOMEANDO DOUS CONCELLEIROS PARA O DESEMPEÑO DAS SÚAS FUNCIÓNS NO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 19 de setembro de 2007, a Alcaldía-Presidencia emitiu a seguinte resolución:

“Na sesión de data 17 de xullo, o Pleno do Concello acordou os réximes de dedicación dos cargos corporativos sinalando, entre outros aspectos, que catro concelleiros/as do grupo político municipal do Partido Popular realizarían as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e os nove restantes nun réxime de dedicación parcial de nove horas.

Mediante Resolución de data 20 de xullo, esta Alcaldía, ó abeiro do previsto no artigo 75.5 da LBRL e a proposta da voceira do grupo do Partido Popular, nomeou a dous concelleiros/as do seu grupo en réxime de dedicación exclusiva e oito en réxime de dedicación parcial. Os tres membros restantes, de conformidade co previsto no apartado noveno do acordo do 17 de xullo, veñen percibindo indemnización por asistencia ás sesións dos órganos colexiados do Concello e ás dos seus organismos autónomos; a estes incorporouse, en virtude de resolución de data 26 de xullo, un carto membro que renunciou o seu réxime de dedicación parcial.

S. Ordinaria 24.09.07

En sesión de data 3 de setembro o Pleno modificou o apartado cuarto do seu acordo de data 17 de xullo no sentido de posibilitar que os distintos voceiros propoñan á Alcaldía a agrupación dos importes retributivos de varias dedicacións exclusivas.

Mediante escrito de data 7 de setembro a voceira do grupo político municipal do Partido Popular, ó abeiro da modificación mencionada, propón a esta Alcaldía a agrupación dos importes das dúas dedicacións exclusivas vacantes e doutra parcial existente ó obxecto de xerar, previa división do importe total en tres partes iguais, tres dedicacións exclusivas de 48.271,59 €/ano. Non obstante no escrito da voceira tan só propón a nominación de dous concelleiros/as para ó réxime indicado.

En virtude dos antecedentes expostos, ó abeiro do sinalado no artigo 75.5 da LBRL, resolvo:

Primeiro.- Exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cos importes retributivos que se indican, ós seguintes concelleiros/as do grupo político municipal do Partido Popular.

D ^a María Elvira Larriba Leira.....	48.271,59 €/ano
D. Carlos Comesaña Abalde.....	48.271,59 €/ano

Segundo.- As retribucións aboaranse en catorce pagas; os seus importes revisaranse anualmente na mesma proporción que ás do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- Ó obxecto de conciliar o pagamento da primeira mensualidade co expediente de confección de nóminas, os efectos retributivos terán lugar a partir do día 1 de outubro do ano que andamos.

Cuarto.- A voceira do grupo político municipal do Partido Popular poderá, cando o estime conveniente, propoñer a esta Alcaldía o nome do concelleiro/a do seu grupo que, desempeñando actualmente as súas funcións en réxime de dedicación parcial, pase a realizalas en réxime de dedicación exclusiva percibindo por isto o importe sinalado no apartado primeiro desta resolución.

Quinto.- As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades. Todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Sexto.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ós corporativos mencionados asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

Sétimo.- Notificar a presente resolución ós interesados/as advertindo que deberán, no prazo dos tres días seguintes á notificación, dirixir escrito a esta Alcaldía, a través da Secretaría Xeral do Pleno, no que se manifeste a aceptación ou non da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Oitavo.- Notificar a presente resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Noveno.- Dar conta ó Pleno desta resolución; publicala no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de editos do Concello.”

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

DEBATE CONXUNTO DA MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS PUNTOS 3 Ó 27 DA ORDE DO DÍA

A PRESIDENCIA: Imos proceder conxuntamente ó debate das ordenanzas fiscais correspondentes ós puntos 3 ó 27, ambos inclusive, con independencia de que a votación se produza por separado.

Ós efectos de expoñer as propostas de modificacións ten a palabra a concelleira de Facenda, Sra. Díaz.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Este goberno fixo un claro compromiso coa cidade de Vigo en materia fiscal: non incrementar a carga fiscal ós seus cidadáns.

Coas modificacións das ordenanzas fiscais que presentamos hoxe neste Pleno non só cumprimos a nosa promesa senón que imos moito máis alá e presentamos propostas de taxas, tarifas, bonificacións e exencións fiscais que reducen a carga fiscal dos cidadáns, en especial a dos colectivos máis desfavorecidos.

É por iso que este goberno propón, primeiro, que as tarifas vixentes se actualicen como máximo segundo a variación do IPC entre abril de 2006 e abril de 2007 que é un 2,4%; esta é a máis baixa dos últimos anos. Por exemplo en 2007 o incremento foi do 3,9%, en 2006 do 3,5%, en 2005 foi do 2,7%, en 2004 2,7%, 2003 do 3,6%, 2002 do 4,2%.

En segundo lugar e en canto ós mínimos exentos, estes actualízanse como mínimo os ingresos brutos anuais *per cápita*, así como os tramos de renda que permiten as modificacións fiscais, tamén neste 2,4% naquelas taxas ou tarifas que permiten a exención por ter o beneficiario uns ingresos inferiores a un determinado nivel de renda ou que indican unha determinada bonificación en función da renda.

Con estas medidas xa está garantido que a ningún cidadán de Vigo se lle incrementa a carga fiscal, pero como dixen antes imos moito máis alá e por iso nas

modificacións das ordenanzas fiscais que hoxe traemos aquí introdúcense importantes bonificacións e exencións que son as seguintes. Primeiro, na taxa da recollida do lixo, queremos ampliar de xeito considerable o ámbito de exención desta taxa para cidadáns con baixa capacidade económica e por iso propónse un importante incremento nos mínimos exentos para as persoas que viven soas nun domicilio e que teñen capacidade económica reducida. Deste xeito, para os maiores de 65 anos se en 2007 para se beneficiar da exención do pagamento da taxa do lixo non se podía superar o ingreso anual bruto de 8.533,33 euros, nós fixamos agora o ingreso en 9.357 euros, é dicir, aquel maior de 65 anos que viva só e que teña uns ingresos inferiores a 9.357 euros non pagará o recibo do lixo, mentres que antes con se pasar de 8.500 si que o tiña que pagar.

Con respecto ós menores de 65 anos, en 2007 para se beneficiar da exención do pagamento da taxa do lixo o ingreso bruto anual máximo permitido era de 4.266,67 euros; en 2007 situarase en 5.955 euros, é dicir, por debaixo desta cantidade estarán exentos da taxa do lixo o que implica un incremento do mínimo exento de case o 40%.

Os servizos técnicos estiman que esta proposta fará que 1.500 familias de Vigo de baixa capacidade económica que antes non estaban exentas do pagamento da taxa do lixo agora si o estarán.

En segundo lugar a taxa pola prestación de axuda do fogar, é dicir atención domiciliaria ás persoas dependentes.

Neste caso a proposta que facemos é de reducir as tarifas para absolutamente todos os usuarios deste servizo e tanto máis canto menor sexa o seu nivel de renda. E non só reducimos as tarifas, senón que tamén incrementamos os mínimos exentos de xeito considerable e así, se no 2007 o mínimo exento era de 360 euros/mes, agora situarase en 450,76 euros/mes, é dicir, que por debaixo desta renda non deberá pagar pola prestación de axuda no fogar. O mínimo exento incrementase así nun 25%.

Con respecto á redución das tarifas, como dixen, faise para absolutamente todos os tramos e precisamente nos sete primeiros tramos de renda que é onde está a maioría deste servizo, é dicir, os de renda máis baixa, as reducións van dende o 50% ó 100%. Así por exemplo, os usuarios deste servizo que antes tiñan unha renda *per cápita* por mes de 510 euros, en 2007 pagaban por cada hora 2,55 euros e no 2008 pagarán 0,74 euros, unha redución do 71%. Os que tiñan un renda por

mes de 570,78 euros no ano 2007 pagaban por cada hora 3,8 euros e a partir do 2008 pagarán 1,49 euros, é dicir, unha redución de case o 61%. Os de 630,79 euros/mes antes pagaban por cada hora 5,10 euros e agora pagarán 2,23 euros. Polo tanto unha redución de máis do 56%.

Os beneficiarios desta proposta polo tanto serán absolutamente todos os usuarios deste servizo que, como se sabe, o servizo de axuda no fogar préstase a persoas que teñen limitada a súa capacidade para o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.

Propoñemos tamén modificacións na taxa pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil, o que serían as garderías públicas que corresponden ó Concello. Neste caso o que nós propoñemos é manter tanto as taxas de matrícula como as mensualidades constantes; dado que non se actualizan consonte ó IPC isto implica unha redución real do 2,4%. Por outra banda tamén se actualizan os mínimos exentos e os tramos de renda de acordo do IPC para así poder aplicar os beneficios fiscais nas mesmas condicións ou mellores que o ano pasado. Así o mínimo exento sitúase en 233 euros de renda *per cápita* mensual o que ven dicir que unha parella cun fillo que teña ingresos inferiores a 819 euros/mes, poderá estar exenta do pagamento da prestación do servizo da escola da primeira etapa.

Pero esta non é a única que mantemos constante, tamén mantemos constantes outras tarifas ou taxas pola prestación de determinados servizos e polo tanto o que presentamos é unha redución real do 2,4%. Neste caso o que facemos é manter constante a prestación do servizo de día, mantense constante a tarifa por mes en 210,35 euros e tamén outras taxas, polo tanto redución real do 2,4%. Das cotas unificadas de enganxe ás redes de subministración de auga e saneamento nas que se dispoña de acometida, adquisición e alugamento dos contadores da auga, formalización de alta e solicitude de orzamento pola subministración da auga; o Verbum no que se refire ás entradas e ó auditorio, a publicidade en paneis municipais, a concesión e expedición de licenzas clase A auto-taxis, autorización de transmisión e licenzas clase B auto-taxis.

Pero ademais co obxecto de mellorar a economía e a eficacia na xestión recadadora, introdúcense ademais na ordenanza fiscal xeral os criterios para a declaración de créditos incobrables e así conxugamos eficacia administrativa pero tamén coa legalidade procedemental.

Tamén incluímos nas ordenanzas o compromiso de acollerse o Concello ó procedemento de comunicación previsto na Lei do Catastro Inmobiliario que liberará ós titulares catastrais, é dicir, ós suxeitos pasivos do IBI, das obrigas formais de presentar declaracións catastrais subseguintes a determinadas licenzas urbanísticas. É dicir, facilítanse os trámites ó non ter que presentar determinada documentación en formato papel no Catastro unha vez que a Xerencia concedeu determinadas licenzas.

No que respecta ás tarifas a actualización é, como dixen, do 2,4% e así segundo esta variación as principais tarifas quedarían como segue: A taxa pola recollida do lixo: 76,25 euros, tamén se actualiza a Taxa pola prestación de servizos de subministración de auga potable e saneamento, por dereitos de exame para obtención do permiso municipal de conducir, por expedición e renovación do permiso de conducir, o imposto de circulación de vehículos, matrícula na Escola Municipal de Teatro, matrícula na Escola Municipal de Música, os prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, taxas polos documentos que expida o Concello, taxas por inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos, taxas por servizos especiais por espectáculos ou transportes, taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais, taxas por licenzas de actividades, por limpeza de pozos negros, sumidoiros ou similares, pola instalación de quioscos, polo aproveitamento especial do dominio da vía pública, pola prestación dos servizos de sanidade preventiva, desinfección e desratización, pola prestación de servizos de inspección sanitaria e análises químicas, pola concesión de licenzas de obras e instalacións, pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios realizados fóra do termo municipal, imposto de actividades económicas e imposto sobre bens inmobles.

En resume, o que estamos propoñendo son modificacións de carácter social pensando na xente, sobre todo na máis necesitada, co que podemos concluír que estamos diminuindo a carga fiscal na cidade de Vigo.

Estas propostas son as primeiras dun período de catro anos no que seguiremos propoñendo bonificacións e exencións de tipo social en taxas que xa agora estamos incluíndo como é a do lixo, centros de día, escolas infantís ou axuda no fogar.

A preocupación deste goberno é a xente. Hoxe e mañá seguiremos poñendo en marcha medidas pensando na xente e que polo tanto impliquen menor carga fiscal

e tomamos e seguiremos tomando medidas de rango social para facer que non só non aumente, senón que diminúa a carga fiscal dos vigueses e viguesas.

SR. MÉNDEZ PIÑEIRO: No Grupo municipal do BNG cremos na necesidade de dotar de capacidade e suficiencia económica ós concellos. Porén, as nosas actuacións como goberno ou como oposición sempre son coherentes e responsables con este principio.

Este goberno está formulando unha proposta de actualización das ordenanzas fiscal consonte o IPC. Sabemos que as taxas teñen que cubrir os gastos que significan cada un dos servizos, só así se contribuirá a garantir esa suficiencia financeira necesaria para levar a diante a iniciativa municipal, a iniciativa pública para atender ás necesidades da cidadanía e prestar uns servizos acordes.

Pero un goberno, á parte de aplicar necesariamente o IPC, ten que ser quen de racionalizar e facer que cada cidadán e cidadá contribúa na súa xusta medida, é dicir, facer que haxa equidade na distribución dos tributos. Evidentemente isto non se acada reducindo impostos indiscriminadamente, senón aplicando exencións ou reducións fiscais acordes con políticas sociais onde saian beneficiadas as persoas máis desfavorecidas.

Porén, dende unha perspectiva social nacionalista e de esquerdas como a que ten o BNG sabemos que as políticas sociais teñen que ser responsables e que non é posible facer maiores investimentos e políticas sociais para a cidadanía dende unha perspectiva pública rebaixando os impostos. Sabemos que conciliar ambas cousas é unha regra de tres inversa porque se prestarían peores servizos e coidamos que isto adoita ser irresponsable. Trátase pois de aplicar ás políticas tributarias os principios de equidade e solidariedade, cousa que pensamos que na medida das posibilidades está a facer este goberno municipal e digo na medida das posibilidades porque con estas ordenanzas non se pretende facer electoralismo, como se pretendía no anterior mandato. Nós o que pretendemos é modificar a realidade social e esta non se modifica nun ano, nin sequera nun mandato pero se van poñendo os vimbios para que isto sexa posible.

As ordenanzas que hoxe se presentan para a súa aprobación neste Pleno demostran ser unha aposta clara polo benestar social e pola mellora da calidade de vida dos colectivos máis desfavorecidos, de todos os vigueses e viguesas, de cara a que cada día haxa menos exclusión social e que a verdadeira inclusión social deixe de

ser unha teoría posta no papel e comece a ser unha realidade que perciba toda a cidadanía e sobre todo as persoas máis afectadas. Así, como ben dicía a concelleira de Facenda, van estar exentos de pagar taxas do lixo, de escolas infantís, de escolas deportivas do IMD, de Escola de Música, de certificados de empadramento, etc., as persoas que viven soas e gañan menos de 5.955 euros, os maiores de 65 anos que perciban un salario menor de 6.550 e os maiores de 65 anos que viven sós.

En canto ó servizo de atención a domicilio que tan necesario resulta para manter ós nosos maiores e persoas que o perciben e que manteñen a súa autonomía e seguen integrados no seu medio, pasa a ser gratuíto para a maioría das persoas que o perciben.

Coidamos que isto si é mellorar a calidade de vida, pero somos realistas, sabemos que isto non é suficiente pero grao a grao de area vaise facendo a praia e as ordenanzas próximas, así como os próximos orzamentos, terán cada día un carácter máis social para cumprir co noso compromiso de ter mellorado o benestar social e a calidade de vida de todos os vigueses e viguesas.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: A verdade é que un se queda case sen fala con tanta demostración de demagogia e coa diferenza de perspectiva que se ten dende aquí e dende alí, cando se goberna e cando se está na oposición.

Este tema que hoxe nos traen aquí ten bastante máis importancia que a ringleira de lugares comúns que vostedes nos deron ata agora. Vostedes poden pensar que hai temas máis mediáticos como estes dos que vostedes falan das axudas sociais, temas que igual lles dan máis rendibilidade como a tan traída e levada herdanza da facenda municipal. Poden pensar todo iso pero seguramente o de hoxe é dos días máis importantes para a estruturación dunha política económica seria nun concello porque hoxe falamos dunha das patas fundamentais sobre a que se basea toda a estrutura orzamentaria dun concello e é que hoxe falamos do grao de recursos do que imos dispoñer para poder prestar servizos e investir.

Hoxe estámolles dicindo ós cidadáns cal é realmente o esforzo que lles estamos pedindo para que paguen o custo desta estrutura municipal e da súa actividade e por iso, sinceramente, cando lles estaba escoitando dalgún xeito parecíame case unha falla de respecto ós cidadáns que vostedes pasen tan por riba neste tema e que só se dediquen a formulacións e lugares comúns.

Vostedes perden unha oportunidade de lle explicar á xente dunha vez, tamén de nós explicar a nós, que é o que queren facer coa facenda municipal. Perderon e están perdendo unha oportunidade de nos explicar a súa política de facenda para os vindeiros catro anos, non serve dicir que “xa seguiremos facendo”. Vostedes hoxe perden unha oportunidade de lle facer ver á xente que queren facer coas arcas municipais. Eu penso que é porque realmente vostedes non teñen un proxecto de política fiscal ou económica, ou o único que queren é vivir das rendas dunha facenda municipal que logo de tres anos e medio está moito máis fortalecida do que estaba antes; probablemente sexa iso, que queiran vivir desa renda ou non teñan ningún tipo de política, pero iso haillo que dicir e explicar ós cidadáns. Eu tremo que hoxe os vigueses nos imos quedar sen o saber.

Hai aproximadamente tres anos, nun Pleno similar a este, eu explicáballes no nome de todo o meu grupo, do Grupo municipal do Partido Popular daquela no goberno, que tiñamos un compromiso claro e explícito de tentar reducir a carga fiscal que soportan os vigueses, tentando polo menos manter ou en todo caso mellorar, os servizos que prestabamos e comprometíame no nome do Grupo municipal popular daquela no goberno, a mellorar a eficacia da facenda mellorando a nosa xestión de ingresos.

Lembrarán os que estaban aquí que eu falaba de tres cousas, tres palabras moi claras: eficacia na xestión dos recursos, eficiencia na xestión dos ingresos e mantemento e de seren posible redución da presión fiscal. Lembrarano porque o repetín varias veces. Esa era a liña política que se trazou o primeiro día, a primeira vez que eu tiver a oportunidade de presentar estas ordenanzas ó Pleno da Corporación. Gracias a esa política e a unha boa xestión hoxe analistas independentes, non políticos demagogos, poden certificar que a facenda municipal ten unha magnífica situación.

Pero para non me quedar no ar como vostedes, para non me quedar en presentacións comúns e en sitios comúns, para iso están os números na economía e estes son moi teimudos e aínda que vostedes se empeñen continuamente en enganar á cidadanía e en darlle volta ós números e dicir con eses números o que eles non queren dicir, hai unha serie de datos que eu quero mencionar hoxe porque son consecuencia daquela política.

En primeiro lugar, xa que estamos falando de ingresos dicir que o índice de xestión dos impostos, dos ingresos deste Concello superou ó remate do ano 2006 máis de

20 puntos o índice de xestión de ingresos do ano 2003 que vostedes cualificaban como excelente, acadándose unha cifra de 110,4% sobre o orzamento e iso sen ter en conta o que significa para a facenda municipal a nova aprobación do Plan Xeral Urbano.

Pero ademais como consecuencia desa política, desa mellora na xestión de ingresos, un índice que vai entender todo o mundo porque moitas veces sinto que os índices non se explican e por tanto non se entenden, pero este é moi fácil de entender: o superávit do orzamento pasou de 17 millóns e medio no ano 2003 a 43 millóns e medio no 2006. Non o digo eu que non tería ningún valor, está nos informes de liquidacións asinados polo interventor municipal e están ó dispor de todo o mundo. O que acabo de dicir significa un crecemento do superávit orzamentario do 145%.

Ademais, como consecuencia desa política, o 13 de abril do ano 2007, poucos días antes das eleccións, o tesoureiro municipal remitíume un informe que dicía: "Tesourería. Ó longo do Exercicio 2003 o saldo de existencia en contas operativas do Concello de Vigo foi de 18.067.000 euros". En idénticas premisas o devandito saldo medio elevouse durante o exercicio 2006 a 44.732.000 euros o que supuxo un incremento porcentual do 247% en tres exercicios. Di o tesoureiro: "Folga comentar que neste contexto non resultou preciso en todo este período concertar coas entidades financeiras operacións de tesourería co obxecto de financiar déficits transitorios de liquidez co conseguinte aforro de custos. Como consecuencia tamén desa política a primeira consecuencia fundamental é a non existencia de demora ningunha nos pagamentos a provedores como consecuencia de falla de liquidez, producíndose o pagamento en todos os casos nun prazo de 15 días dende que se expiden as ordes de pagamento contra a Tesourería. Esta situación pódese cualificar de óptima dende o punto de vista financeiro". Podería seguir co informe pero o vou abreviar.

Ademais destes datos que son absolutamente refutables e están nos informes, eu non invento, en toda esta lexislatura, como consecuencia dunha política que se definiu o primeiro día, é dicir, un día equivalente a hoxe, houbo moitas melloras na xestión dos ingresos da facenda municipal das que vostedes hoxe se están vangloriando. Non vou querer seren exhaustivo pero lles vou dar uns cantos exemplos.

Acaban de falar da xestión do imposto de bens inmobles; pois algo ten que ver cun proxecto de cartografía dixital que empezou no ano 2004 e rematou a finais do 2006. Iso quere dicir que nestes momentos este Concello ten bases de datos suficientes para unha xestión integral dos tributos e polo tanto pode prestar o servizo de xeito integral ós cidadáns. Iso supuxo (xa antes, non hoxe) unha mellora na xestión do imposto de bens inmobles, un menor número de erros e dende logo un crecemento na recadación.

Ademais Vigo é a única cidade con tres puntos de información catastral, isto quere dicir que todos os cidadáns da cidade de Vigo nestes momentos poden consultar gratuitamente e de xeito automático a situación das súas propiedades. Vigo, como consecuencia desa política de xestión, de eficacia e de eficiencia, é nestes momentos unha cidade pioneira en toda a utilización telemática, os sistemas informáticos para a xestión dos impostos; no 2004 pagábanse 140 recibos a través de internet, no ano 2006 pagábanse 1.600 recibos, hoxe serán máis.

Ademais de todo vostedes falan de axudar ás persoas máis desfavorecidas. Como consecuencia da política anterior todas as exencións aplicábanse de oficio, evitando todo a papelame para os cidadáns que viñeran a este Concello. Ademais, como consecuencia da política anterior, fíxose un esforzo especial na inspección e facíanse inspeccións selectivas; nos últimos anos inspeccionáronse máis de 600 empresas na cidade de Vigo no que se refire ó imposto de actividades económicas e subiuse este imposto en catro millóns e medio de euros.

Todos estes datos que son absolutamente concretos e todas estas melloras ademais se fixeron sen esquecer un dos principios fundamentais que nós tiñamos e que eu definín aquel día de hai tres anos e que era non subir, senón manter ou polo menos reducir a presión fiscal a todos os cidadáns e por iso o primeiro ano nós presentámonos a este Pleno cunha solicitude de redución da taxa de lixo e vostedes non nolo deixaron facer porque non tiñamos suficientes votos, pero se conxelou o recibo do lixo.

O segundo ano da lexislatura presentámonos a este Pleno pedindo a conxelación dun imposto que de verdade é importante para o peto dos cidadáns como é o IBI que se conxelou. Vostedes hoxe falan de conxelación, fixeron unha lista co servizo de garderías, de atención de día, do Verbum, exactamente igual co que estaba, non houbo ningún cambio porque xa estaban conxelados con anterioridade. Ademais de todo iso nós o que fixemos foi dar un pulo real ós beneficios e ás excepcións das

persoas desfavorecidas maiores de 65 anos e familias numerosas das que vostedes se esquecen. Fomos nós os que pasamos a exención, esa que vostede menciona de 8.600 euros, antes era moito menos, practicamente a metade. Fomos nós os que puxemos a exención por familia numerosa de 25.000 euros cando antes practicamente non existía. Vostedes o único que fan nestes momentos é presentar iso exactamente igual.

Por iso, como consecuencia desa política e deses datos dos que lles falo, hoxe axencias independentes, como ben sabe o interventor, como a axencia Fitch que estuda as situacións de cada unha das administracións, cualifica a situación da facenda da administración local como extraordinaria. Que nos presentan vostedes hoxe? En canto á política fiscal e económica ren de ren. Dende o punto de vista numérico quérennos facer pensar que baixaron os impostos porque utilizan a mesma serie de IPC que utilizamos todos durante os últimos anos, sinxelamente que coincidiu que o IPC no mes de abril é máis baixo e vostedes nos queren vender iso dun xeito numérico.

Alegrámonos de que vostedes sigan o camiño que nós trazamos, a mesma política que nós definimos aquí e non fagan o mesmo que o bi-goberno anterior que o primeiro que fixo ó chegaren ó goberno foi subir o imposto do IBI un 12% ou o lixo, nalgúns casos o dobre pero como media o 17%. Eu alégrome sinceramente de que vostedes veñan ó noso campo. Alegrámonos moi sinceramente de que vostedes tomaran o camiño de non subir a presión fiscal máis aló do IPC como faciamos nós e queiran mesmo mellorar en moi escasa medida, porque xa me gustaría que me valoraran economicamente o que están a falar, a situación das persoas con menos recursos. Benvidos, o que pasa é que este é o problema da demagogia, que un se atopa de cara no primeiro espello en que se ten que mirar.

Nós non imos facer hoxe un discurso diferente. Eu alégrome sinceramente de que vostedes volvan a este camiño pero teño que lembrar que isto é unha demostración da incoherencia política de cando se está aí e de cando se está aquí. Vostedes criticaban a política municipal de economía e de facenda pero hoxe presentan exactamente o mesmo. Dicían que a facenda municipal se ía ir practicamente á ruína porque había servizos que non se cubrían coas taxas e hoxe presentan exactamente o mesmo. Vostedes, señores do Bloque, con todo o cariño, que se pasaban horas falando da taxa do lixo, que o servizo non se podía cubrir e que

había que subir o imposto do lixo, hoxe presentan exactamente o mesmo, soben o IPC.

Sinceramente, alégrome de que vostedes veñan por bo camiño pero podían ter ido moito máis aló, teñen unha situación de maioría na facenda que nós non tiñamos e poderían ter sido máis ambiciosos, moito máis creativos e poderían aplicar con moita máis decisión eses principios dos que falan e non paran dos crer.

Eu tentei buscalo pero probablemente como bi-goberno vostedes non teñen programa de facenda e por iso non saben que propoñer e tiveron que copiar o que estabamos a facer, pero puideron ir ó noso programa no que había varias posibilidades, varias cousas que se lle podían presentar á cidadanía sendo moito máis creativos e positivos para dar un paso máis aló na política fiscal. Poderían ter presentado a exención dalgunhas taxas máis para as familias numerosas, a exención da taxa do lixo por exemplo durante os dous primeiros anos na compra dunha vivenda nova para os xoves xa que a vostedes lles preocupan tanto; poderían ter proposto por exemplo quitar a taxa de actividades económicas para os proxectos empresariais de interese municipal. Vostedes que enchen a boca co tema da ecoloxía poderían ter proposto, por exemplo, unha redución no imposto de matriculación de vehículos considerados ecolóxicos pola Unión Europea ou poderían ter ampliado a bonificación que nós establecemos dun 30% para o imposto das obras que se dedicaran á enerxía solar. Pero non fixeron nada diso, o único que fixeron foi exactamente o mesmo modificando en pequenas cantidades algunhas exencións que xa estaban presentadas.

Pero ademais se fose certo que vostedes quixeran mellorar ou non lles subir a presión fiscal ós cidadáns, poderíanlle aplicar a lei que nos dá pouca marxe ós concellos pero nos permite algo que nós iamos propoñer de seren goberno: dar unha bonificación do 5% ós cidadáns que fixeran o pagamento a través de banco, a domiciliación dos seus recibos de impostos ou mesmo combinar iso cun pagamento atrasado, por exemplo facer tres pagamentos nos impostos principais.

Iso sería utilizar a lexislación e ademais axudar á mellora da xestión da facenda municipal. Pero non fixeron nada diso, non fixeron ningunha proposta e, aínda que nos alegramos de que propoñan o mesmo que nós propoñiamos no proceso que hoxe se inicia de exposición pública, imos tentar enriquecer estas taxas para realmente dar un paso máis na facenda municipal.

Por último, supoño que será perdoable porque eu tamén o pasei mal a primeira vez que me puxen aquí con tres partidos enfronte daquela pero xa vexo que a miña colega a concelleira de Facenda non ten por agora o costume de ver os Plenos anteriores sobre os mesmos temas e se a ten e viunos, mira cara outro lado porque hoxe hai un silencio estrondoso na súa proposta, esquécense de dicir algo sobre o tema das tarifas da auga e se vira a acta do Pleno anterior similar a este, vería con que intensidade os grupos da bi-oposición daquela me esixían que fixeramos unhas taxas inmediatamente, ese mesmo ano, referentes ó cobramento da auga en función dos seus consumos e vería como eu lles dicía que efectivamente este era un tema moi importante e que para tomar unha decisión dese estilo non se podía actuar á lixeira, habíao que pensar ben e analizar moi polo miúdo a información que estaba dispoñible que daquela era moi escasa porque ese tema se presentara con pouca antelación.

Pero ese traballo se fixo e son consciente de que na concellería hai información, hai un estudo do Valedor do Cidadán a ese respecto. Agora vostedes poden traballar para nos presentar algo ós cidadáns do que vostedes reclamaban cando estaban na oposición. Ninguén lles vai pedir un milagre, sei que iso é moi complicado, que é moi difícil e que polo de agora probablemente non tiveron tempo, pero teñen un ano por diante e espero con sinceridade que dentro dun ano nos presenten algo do que reclamaban cando estaban na oposición, esquecéndose, por certo, de que ese contrato o asinaron vostedes que vai ata o 2005 e ten unha cláusula que garante o equilibrio económico da concesión. Moitas grazas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Se pensan que nós facemos o mesmo que fixeron eles, a verdade é que non saben o que fixeron.

É certo que incluíron certas cousas con respecto a certas bonificacións, exencións; é certo que un ano non actualizaron o IBI pero foi porque se actualizou o valor catastral e polo tanto, diante do perigo que se rebotase o cidadán de Vigo optaron por non incrementar a parte que lle corresponde ó Concello pero si a parte que ven da Deputación e polo tanto o único que fixeron foi tentar calmar as augas non vaia ser que se rebote a cidadanía porque xa que sobe o valor catastral por riba do previsto, non vaia ser que o subamos dúas veces.

Fóra disto, a única bonificación pensando nas familias que fixeron vostedes foi no ano 2007, tres anos logo de estar no goberno e foi a relativa ás familias numerosas.

Quere que lle conten cantas familias numerosas están acollidas? Polo lixo 45, polo IBI 20, por inspección sanitaria e desinfección 0, por escolas de primeira etapa de educación infantil e ensinos especiais, música e teatro 0, polo IMD o número foi insignificante, ata o 2007 cunha solicitude. Esas son as bonificacións de seu que fixeron tres anos logo de estar no goberno.

Pero vostedes fixeron outra cousa que por riba a min paréceme peor ou é que non souberon; ó mellor é que realmente non saben o que fixeron porque din unha cousa e a realidade, os datos son contundentes, é outra moi distinta. Vostedes estiveron pola porta de atrás de xeito subrepticio incrementando precisamente a carga fiscal dos cidadáns máis necesitados.

Con respecto á axuda no fogar nos anos que estiveron gobernando nin actualizaron os mínimos exentos, nin os tramos de renda que permitían os beneficios fiscais co que a xente, sinxelamente pola suba do IPC, atopábase con que de estar exento pasaba a non o estar e tiña que pagar ou ben saltaba de tramo e ía outra tarifa máis alta. Nas escolas infantís o mesmo, non actualizaron os tramos das bonificacións fiscais, pais e nais saltan de tramo e teñen que pagar máis.

Máis exemplos en licenzas de obras. A licenza de obras é un coeficiente sobre a base liquidable, na medida en que se incrementa o IPC incrementábase a base liquidable e polo tanto non fai falla incrementar o coeficiente. Pois vostedes todos estes anos incrementaron o coeficiente dun 0,87% en 2004 a un 0,95% no 2007, subírono o 9,20%. Esa foi a súa política fiscal, pola porta de adiante facemos melloras, xestións, mantemos a carga fiscal porque para os únicos que se acadou reducir foi para 50 familias de todos os habitantes de Vigo, e de xeito subrepticio, pola porta de atrás, ás agachadas e mentindo estaban subindo a carga fiscal precisamente das xentes máis necesitadas. Esa é a súa política: dicir unha cousa e facer outra.

Falou da situación actual, de que temos unha boa herdanza, de que a 31 de decembro había uns fondos líquidos. Por que non fala das débedas e máis débedas que nos deixaron? Falou de que somos os primeiros en pagar, que pagamos ós provedores, en canto dixo o tesoureiro? Quince días? Por que teño eu enriba da mesa facturas do ano 2004 sen pagar? Explíquenme a min como é posible que fixemos unha modificación orzamentaria en xullo de 2007 para pagar 9 millóns de débedas que deixaron e agora dende xullo ata aquí sigo atopando centos de milleiros de euros de débedas. Teño na miña mesa facturas e facturas de débedas e

máis, cada día aparecen máis débedas e non só deste ano senón de anteriores, facturas sen pagar e cada día levo novas sorpresas con respecto ás facturas. Hai unha morea de gastos que aparecen sen ningún tipo de fiscalización ou intervención. Con respecto a todo o gasto houbo un absoluto descontrol, o que se fixo foi gastar e gastar, gobernar por riba de todo e cos cartos dos cidadáns, gastáronse millóns de euros en publicidade e as facturas aínda están sen pagar. Eu quero saber onde foron todos estes cartos.

Vostede di que hai que lles dar información ós cidadáns e darémoslla, faremos un estudo moi serio e detallado do que se estivo facendo en todos estes anos. Os cidadáns teñen que saber que se fixo cos seus cartos, por que están todas esas facturas de débedas sen pagar. É certo que os cidadáns teñen que saber que é o que pasou no seu concello nos últimos anos.

Vostede di que poderíamos ter feito unha serie de melloras, de exencións e, por que non o fixeron vostedes xa que estiveron aquí ata hai tres meses? Que lles impediu durante os últimos tres meses achegar estas exencións? Pasa que non interesa iso pero si lle dicir á nova xente que faga novas medidas. Pois nós estamos proxectando novas medidas, si imos cun proxecto claro de actuar con diminucións das cargas fiscais para aqueles que máis o necesitan. Estamos pensando nas actuacións sociais da xente máis necesitada. Vostede di que fixeron iso das familias que viven soas na taxa do lixo? Quere que lle diga o que vostedes fixeron con esa taxa? Se antes unha persoa cun salario mínimo estaba exenta da taxa do lixo, podía ter unha renda de 7.988 euros, coa modificación que fixeron vostedes para poder estar exenta da taxa do lixo, unha persoa que vivía soa menor de 65 anos non podía ter máis de 4.266,67 euros, incrementaron o mínimo exento da taxa do lixo practicamente o dobre.

Iso foi o que fixeron vostedes nas ordenanzas fiscais e como di os datos son claros e contundentes, as bonificacións de familias numerosas 50% e pola porta de atrás non actualizaron mínimos exentos na axuda do fogar que afecta a 477 persoas que precisamente son as máis necesitadas desta cidade; o mesmo para a xente que precisa que as escolas infantís sexan gratuítas. Iso foi realmente o que nos atopamos.

Faloume da auga. Pois si, imos falar da auga xa que vostede sacou o tema. Eu teño aquí un escrito datado o 28 de xullo de 2005 no que vostede se compromete a

facer unha modificación da taxa da auga. Tivo ano e medio/dous anos, dende xullo de 2005 ate agora deulle tempo de pensar que facer coa taxa da auga.

Si é certo que recibín algo, foi unha proposta completamente inaceptable na que á xente por consumir menos se lle ía subir o recibo da auga. O que fixen con esa proposta foi mandala de volta para que me fixeran outra cunha condición clara: a ninguén da cidade de Vigo que estea consumindo o que consume actualmente e que entre cuns parámetros razoables de consumo axeitado se lle pode subir o recibo da auga. Xa recibín a contraproposta hai uns días. Di vostede que precisan tempo, pois eu levo unha semana coa nova proposta, o único que pido son dúas ou tres semanas máis e en pouco tempo saberán os veciños cal é a proposta para o recibo da taxa da auga. Polo tanto aquí os únicos que non fixeron os deberes coa taxa da auga foron vostedes.

Coido que pola miña banda abonda co que dixen.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Non imos repetir as cuestións técnicas que tan ben explicou a concelleira de Economía e Facenda pero, Sr. Guerra, nótaselles moito na súa cara de enfado que están vostedes moi doidos coa cidadanía de Vigo porque semella que por moito que gobernaron e tentaron explicarlle toda a súa política fiscal, a cidadanía non os entendeu e teñen que vir agora a explicárnolo no Pleno a nós porque, mire por onde, vostedes a estas alturas non gobernan e dáse a casualidade que os que estamos gobernando somos nós e vostedes están doidos porque precisamente, como lles dicía, non souberon explicarlle ese marabilloso saneamento da facenda municipal a toda a cidadanía de Vigo.

Están falando de demagogia e todo o mundo sabe que nuns orzamentos prorrogados, se os gastos se prorrogan os ingresos soben e polo tanto se sanea a facenda municipal. Tamén falan de demagogia; eu pregúntome se hai demagogia maior ca de, como fixo a súa voceira, Sra. Porro, asinar diante de notario en maio de 2003 que non se ía incrementar o orzamento do lixo e no seguinte ano tivo que traer ese imposto de lixo a este Concello e incrementouno.

Lembre, Sr. Guerra e señores do Partido Popular, que foron vostedes tamén os que nos meteron de novo e votaron afirmativamente neste Pleno o tan grande incremento que significou Sogama para a taxa do lixo e polo tanto para todos os vigueses e viguesas no ano 2004. Polo tanto non nos veñan dando ó resto da

Corporación nin ó Goberno deste Concello leccións de democracia nin de non facer demagogia.

Vostedes vanglórianse de que gracias á redución do IBI acadouse unha facenda saneada, pero vostedes recibiron do goberno bipartito 1999-2003 unha facenda perfectamente saneada e moitos proxectos en marcha como foi o tema que dicimos da redución do IBI que fixo que esta facenda se seguira saneando, que a recibiran saneada e que agora mesmo o está gracias a unha iniciativa neste caso do Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto non nos veñan dar leccións a este goberno.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Para tentar ser ordenado nesta desorde. Empezando polo tema do IBI que foi o primeiro que se comentou, sabe a cantas fincas afectaba aquela actualización? 7.000 fincas e por iso o que fixemos foi conxelar o tramo municipal do IBI a toda a cidade. Se ese argumento se pode xustificar que veña Deus e o vexa.

Efectivamente un goberno municipal non pode máis que non aplicar o tramo municipal do IBI porque hai unha parte do tramo deste imposto, para non enganar ós cidadáns, que non depende da política local, o único que podemos facer é non aplicar o noso tramo e así o fixemos. Iso supuxo aproximadamente 1.600.000 euros que se quedaron nos petos dos cidadáns e con esa medida, Sra. Méndez, o Bloque ten tanto que ver como eu con vostedes ideoloxicamente. Non ten absolutamente nada que ver, eu descúlpollo porque quizais vostede está noutras cousas pero é exactamente así.

Sobre o tema das familias numerosas vostede danos os números das familias. Eu obviamente dende maio do ano pasado non teño nada que ver coa xestión municipal. Vostede danos as cifras duns datos que son para o 2007, ou sexa, están baixo a súa xestión, é dicir, as familias numerosas que se acollen a estas exencións son vostedes os que as teñen que motivar. Ogallá fosen máis persoas as que se puideran beneficiar, ogallá tivésemos todos a vontade política de facer que máis persoas se puideran beneficiar.

Pero o que vostedes non dixo foi cantas persoas se van beneficiar das mínimas propostas que nos está presentando e iso si que é xestión de seu. O que vostede dixo e non é certo é que as exencións con anterioridade fosen superiores ás actuais; antes estaban fixadas en torno ó salario mínimo profesional e lembrarán unha discusión que tivemos a Sra. Graña e máis eu sobre ese tema, e agora pasaron a

8.600 euros para persoas maiores que viven soas, 6.400 ou 6.700 para persoas maiores e 4.700 para persoas menores de 65 anos, pero antes era o salario mínimo interprofesional.

Para seguir coa orde na desorde. A axuda no fogar estivo conxelada dende o primeiro día, todas as series de aplicacións de IPCs, esas axudas, a de garderías e a de centro de día quedaron conxeladas sempre absolutamente, xamais se aplicaron e polo tanto é falso facer calquera tipo de afirmación en contrario.

O tema das licenzas de obra é exactamente igual, pero non só a licenza de obras, senón tamén o imposto de plusvalías; é absolutamente falso que se incrementasen. É certo que como as obras crecen o IPC ó manter o mesmo tipo crece a recadación pero non hai ninguén no mundo que poida entender que iso significa unha subida do imposto porque este ten o mesmo coeficiente, pasa que as obras son máis caras.

Fálanme sobre todo das débedas, de cantas facturas atopou vostede. Pois poderíamos facer un intercambio porque eu teño unha lista de 11.800.000 euros de facturas que nos atopamos nós. Pero eu rétolle a vostede a que se quere falamos aquí da situación económica do Concello, non teño ningún inconveniente, pola contra vostede decide e dime cando e eu explícolle de onde saen as facturas. Por favor, teña a bondade de non confundir ós cidadáns co que é a utilización dun orzamento coa utilización dunhas partidas orzamentarias prorrogadas durante dous anos. Non confunda á xente coa situación da facenda municipal, non ten nada que ver xa que calquera pode entender que un orzamento prorrogado ten unha partida, por exemplo para Vitrasa, fixada no ano 2005 e que logo das aprobacións neste Pleno e das melloras dos servizos que se formularon esa partida non é suficiente. Calquera pode entender que iso dá un déficit pero iso non quere dicir que o Concello non poida pagar, non confundan á xente. De feito vostedes, logo de dicir que a facenda municipal non tiña nin un duro, sen avisar presentan unha modificación de crédito, outro día outra e farán todas as que fagan falla porque cartos hai de sobra. Eu non teño inconveniente senón todo o contrario.

Sra. Méndez, non estou doido, en absoluto o estamos. A min persoalmente amólame moito a incoherencia e eu ás persoas do Bloque téñoas por persoas de principios e por iso me estraña que hoxe presenten exactamente o mesmo. A nós non nos ten que falar dos resultados electorais, eu coido que vostedes se teñen que ver no seu espello porque son dous menos que antes e nós tres máis, de acordo

que non son suficientes pero algo fariamos ben para que máis de 16.000 persoas cambiaran o seu voto e viñeran con nós, falláronnos poucas pero a vostedes se lles escaparon moitas.

Sra. Méndez, téñoa que corrixir outra volta porque vostede di que “se os gastos non soben nun orzamento prorrogado os ingresos soben automaticamente”, iso é un arcano. Cando se prorroga un orzamento prorróganse os gastos pero xustamente os ingresos é exactamente o único que pode realmente xestionar un goberno en situación de minoría e cunha prórroga, entón o que se mide é a eficacia da xestión dos ingresos, só dos ingresos, non de nada máis e o que eu lles dixen é que a xestión dos ingresos superou en 20 puntos á mellor que vostedes presentaron no ano 2003 e acadou 110,4%, que lle imos facer. Iso é o que asina o interventor na liquidación orzamentaria.

Seguen empeñados en cadrar o círculo e dicindo algo que non é outra cousa que vostedes están seguindo, gracias a Deus, pero sen aportar nada máis, a mesma política fiscal que nós deixamos feita cando tivemos a oportunidade de gobernar. O demais, a verdade é que son historias.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Vou seguir a orde da intervención do Sr. Guerra.

Escusa o feito de que se incrementara o valor catastral, que a actualización afectara a 7.000 familias, non é escusa para explicar por que se para o IBI; sen embargo ó parecer son suficientes 50 familias para xustificar que mellorou o benestar social nesta cidade. Non entendo, hai unha certa contradición, está claro que non ten moito sentido.

Con respecto a que se as familias numerosas aumentaron/ diminuíron é responsabilidade nosa, non é certo, as ordenanzas fiscais aprobáronse o ano pasado polo tanto as deste ano son as que vostedes aprobaron, a xente está acollida ó que vostede aprobou.

A nosa proposta como xa dixen antes na miña intervención, a 1.500 familias que deixarán de pagar o recibo do lixo e son moitas máis das que están exentas nestes momentos.

Vostedes fixeron unha modificación por renda *per cápita* que fixo que a xente que estaba soa e tiña menos de 65 anos, para estar exenta do lixo non podía pasar de 4.266,67 euros. Iso para min e coido que para todo o mundo, é unha subida do mínimo exento.

Con respecto a que as axudas no fogar estaban sempre conxeladas, foi responsabilidade de seu mirar que estaba conxelado e que non o estaba. Eu en canto vin as táboas pregunteime que era iso porque os mínimos exentos deben actualizarse e os tramos de renda como mínimo se deben actualizar e non é escusa que isto se fixo sempre porque, se así fora, entón eu xa non digo nada.

En canto a licenza de obra claramente vostede mente; o que se refire especialmente a licenza de obra vostedes si que incrementaron o tipo e dixen antes que pasou dun 0,87% a un 0,95%. Acepto o reto de explicar o que aconteceu neste concello porque si é certo que o informe de Intervención dá unhas cifras a 31 de decembro e de 31 de decembro a xuño, que foi cando nós entramos aquí e recibimos as contas, atopamos a situación exactamente contraria. Polo tanto si que quero que se me explique de primeira man que pasou no Concello, por que existían tantas débedas sen pagar e por que consumiron vostedes 40 millóns de euros en remanentes.

En canto ó que dixo da prórroga e de Vitrasa, téñolle que dicir dúas cousas. Do feito de que exista un orzamento prorrogado no 2007, a única responsabilidade é de seu, do seu goberno e doulle dúas explicacións, unha política que é a que vostedes xa saben, que non atoparon con quen pactar, non souberon negociar e polo tanto no aspecto político é responsabilidade de seu, pero no aspecto técnico a responsabilidade tamén é de seu porque para que a 1 de xaneiro entre un orzamento sen ser prorrogado o do ano anterior o mínimo que hai que facer é presentar os orzamentos en outubro e vostedes presentáronos en marzo. Tecnicamente un orzamento presentado en Pleno en marzo non é executivo ata xuño e polo tanto vostedes sabían perfectamente que, aínda que se aprobara en marzo, ían operar cun orzamento prorrogado e esa é responsabilidade de seu por nin sequera presentar uns orzamentos en outubro. Polo tanto vostedes o que fixeron en marzo foi unha pantomima, un puro teatro porque xa sabían de antemán que eses orzamentos por moito que se aprobasen, por moito que atopasen alguén con quen pactar, non ían estar ata xuño, precisamente cando nós chegásemos.

No caso de Vitrasa é certo que non existe a posibilidade de aumentar a cantidade; non existe a posibilidade no orzamento prorrogado pero si en modificacións orzamentarias e vostedes fixeron cen e entre elas unha para incrementar os gastos de publicidade. Por que en troques de incrementar os gastos de publicidade non a fixeron para Vitrasa e pagarían Vitrasa que só se puido pagar ata o mes de abril?

Que fixemos unha modificación sen avisar? Pois vostedes no ano 2006 presentáronse a este Pleno doce asuntos polo trámite de urxencia e sabían perfectamente do procedemento, algúns deses trámites por urxencia presentáronse a mesma mañá e polo tanto sabían do procedemento e non tiñan escusa para facer o que fixeron.

Con respecto ós votos dicir que temos os votos suficientes para gobernar, serán menos que dos do ano pasado pero son os suficientes e por iso estamos deste lado e vostedes dese.

Con respecto a que os ingresos aumentan, si, hai moitas razóns, razóns económicas, porque mellora a economía, pero por que non di que tamén figura no informe da Intervención que aumenta a participación de fondos do Estado que non é unha xestión do Concello senón unha decisión do Ministerio? Por que non di que entraron no ano 2006 as cantidades do 2005 e do 2006 da subvención do transporte? Iso tamén aumenta os ingresos pero non é xestión deste Concello, precisamente é de Madrid.

Polo tanto non quero seguir por esta liña e si quero pasar ó que realmente nos interesa que son as ordenanzas fiscais. O que está claro é que as ordenanzas fiscais que nós presentamos son unha aposta clara polo aumento do benestar social precisamente nas clases máis desfavorecidas, diminúen a carga fiscal das xentes con menos capacidade económica desta cidade, o noso compromiso, que xa estamos facendo ós tres meses de entrar no goberno, é mellorar a calidade de vida dos cidadáns máis necesitados e polo tanto está claro que temos un compromiso de mellorar o benestar social das clases máis desfavorecidas.

A PRESIDENCIA: Están esgotadas as quendas. Sr. Guerra, vostede dun debate de exactamente 55 minutos falou case media hora, os outros dous grupos falan menos que o seu e polo tanto estamos sendo bastante xenerosos na aplicación do tempo e coido que xa é o momento de pasar á votación.

3.- (91).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL XERAL.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal xeral no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Intervención Xeral, con data 2 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

Con data 29 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal xeral:

TITULO I	DISPOSICIÓN XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO.
CAPITULO I	PRINCIPIOS XERAIS.
CAPITULO II.	NORMAS TRIBUTARIAS.
TITULO II	OS TRIBUTOS.
CAPÍTULO I	OBRIGAS TRIBUTARIAS.
CAPITULO II	OBRIGADOS TRIBUTARIOS.
CAPITULO III	ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGOS A CONTA.
CAPITULO IV	A DÉBEDA TRIBUTARIA.

ARTIGO 50.- INSOLVENCIA

1.- Son créditos incobrables aqueles que non se poden facer efectivos no procedemento de recadación por resultar falidos os obrigados ó pagamento, ou por se ter realizado con resultado negativo as actuacións previstas no presente artigo.

2.- Cando se declaren falidos os obrigados ó pagamento e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, en tanto non se rehabiliten no prazo de prescrición. A débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilitara no antedito prazo.

3.- Se o Recadador Executivo coñecera da solvencia sobrevida do debedor, proporá a rehabilitación do crédito ó tesoureiro. Unha vez aprobada, rexistrarase informaticamente.

4.- Declarado falido un debedor, os créditos contra o mesmo de vencemento posterior serán dados de baixa por referencia a dita declaración, se non existen outros obrigados ou responsables.

5.- Ós efectos de declaración de créditos incobrables, o recadador executivo municipal documentará debidamente os expedientes, en función da contía dos mesmos, formulando proposta que, coa conformidade do tesoureiro, someterase á aprobación polo Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.

6.- En base a criterios de economía e eficacia na xestión recadadora e coa finalidade de conxugar o respecto ó principio de legalidade procedemental co de eficacia administrativa, establécense deseguido os requisitos e condicións que haberán de se verificar con carácter previo á proposta de declaración de créditos incobrables, en función dos importes e características da débeda:

6.1. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa inferior a 150,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
- Inexistencia de crédito ningún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.
- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.

6.2. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 150,01 € e inferior a 600,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
- Inexistencia de crédito ningún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.
- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.
- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.
- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Vigo.

6.3. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 600,01 € e inferior a 3.000,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
- Inexistencia de crédito ningún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.
- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.
- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.
- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Vigo.
- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre actividades económicas e no do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

6.4. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 3.000,01 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
- Inexistencia de crédito ningún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ó inicio dun expediente de compensación de oficio.
- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en dez entidades financeiras.
- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións, no caso de persoas físicas.
- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Vigo.
- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre actividades económicas e no do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Deberase acreditar que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índices Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros rexistros públicos.
- Cando se trate de débedas que figuren a nome de persoas xurídicas, deberanse constatar no expediente as actuacións realizadas mediante a información facilitada polo Rexistro Mercantil.

7.- Cando, iniciado o período executivo, non se dispoña do Número de Identificación Fiscal do debedor ou ben dalgún outro dato que imperativamente deba conter a providencia de constrinximento, os expedientes serán automaticamente dados de baixa definitiva mediante a declaración dos correspondentes créditos como incobrables, dando conta da resolución adoptada ó servizo liquidador competente.

8.- Ós efectos de determinar a contía a que se refiren os apartados anteriores, computarase o importe de todas as débedas dun mesmo contribuínte por calquera concepto que se atopen pendentes de pagamento, con exclusión das recargas e os xuros do período executivo e sempre que se ditase con anterioridade a providencia de constrinximento. A estes efectos, non se terán en conta os importes correspondentes a multas por infraccións en materia de tráfico e seguridade viaria.

Non obstante, poderase pospoñer a proposta de declaración de crédito incobrable dentro do prazo de prescrición, nos casos nos que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación máis rigorosa do expediente segundo o que se establece no apartado anterior.

9.- Na tramitación de expedientes de créditos incobrables por multas de circulación, formularase a correspondente proposta en función do importe

acumulado da totalidade das multas de circulación pendentes de aboamento en período executivo, cando se cumpran os requisitos seguintes:

- a) Cando o importe da débeda sexa igual ou inferior a 100,00 € e fora infrutuoso o embargo de fondos situados en contas abertas en entidades de depósito.
- b) Cando o importe da débeda fora superior a 100,00 € e igual ou inferior a 600,00 € e foran infrutuosos os intentos de embargo de fondos e de soldos, salarios e pensións.
- c) Sendo o importe da débeda superior a 600,00 €, non tiveran resultado positivo, ademais das previstas nos apartados a) e b) anteriores, as actuacións de embargo de vehículos. No suposto de infractores reincidentes poderanse realizar actuacións complementarias das anteriores.
- d) Tratándose de infractores non residentes no municipio de Vigo ou residentes especialmente reincidentes, entendendo por estes os que teñan cinco ou máis multas pendentes de aboamento en período executivo, poderase ordenar o embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP ós que se ten adherido o Concello de Vigo.

10.- As normas contidas neste artigo polas que se fixan as condicións para a declaración de falido dos debedores constitúen procedementos tipo para a mellora da eficiencia recadadora do Concello de Vigo e poderán excepciónarse cando razóns de oportunidade así o aconsellen, non sendo en ningún caso invocable o seu cumprimento polos administrados, ós efectos de ser declarados insolventes.

TITULO III.	APLICACIÓN DOS TRIBUTOS.
CAPITULO I.	ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.
CAPITULO II	NORMAS SOBRE ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA.
CAPITULO III	PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.
CAPITULO IV	PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN.
CAPITULO V	PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN.

ARTIGO 75.- PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO

- Custos: Terán a consideración de custos do procedemento de constrinximento aqueles gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. Os custos serán por conta do debedor a quen lle serán esixidos.

Como custos do procedemento estarán comprendidos, entre outros, os seguintes:

- a) Os gastos orixinados polas notificacións que xeito imprescindible tiveran que se realizar no procedemento administrativo de constrinximento.
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.
- c) Os honorarios dos rexistradores e outros gastos que tiveran que se aboar polas actuacións nos rexistros públicos.
- d) Os gastos motivados polo depósito e administración dos bens embargados.
- e) Os demais gastos que esixa a propia execución.

TITULO IV.	A POTESTADE SANCIONADORA.		
CAPITULO I	PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA.		
CAPITULO II	DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.		
TITULO V	REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.		
CAPITULO I	MEDIOS E PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN.		
CAPITULO II	PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.		
CAPITULO III	RECURSOS ADMINISTRATIVOS.		

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2008, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

4.- (92).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Intervención Xeral, con data 2 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

Con data 29 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles:

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos -pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumplan a seguinte condición:

Contar con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude, inferiores a 5.120 euros.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

- 1.- A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.
- 2.- O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,742%.
- 3.- O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.
- 4.- O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,742%.

ARTIGO 10.- XESTIÓN.

7.- O Concello de Vigo acollerase o procedemento de comunicación previsto no Texto Refundido da Lei reguladora do Catastro Inmobiliario, significando para os suxeitos pasivos-titulares catastrais que quedarán eximidos da obriga de formular as declaracións a que se refire o apartado 6 anterior, consecuencia dos seguintes actos administrativos de competencia municipal:

- Licenzas de obra de construción e ampliación.
- Licenzas de modificación, rehabilitación ou reforma.
- Licenzas de demolición
- Licenzas de modificación de uso.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os suxeitos pasivos-titulares catastrais quedaran liberados das obrigas formais a que se refire o apartado 7 do artigo 10 da presente ordenanza no momento en que entre en vigor o correspondente convenio coa Dirección Xeral do Catastro.

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª.- A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará aplicarse o 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

5.- (93).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Intervención Xeral, con data 2 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

Con data 29 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica:

ARTIGO 6.- COTA

1.- O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A.	TURISMOS	COTA ANUAL
A.1.	de menos de 8 cabalos fiscais	20,05 €
A.2.	de 8 ata 11,99 cabalos fiscais	55,70 €
A.3.	de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	119,65 €
A.4.	de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,22 €
A.5.	de máis de 20 cabalos fiscais	224,00 €
B.	AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1.	de menos de 21 prazas	135,25 €
B.2.	de 21 a 50 prazas	196,40 €
B.3.	de máis de 50 prazas	245,55 €
C.	CAMIÓNS	COTA ANUAL
C.1.	de menos de 1000 kg. De carga útil	68,95 €
C.2.	de 1000 a 2999 kg. De carga útil	135,25 €
C.3.	de máis de 2999 a 9999 kg. Carga útil	196,40 €
C.4.	de máis de 9999 kg. De carga útil	245,55 €
D.	TRACTORES	COTA ANUAL
D.1.	de menos de 16 cabalos fiscais	26,15 €
D.2.	de 16 a 25 cabalos fiscais	41,90 €

D.3. de máis de 25 cabalos fiscais 125,45 €

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

	COTA ANUAL
E.1. máis de 750 kg a 1000 kg. Carga útil	28,65 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. De carga útil	45,10 €
E.3. máis de 2999 kg. De carga útil	137,85 €

F. OUTROS VEHÍCULOS	COTA ANUAL
F.1. Ciclomotores	6,05 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.	6,05 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.	12,05 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.	30,29 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.	60,58 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.	121,15 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2008 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido

6.- (94).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal xeral no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Intervención Xeral, con data 2 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

S. Ordinaria 24.09.07

Con data 29 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas:

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

Categoría fiscal	Coefficiente situación
1ª	2,79
2ª	2,61
3ª	2,45
4ª	2,25
5ª	2,10
6ª	1,91

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse ó 1 de xaneiro de 2008 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

S. Ordinaria 24.09.07

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

7.- (95).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO OU A DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, A INSTANCIA DE PARTE.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal xeral no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Intervención Xeral, con data 2 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

Con data 29 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que entenda a

administración do concello ou a dos seus organismos autónomos, a instancia de parte:

ARTIGO 5.- BASE E COTA TRIBUTARIA

Tomarase como base do gravame a natureza dos documentos que se tramitarán conforme coa seguinte tarifa:

1. Certificados relativos ó Padrón Municipal de Habitantes:
 - a. De ata 5 anos de antigüidade 1,95 €
 - b. Superior a cinco anos ata dez 4,10 €
 - c. De mais de dez anos 10,85 €
 - d. Relativo ó núm. de habitantes dunha sección ou distrito, clasificados polos diversos parámetros: idade, sexo, nivel de instrución, etc:
Por cada distrito ou sección e parámetro 1,95 €
 - e. Relativo ó total de habitantes do concello, referente a to das as seccións e distritos e clasificados por parámetros:
Por cada parámetro 36,60 €
- 2.- Certificados de documentos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:
 - a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina 8,95 €
 - b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de 1,25 €
- 3.- Restantes certificados:
 - a. De ata 3 anos de antigüidade, por unha páxina 1,95 €
 - b. Por cada páxina ou ano máis, un recargo de 1,25 €
- 4.- Copias de planos:
 - a. Copia de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, relativos a expedientes non terminados
 - DIN A-4 1,65 €
 - DIN A-1 3,30 €
 - Por cada m2 ou fracción de exceso sobre un DIN A-1, un recargo de 8,45 €
 - b. Copia de planos oficiais de planeamento non vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros, sempre e cando se refiran a expedientes terminados:
 - De ata tres anos de antigüidade aplicaráselle o dobre da tarifa sinalada no epígrafe 4.a).
 - Por cada ano máis de antigüidade incrementaráselle a tarifa deste epígrafe 4.b).
 - Por cada Plano 1,25 €
 - c. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos de particulares:
 - De ata tres anos de antigüidade, por un plano. 8,95 €

- Por cada ano ou plano máis, un recargo de 1,25 €

5.- Copias de expedientes ou documentos que obran nas dependencias do Concello.

a.	de ata 1 ano de antigüidade, por cada páxina	
	A4	0,25 €
	A3	0,30 €
b.-	de máis dun ano de antigüidade e ata 3, por cada páxina	
	A4	0,40 €
	A3	0,85 €
c.	de máis de 3 anos de antigüidade e ata 10, por cada páxina	
	A4	0,60 €
	A3	1,00 €
d.	de máis de 10 anos de antigüidade, por cada páxina	
	A4	0,80 €
	A3	1,80 €

Se o expediente o documento excedera de 100 páxinas, a partir desta cifra o importe será a metade dos sinalados nos apartados anteriores a, b, c, d, segundo corresponda.

No suposto en que os documentos relativos ós apartados 4 e 5 anteriores puideran ser facilitados en soporte magnético e así o demandaren os interesados, o importe do soporte facilitado calcularase segundo o número e tipo de páxinas que conteña, aplicando as tarifas dos apartado 4 e 5 anteriores.

6.-	Verificación de poderes:	
a.	Validación de poder, por cada un	8,95 €
b.	Dilixencia de recoñecemento de sinatura en endosos, por cada unha	3,85 €
c.	Simple recoñecemento de sinatura	2,30 €
7.	Fotocopias:	
a.	Fotocopias de documentos achegados polos interesados, por cada páxina A4.	0,15 €
	por cada páxina A3	0,30 €
b.	Compulsa de documentos	
-	Primeira páxina	1,25 €
-	Por cada unha das restantes	0,35 €
8.-	Xerocopias de ordenanzas e regulamentos:	
-	Por cada exemplar	3,90 €
9.-	Solicitud para tomar parte no procedemento de selección e promoción de persoal:	
a.	Por cada unha dos grupos A e B	31,10 €
b.	Por cada unha dos grupos C, D e E	17,40 €
10.-	Informacións urbanísticas	13,00 €
11.-	Cédulas urbanísticas	43,10 €

12.- Impresos de autoliquidación de tributos	s/custo
13.1. Expedición de informes sobre intervencions ou actuacións da Policía Local a petición do interesado.	8,95 €
13.2. Expedición de informes relativos a accidentes de circulación realizados pola Policía Local.	90,35 €
13.3. Expedición de informes de residencia/convivencia ou ambos.	3,15 €
13.4. Expedición de certificados de residencia/convivencia ou ambos.	8,95 €
13.5. Informes realizados polo Departamento de Tráfico.	8,95 €
14. Comunicacions sobre licenzas de actividades e instalacións: cambios de titularidade e actividade sinalados no artigo 2 da ordenanza de taxas de licenzas de actividades e instalacións	40,70 €
15.- Certificados relativos á recadación de tributos:	
a.- Por recibo tributario ata 3 anos de antigüidade	9,25 €
b. Por cada recibo e ano que sobrepase os 3 de antigüidade, un recargo de	1,25 €
16. Documento acreditativo de inscrición padrón municipal de habitantes	0,50 €
17. Carnés expedidos polo Departamento de Medio Ambiente e outros	3,30 €
24.- Estarán exentos de taxas pola expedición de certificados de empadramento referidos no epígrafe 1.a) do artigo 5 desta ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais <i>per capita</i> inferiores a 3.275 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 46.920 €.	

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará aplicarse o 1 de xaneiro de 2008. Permanecerá en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

8.- (96).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS Ó SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES E LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTOTAXIS E VEHÍCULOS ESPECIAIS OU DE ABOAMENTO).

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ó servizo de transporte en automóbiles lixeiros e de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de aboamento), no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Intervención Xeral, con data 2 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

Con data 29 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas relativas ó servizo de transporte urbano de viaxeiros en automóbiles e lixeiros de aluguer con condutor (autotaxis e vehículos especiais ou de abono:

ARTIGO 4.- COTAS
3. Revisión de vehículo

27,90 €

S. Ordinaria 24.09.07

4. Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame.	8,00 €
5. Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir.	15,95 €
6. Por expedición de duplicados de permisos, licenzas, tarifas, etc., por cada un	4,00 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2008 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

9.- (97).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ESPECIAIS POR ESPECTÁCULOS E TRANSPORTES.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos especiais por espectáculos e transportes no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Intervención Xeral, con data 2 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

Con data 29 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos especiais por espectáculos e transportes:

ARTIGO 5.- COTA

1.- Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe a), b) e d) do apartado 1 do artigo 1:

	€/hora ou fracción
Por cada persoa afecta ó servizo:	11,10 €
Por cada vehículo afecto ó servizo:	21,55 €

2.- Nas prestacións de servizos sinaladas no epígrafe c) do apartado 1 do artigo 1:

Por cada vehículo e ano ou fracción:	19,95 €
--------------------------------------	---------

DISPOSICIÓN FINAIS.

SEGUNDA.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará aplicarse o 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

10.- (98).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS DE CONSTRUCCIÓN, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, derrubas, salvamentos e outros análogos, no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Intervención Xeral, con data 2 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

Con data 29 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Guerra Fernández, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construcións, salvamentos e outros análogos.

ARTIGO 7.- TARIFAS

2.- Ós servizos realizados fóra do termo municipal, aplicarase unha tarifa de 0,60 €/km e vehículo máis a tarifa que corresponda das seguintes:

2.1 De duración inferior a media hora:	82,10 €
2.2 De duración superior a media hora e inferior a dúas:	205,55 €

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2008, permanecendo en vigor mentres non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

11.- (99).- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de xullo de 2007 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

A Intervención Xeral, con data 2 de agosto, non formula obxección ningunha á devandita proposta.

Con data 29 de agosto, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo acorda prestar a súa conformidade á proposta de modificación presentada.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 3 de setembro de 2007, presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro de 2006, ditamina favorablemente.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

5.9.	MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	77,9491
5.10.	MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	96,5204
5.11.	MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	120,0225
5.12.	MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	139,7383
5.13.	MI. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.	159,0079
5.14.	MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.	8,6306
5.15.	MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.	9,5664
5.16.	MI. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2", incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.	12,2369
6.-	VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECIMENTO.	
6.1.	Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm.	218,3857
6.2.	Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm.	244,2848
6.3.	Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo	270,9540
6.4.	Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm.	388,4643

6.5.	Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm.	412,0311
6.6.	Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm.	650,1183
6.7.	Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm.	682,1070
6.8.	Ud. Subministración e colocación válvula de <i>mariposa</i> para tubo de abastecemento de 250 mm.	1.125,7742
6.9.	Ud. Subministración e colocación válvula de <i>mariposa</i> para tubo de abastecemento de 300 mm.	1.360,2478
6.10.	Ud. Subministración e colocación válvula de <i>mariposa</i> para tubo de abastecemento de 350 mm.	1.817,5267
6.11.	Ud. Subministración e colocación válvula de <i>mariposa</i> para tubo de abastecemento de 400 mm.	2.314,5325
6.12.	Ud. Subministración e colocación válvula de <i>mariposa</i> para tubo de abastecemento de 450 mm.	4.898,8816
6.13.	Ud. Subministración e colocación válvula de <i>mariposa</i> para tubo de abastecemento de 500 mm.	5.263,9014
7.-	INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMENTO.	
7.1.	MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 30 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. De grosor, completamente instalado.	27,0364
7.2.	MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 40 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. De grosor, completamente instalado.	37,3802
7.3.	MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 50 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. De grosor, completamente instalado.	45,5717
7.4.	MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 60 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. De grosor, completamente instalado.	52,9643
7.5.	MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 80 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. De grosor,	

	completamente instalado.	76,6894
7.6.	MI. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 100 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. De grosor, completamente instalado.	92,9789
8.-	REXISTROS	
8.1.	Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm ² . De resistencia característica, de 20 cm. De grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm ² . De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.	897,1383
8.2.	Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm ² . De resistencia característica, de 20 cm. De grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm ² . De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.	931,6391
8.3.	Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm ² . De R.C., y de 20 cm. De grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada.	522,8688
8.4.	Ud. De adaptación ó pozo existente, incluíndo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado.	257,1191
9.-	TRABALLOS ESPECIAIS.	
9.1.	Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. De diámetro, sen incluír o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude.	66,3816
9.2.	Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude.	132,7561
10.-	PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACIÓN.	
10.1.	MAQUINARIA	

10.1.1.	Hora de compresor	11.1068 €
10.1.2.	Hora de camión MAN	35,3215 €
10.1.3.	Hora de camión PEGASO	28,2528 €
10.1.4.	Hora de camión EBRO	23,2069 €
10.1.5.	Hora de retroescavadora TY-45.	38,3447 €
10.1.6.	Hora de retroescavadora TY-45 con martelo	95,8654 €
10.1.7.	Hora de retroescavadora LY-80.	49,4515€
10.1.8.	Hora de carterpillar 955/950.	49,4515 €
10.1.9.	Hora de tractor grúa.	28,2528 €
10.1.10.	Hora rodete compactador.	39,3596 €
10.1.11.	Hora de bituminadora.	34,3065 €
10.1.12.	Hora de compactadora tipo ra, bandexa	7,3134 €
10.1.13.	Hora cortadora de pavimentos	21,9473 €
10.1.14.	Hora de vehículo lixeiro transporte.	14,6339 €
10.2.	MAN DE OBRA	
10.2.1.	Hora de xornal de PEÓN	9,4656 €
10.2.2.	Hora de xornal OFICIAL	9,9766 €

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

28.- (116).- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS PARA A MODERNIZACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 953/550.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 13 de setembro de 2007, o interventor técnico do Mercado do Progreso, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e máis da concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, emite o seguinte informe-proposta:

“FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O 13 de agosto de 2007 comunicouse ó Concello de Vigo resolución da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia pola que se concedía subvención de 239.492'50 €, correspondentes ó 70% do investimento previsto, para

S. Ordinaria 24.09.07

a realización de obras no Mercado do Progreso, debendo financiar o Concello de Vigo o 30% restante. Do financiamento precisa total municipal, estipulada en 102.639'64 €, 71.847'75 € corresponden á anualidade actual e 30.791'89 € ó ano 2008.

O importe da citada achega, de 71.847'75€ para 2007 (correspondente ó 30% do 70% do investimento total) debe verse minorado polo gasto xa efectivamente realizado de 11.948'00 €, aboados a "Phixius Soluciones en Telecomunicaciones SL" pola realización do proxecto de instalacións do Mercado do Progreso. Polo tanto o crédito extraordinario preciso para a creación da partida orzamentaria de financiamento do Mercado do Progreso é de 59.899'75 € para o exercicio 2007.

SEGUNDO.- Por resolución do Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal de data de hoxe, e para facer fronte ó gasto que para este exercicio supón a achega municipal, acordouse, a proposta do asinante: "...Ordenar ó asinante da presente proposta a tramitación de expediente de modificación orzamentaria por importe de 59.899'75 € para a súa inclusión no Pleno que terá lugar o 24 de setembro..."

TERCEIRO.- Por decreto do Alcalde-Presidente de data cinco de setembro de 2007 resolveuse:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de modificación orzamentaria (créditos extraordinarios) por importe de 59.899'75 € con cargo ós maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos nas partidas orzamentarias do orzamento de ingresos 32002 "Ingresos telefónica ocupación subsolo" por importe de 59.015'36 €, e 32204 "Outros aproveitamentos vía pública" polos restantes 884'39 €

SEGUNDO.- Dar conta deste acordo á Intervención

TERCEIRO.- Someter o expediente, previa proposta, a aprobación do Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar de acordo có previsto no artigo 168 do RDLex 2/2004 e 123.1.4 da Lei 7/1985."

CUARTO.- O artigo 177 do RDLex 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece no seu artigo 177 o seguinte:

1. Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente, y no exista en el presupuesto de la corporación crédito o sea insuficiente o no ampliable el consignado, el presidente de la corporación ordenará la incoación del expediente de concesión de crédito extraordinario, en el primer caso, o de suplemento de crédito, en el segundo.

2. El expediente, que habrá de ser previamente informado por la Intervención, se someterá a la aprobación del Pleno de la corporación, con sujeción a los mismos trámites y requisitos que los presupuestos. Serán asimismo, de aplicación, las normas sobre información, reclamación y publicidad de los presupuestos a que se refiere el artículo 169 de esta Ley.

3. Si la inexistencia o insuficiencia de crédito se produjera en el presupuesto de un organismo autónomo, el expediente de crédito extraordinario o de suplemento de crédito propuesto inicialmente por el órgano competente del organismo autónomo a que aquel corresponda, será remitido a la entidad local para su tramitación conforme a lo dispuesto en el apartado anterior.

4. El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone. Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos o mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio. En el expediente se acreditará que los ingresos previstos en el presupuesto vengan efectuándose con normalidad, salvo que aquellos tengan carácter finalista(...)."

A Base 8ª de ejecución do orzamento do Concello de Vigo establece, de conformidade có artigo 177 do RDLex 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que:

"1.- A aprobación dos expedientes de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito é competencia do Pleno do Concello, tralo informe da Intervención Xeral Municipal.

2.- Os expedientes serán incoados por orde da Alcaldía, deberá especificarse na memoria correspondente todos aqueles datos que xustificuen a necesidade e a urxencia da modificación orzamentaria, en especial conterán as razóns que fundamenten os seguintes extremos: carácter do gasto a realizar, imposibilidade da súa demora, motivo, acordo ou disposición que fai necesaria a modificación, incidencia da modificación no orzamento e a que poidan ter nos exercicios futuros. En todo caso os compromisos dos créditos deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario."

Incorporados ó expediente os informes de Dirección de Ingresos e de Intervención, no que se indica a partida orzamentaria que se crea para facer fronte ó gasto, propónse ó Pleno do Concello de Vigo, previo ditame da Comisión Informativa de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo..."

A seguir e polo anteriormente exposto o interventor técnico emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O 26 de abril do 2007 solicitouse á Xunta de Galicia, Consellería de Innovación, Industria e Comercio, unha subvención por unha contía de 239.492,5 euros para un investimento no mercado do Progreso. Correspóndese ó 70% dun orzamento total de 342.132,14 euros para subsanar certas deficiencias que segundo un informe de 2006 existen no mercado do Progreso.

Trátase de subsanar deficiencias estruturais, nas instalacións, melloras nas condicións hixiénicas e outras obras de mellora polo total citado de 342.132.14 euros.

Apróbase o 26 de abril de 2007, no mesmo día trasládase a solicitude á Consellería de Industria da Xunta de Galicia e con data 13 de agosto de 2007 recíbese no Concello a resolución pola que se concede unha subvención ó Concello de Vigo para adecuación e modernización de equipamentos comerciais e vertebración do comercio urbano.

De acordo con esta resolución concédese ó Concello de Vigo a subvención que se pediu de 239.000 euros, divididos en 177.000 para o ano 2007, 71.800 para o ano 2008 e polo tanto corresponde ó 70% do investimento do que se fai cargo a Xunta pero, tal e como figura na convocatoria, o Concello de Vigo ten que se comprometer ó 30% restante desta cantidade.

Por isto o Concello ten que comprometer para este ano 71.847 euros. Desta cantidade xa se fixo unha serie de investimentos por valor de 11.948 euros, polo tanto o compromiso do Concello é de 59.899,75 euros.

Neste intre non existe partida orzamentaria nin dotación para facer fronte a esta cantidade e por iso, tal como figura no expediente, propónse unha modificación orzamentaria para a creación dun crédito extraordinario por este valor que se financiaría con maiores ingresos recadados sobre os previstos nas partidas orzamentarias.

SR. FIGUEROA VILA: Nas últimas horas o Sr. Alcalde fixo unha afirmación con respecto ó mercado do Progreso que nos gustaría matizar. En primeiro lugar trátase dunha dura negociación que durou case ano e medio porque había un conflito entre dúas concesionarias que houbo da xestión do mercado do Progreso e o 10 de marzo do ano 2006 chegouse a un acordo para que o Concello xestionase este mercado. O 10 de abril do mesmo ano fíxose un secuestro desa concesión e a partir de aí o Concello fixo a xestión do mercado.

Houbo unha serie de acordos coas concesionarias por un conflito que viña dunha adxudicación feita no ano 93-94 e o 26 de abril, logo dun informe dos técnicos municipais debido á situación na que se atopaba este mercado, a través de unha orden da Xunta de Galicia fíxose unha solicitude que agora se concede. Loxicamente imos votar a favor desta modificación porque estamos totalmente de acordo xa que foi unha petición feita polo anterior goberno.

Pero o 14 de maio deste ano, antes das eleccións, fíxose un convenio de resolución de acordo mutuo entre as dos partes. Cunha cantidade de diñeiro percibido polas

cotas pendentes de anos anteriores da concesionaria chégase a un acordo e o 11 de xuño faise o pagamento en cumprimento deste acordo e a conflictividade do mercado do Progreso queda totalmente resolta.

Quero dicirlle que co anterior goberno había un acordo e parécenos ben que unha parte do goberno estea na nosa liña, que se faga un prego de condicións e que se volva quitar a concurso a xestión do mercado porque senón entraríamos nun agravio comparativo cos outros mercados que se xestionan a través dunha concesión e se seguísemos coa xestión que se leva agora a cabo, que foi puntual e transitoria mentres non se chegaba a un acordo, romperíanse os principios sobre os que se rexen os demais mercados de propiedade municipal.

O Grupo Popular vai solicitar que se redacte un prego de condicións para sacar novamente a concurso a xestión deste mercado.

A PRESIDENCIA: Gracias Sr. Figueroa. Neste intre o que se está a votar é o crédito extraordinario para a modernización do mercado do Progreso.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Como ben dicía o Sr. Alcalde o que estamos a votar é unha xestión que efectivamente se iniciou polo goberno anterior e rematada nas últimas xestións por este mesmo concelleiro que lles fala para que o Progreso poida ter esa remodelación tan precisa e necesaria.

Con respecto ó que vostede fala, pódolle dicir que hai a vontade deste goberno, a través da propia concellería de Comercio que é a que xestiona os mercados municipais e a concellería de Patrimonio e Contratación que é quen ten que iniciar todos os expedientes administrativos para estudar a posible convocatoria dese concurso para a xestión do mercado municipal.

Iso é o que imos facer e é o que se vai estudar habida conta que por fin este goberno rematou con todo o proceso iniciado da recuperación desa concesión. Non se vai romper ningún tipo de acordo cos anteriores comerciantes senón que o que está a facer este goberno é estudar o mellor trámite administrativo para a realización dese concurso.

SR. FIGUEROA VILA: Parécennos ben as declaracións do voceiro do BNG porque o Sr. Alcalde dixo todo o contrario. Se un di unha cousa e outro outra, ás veces xérase unha certa incerteza nos propios interesados xa que a nós chamáronnos do

mercado para saber cal era a situación. Hoxe parece claro que o Sr. tenente de alcalde desautoriza ó Sr. alcalde e parécenos correcto.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por alusións. Aquí non se desautoriza a ninguén. Díxenlle xa Sr. Figueroa que pode tentar crear as divisións que queira dentro deste goberno que non vai conseguir que este goberno non governe e non dure toda a lexislatura. Naquel momento o Sr. alcalde fai unha declaración en tanto que a concesión está rescatada xa, está en mans do Concello e loxicamente vanse estudar outras posibilidades que son as que eu lle comento agora. Como non me escoita logo seguirá dicindo que eu desautorizo. Non se desautoriza a ninguén, só contesto que este é o trámite que se vai iniciar.

(Están ausentes os Sres. Martiño Gómez e Rivas González)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria número 126/07, relativa ó gasto que se relaciona, por un importe de 59,899'75 euros, de conformidade có seguinte detalle:

	<u>Aplicación</u>	
121.6320000	Realización obras Mercado Progreso	59.899'75 €
	<u>Orixe</u>	
320.02	Maiores ingresos sobre os inicialmente previstos	59.015'36€
322.04	Ingresos telefónica ocupación subsolo	884'39€
	Outros aproveitamentos vía pública	884'39€
	TOTAL	59.899'75€

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero

29.- (117).- MOCIÓN DA XUNTA DE VOCEIROS REFERENTE Á ADHESIÓN Ó ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEMP E AETIC PARA O DESPREGUE DAS INFRAESTRUTURAS DE REDES DE RADIOCOMUNICACIÓN.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión do 19 de setembro, por unanimidade dos seus membros acordou formular perante o Pleno a seguinte moción:

“Nós, os representantes do municipio de Vigo, reunidos en Pleno, con motivo do acordo suscrito entre a “Federación Española de Municipios y Provincias” (FEMP) e a “Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnologías de la Información y Telecomunicaciones de España” (AETIC) para o despregue das infraestruturas de redes de radiocomunicación, o 14 de xuño de 2005, declaramos o noso desexo e compromiso de participar de maneira construtiva no desenvolvemento da sociedade da información, así como de favorecer ó desenvolvemento harmónico das infraestruturas da rede da radiocomunicación en xeral e de facilitar o acceso ó uso da telefonía móbil a toda a nosa poboación en particular, en termos de seguridade xurídica, medioambiental e sanitaria.

Recoñecemos a necesidade dunha colaboración estreita entre todas as institucións que teñen competencias relacionadas co despregue de redes de radiocomunicación, así como coas operadoras de telefonía móbil, para non poñer freo ó desenvolvemento dos nosos pobos e cidades, pero é a nosa obriga facelo en termos de seguridade. Por isto cremos necesario que exista un “Código de boas prácticas” suscrito por todas as partes interesadas e avalado polo Ministerio de Industria, Turismo e Consumo.

Acordamos a adhesión do Concello de Vigo ó acordo de colaboración suscrito entre a “Federación Española de Municipios y Provincias” (FEMP) e a “Asociación de Empresas de Electrónica, Tecnologías de la Información y Telecomunicaciones de España” (AETIC) para o despregue das infraestruturas de redes de radiocomunicación, asinado o 14 de xuño de 2005, e ó Código de boas prácticas para a instalación de infraestruturas de telefonía móbil, elaborado pola FEMP e AETIC e aprobado pola Comisión Executiva da FEMP o 13 de decembro de 2005, así como o noso compromiso de cumprimento.”

(Están ausentes as Sras. Abelairas Rodríguez e Molares Pérez e os Sres. Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

S. Ordinaria 24.09.07

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola Xunta de Voceiros en sesión do 19 de setembro co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

30.- (118). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A EXECUCIÓN DO CONTRATO APROBADO PARA INSTALACIÓN DE NOVO MOBILIARIO URBANO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de setembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"A finais do ano 2006 o goberno municipal do Partido Popular levaba á Mesa de Contratación a apertura das ofertas do concurso para a instalación, conservación e máis explotación publicitaria en solo público no termo municipal de Vigo de marquesiñas para paradas de autobuses, soportes de información e demais elementos urbanos de interese e uso público.

Finalmente, en maio de 2007, adxudicábase o contrato e a empresa realizaba, posteriormente, unha presentación pública do mobiliario urbano que, deseñado polo prestixioso arquitecto Norman Foster, se instalaría de contado na cidade.

A oferta que se fixo co contrato mellora substancialmente a situación actual do mobiliario urbano de Vigo que data dun contrato adxudicado en 1991. Así, das 100 marquesiñas actuais Vigo pasará a contar con 627, 1.500 postes de paradas de bus, 90 MUPIS, 10 columnas informativas, 14 paneis electrónicos e reloxos termómetro. Ademais de renovar e incrementar todo o mobiliario urbano actual, a concesionaria incorpora novidades tecnolóxicas de última xeración, como 11 puntos interactivos de información con acceso gratuíto a Internet e máis correo electrónico e 160 pantallas electrónicas de información do transporte integradas nas marquesiñas.

O novo contrato, acadado durante o goberno do PP, porá en marcha innovadoras medidas medioambientais e máis de desenvolvemento sostible, como alumeado ecoeficiente e fotovoltáico en marquesiñas, postes e soportes de información o que permite un importante aforro enerxético. A oferta inclúe a realización gratuíta do plano xeral da cidade para a súa situación nos MUPIS e colocación e retirada de 26 campañas institucionais ó ano neste soporte.

A adxudicataria ofertou tamén, a cesión de espazos para a realización de campañas anuais para a promoción internacional da cidade de Vigo nun circuíto de 500 MUPIS ó ano en soportes publicitarios de importantes cidades de toda Europa, onde "El mobiliario urbano SLU" xestiona o seu mobiliario urbano.

Respecto a outras melloras acadadas polo goberno anterior neste contrato figura a instalación de 8 aseos públicos automáticos de acceso universal e que dispoñen das últimas tecnoloxías en materia de seguridade e hixiene. Finalmente, a concesionaria tamén deberá instalar cinceiros, bancadas nas marquesiñas, contedores de recollida selectiva de pilas, papeleiras... entre outras melloras.

A pesar de que Vigo precisa dende hai tempo dispoñer dun novo mobiliario urbano que estea á altura da propia cidade e de que o goberno do Partido Popular fixo todo o traballo previo para acadalo, o goberno do Sr. Caballero, que dende hai tres meses ten a responsabilidade de rexer Vigo, aínda non fixo nada para que se inicie a instalación do novo mobiliario para o novo Vigo.

Pero non é so unha cuestión de optimización dos servizos públicos destinados aos vigueses, senón que, tamén, trátase de suplir importantes carencias. De feito, unha das máis reiteradas solicitudes dos veciños das parroquias e barrios de Vigo refírese a imperiosa necesidade de instalar máis e mellores marquesiñas nas paradas dos autobuses urbanos.

Tamén respecto dos intereses municipais procede urxir a posta en marcha dos termos do contrato, na medida en que o canon que percibirá o Concello será un 433% superior ao canon tipo, pasando dos 10.725 euros actuais ó ano a 155.232 euros. A diferenza do acontecido co contrato do 91 agora todo o material reverterá ao Concello no remate da concesión.

Así, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación de Vigo tome o acordo que segue:

Que o goberno municipal inicie de contado a execución do contrato para o novo mobiliario urbano de Vigo, cuxa tramitación se realizou integramente polo anterior goberno.

Que se reclame dos servizos municipais competentes o rigoroso control á concesionaria na instalación dos elementos urbanos, co fin de que se optimice o espazo dispoñible e se execute a totalidade da oferta, dando preferencia a aqueles barrios e parroquias que máis precisen de mobiliario e marquesiñas."

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 17 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: O Grupo Popular presenta esta moción sobre o mobiliario urbano porque o prego de condicións di claramente que a empresa terá un prazo de tres meses dende a adxudicación do contrato para instalar a totalidade das 120 marquesiñas de parada de autobús e ó mesmo tempo, no primeiro trimestre desa adxudicación, terá que instalar 100 marquesiñas máis e antes de finalizar o ano da adxudicación terá que instalar 50 máis e completar 25 por ano ata un máximo de 15 anos da concesión.

Resulta que o día 13 de setembro se cumprían os tres meses desa adxudicación e ata ese día na cidade non se instalara nin unha soa marquesiña. Xa sei que nas últimas 48 horas fixeron vostedes un despregamento técnico para que na praza de España se instalasen dúas marquesiñas para o que traballaron durante a fin de semana. Supoño que sería para dar resposta a inquietude que amosou o Grupo Popular con esta moción.

Parécenos ben que instalen esas dúas marquesiñas aínda que hoxe á mañá inda estaban os valados, pero o que non nos parece tan ben é que a día de hoxe terían que estar instaladas 227 marquesiñas o que quere dicir que non se cumpriu co acordo que marca o prego de condicións.

Como vostedes falan das herdanzas, isto é unha herdanza do goberno do Partido Popular e non podo calar logo da cantidade de sandeces que se dixeron con respecto a este concurso durante os últimos seis meses: que estaba amañado, que xa estaba dado a unha empresa, non defendía os intereses municipais, que había irregularidades, non nos preocupabamos do interese xeral da cidade, etc. e todos os medios o puideron recoller.

O Pleno é moi importante porque é a representación dos cidadáns pero para nós é moito máis importante que todos os veciños e veciñas de Vigo saiban como se fixeron algunhas cousas e iremos matizando unha a unha. Logo de ler onte certa entrevista onde se di que os aparcadoiros adxudicounos o goberno anterior pero que os deseños de humanización os fixo este goberno, xa non sei que queda porque cando hai un concurso público hai unha proposta que di claramente cal é o modelo de humanización. Que nos saibamos a día de hoxe esa empresa aínda ten un período para facer a presentación do seu proxecto e nós tiñamos perfectamente claro cal era o modelo que queríamos para humanización de todos eses aparcadoiros porque o recolle o prego. Non só iso, senón que tamén había unha proposta das propias empresas pero dese tema xa falaremos.

Tamén se fixo a revisión dese expediente e resulta que tivo que o desestimar o propio goberno actual o que quere dicir que se fixo ben. Todas aquelas cousas que se dicían e que os medios de comunicación e os cidadáns seguramente escoitaron, ó mellor hai a dúbida de que alguén podía estar defendendo a algunha empresa, pero iso é outra cuestión. Voulle dar datos porque é o que procede.

Contrato do ano 91: 100 marquesiñas, 90 mupis e 45 columnas. Contrato actual: 627 marquesiñas que é o dato máis importante. Outro tema fundamental é que nos

pagaban de canon 10.000 euros e pasan pagarnos anualmente 155.000 euros. Non só isto, senón que o material que agora está instalado na cidade levarao a empresa porque é da súa propiedade; todo o material neste novo contrato pasará reverter no Concello, no momento da reversión todas estas marquesiñas serán de propiedade municipal.

Podemos afirmar que naquel intre, cando fixemos o prego, fixémoslo moi duro para que as empresas fixesen boas ofertas e houbo tres magníficas ofertas que dun xeito excepcional resulta agora que o Concello de Vigo poida ter un contrato único en canto a temas de mobiliario e publicidade en relación con calquera cidade similar de España. Supoño que algún terá que se desdicir daquelas manifestacións cando se atopa que se fixo unha adxudicación que mellora de 100 marquesiñas a 627.

Tamén hai outra serie de melloras: 160 pantallas dixitais, 11 puntos interactivos, 1.500 postes de parada, 90 mupis, 10 columnas, 14 paneis electrónicos, 8 aseos públicos, reloxos termómetros, 14 paneis de información, cinceiros, papeleiras, etc. Tamén lles direi que hai varias campañas locais de publicidade anual pero tamén hai algunha internacional con 500 soportes publicitario en toda Europa.

Esas son as diferencias que hai abismais, este concurso multiplica case por seis a oferta que se tiña e a que se pon agora en marcha.

O que pedimos con esta moción é que xa se cumpriron os tres meses coas necesidades e demandas que ten a cidade, como xa se miraba no anterior mandato e por iso puxemos este concurso e fixemos ese prego de condicións tan duro para as empresas; cando se fai isto córrese o risco de ir ó límite pero tamén hai a vantaxe de que as empresas poidan competir a un alto nivel e as ofertas sexan magníficas como así foi a oferta deste concurso con todos os datos que lles din.

O que pedimos é que se poña en servizo canto antes este concurso porque xa tiña que estar rematado, a día de hoxe teríamos que ter instaladas na cidade 227 marquesiñas novas, cun modelo dun arquitecto prestixioso como é Norman Foster. Parécenos ben que nas últimas 48 horas fixeran un alarde técnico, mesmo traballando a fin de semana para instalar dúas marquesiñas pero aínda quedan 225 que o día 13 de setembro xa tiñan que estar instaladas.

Isto tamén é unha herdanza do Partido Popular.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Se me permite, Sr. Presidente, antes de entrar no fondo do asunto querría facer unha pequena reflexión respecto a un par de cousas que

comentou o Sr. Figueroa que ademais teñen moito que ver co debate que acabamos de ter.

O Sr. Figueroa está botándose moitas flores respecto da actividade do seu goberno e eu quereríalle dicir que o prego de condicións vostede acordouno con todas as forzas políticas presentes no Concello aínda que houbera moitas e serias diferencias ó final que eu querería que quedaran moi claras e así llo clarexarei durante o debate.

Eu querería facer unha pequena reflexión ó igual que coa política de facenda que acabamos de aprobar porque a que vostedes tiveron foi a que foi por neste carón da bancada había forzas que obviamente non lles permitirían aprobar unhas ordenanzas claramente regresivas como moi posiblemente podería ser a súa intención. Non adoito falar moito de política xeral pero coido que neste caso sería bo comentar como na súa primeira etapa de goberno o Sr. Aznar mesmo falaba catalán na intimidade, na política xeral, etc., e logo o auténtico goberno do Partido Popular, cando tiña maioría absoluta, fixo unha política absolutamente regresiva que moi posiblemente sería a que farían vostedes en moitas cousas.

Feita esta reflexión eu quereríalles contar os feitos tal e como foron porque vostede, Sr. Figueroa, defórmaos moi seriamente.

O prego de condicións para a licitación do mobiliario urbano rematou en maio-xuño de 2006, tiñan todo perfectamente en marcha en maio de 2006. Sabe cando resolveron o concurso? O 18 de maio de 2007, un ano despois; os que están a pedir que poñamos o mobiliario xa tardaron un ano en resolver ese prego de condicións.

Eu non quero facer historia, son vostedes os que permanentemente están no pasado. Os medios de comunicación poderán ser testemuñas de como foi ese concurso, dos amaños, de moitas e moitas cousas nas que eu non quero volver entrar.

Lémbrolle que o prego de condicións dicía claramente que as 127 marquesiñas, que non as 100 das que fala vostede na moción, poñeríanse nos tres meses logo de aprobada a concesión. Pero é que as outras 100 para chegar ás 227, vostedes tiñan unha data nese prego de condicións: poñeríanse no primeiro trimestre de 2007, é dicir, inmediatamente antes das eleccións.

Por que non fixeron a adxudicación para poderen presumir dese marabilloso mobiliario urbano na cidade xusto un mes antes das eleccións? Por que non adxudicaron e resolveron o tema antes das eleccións para poder presumir de algo

que era unha obsesión absolutamente electoralista. Obviamente porque houbo moito mar de fondo que vostedes coñecen moito mellor ca min e que ó final levou a que vostedes adxudicaran posiblemente a mellor oferta, cousa que dende logo estaba moi lonxe da intención de seu que saben perfectamente que tiñan.

Estannos a pedir présas agora xusto cando vostedes non fixeron o que deberían sinxelamente por razóns moi escuras que teñen moi pouco que ver coa transparencia que debe reinar neste concello.

Obviamente, en canto está adxudicada témola que poñer en práctica e só había unha decisión do goberno anterior ó respecto do mobiliario. Había varios modelos, inicialmente o goberno anterior semellaba que tiña a intención de non hipotecar ó goberno futuro elixindo os modelos agás nunha cousa fundamental e que é o mobiliario crucial: as marquesiñas.

Sei que non é responsabilidade do Sr. Coello, el non toma estas decisións, é unha decisión directa de dona Corina Porro, pero resulta que unha semana antes de tomar posesión este goberno, o 6 de xuño manda unha carta a Mobiliario Urbano JCDco dicindo que se elixiu a marquesiña modelo Foster, corpo JCD 7032 e teito JCD 7035. Saben o que hai detrás deste eufemismo de corpo JCD 7032 e teito JCD 7035? Pois que este corpo non é de aceiro inoxidable que é o que marca o prego de condicións.

O que hai detrás desta carta, decisión directa da Sra. Porro, é elixir un modelo determinado cuns materiais que van absolutamente en contra do propio prego de condicións porque o prego era algo que tiñamos acordado todos os grupos e poñía o acento fundamental no material e que ese material fora aceiro inoxidable. É a responsable de que unha semana antes de tomar posesión este goberno elixir este modelo. Modelo que eu, cando a directora xeral de Mobiliario Urbano se me dirixiu para felicitar-me polas eleccións, etc., aceptei porque me semellaba un modelo axeitado pero sen entrar no tema do material. No tema do material, que é absolutamente vital na concesión e se gañou a concesión foi entre outras cousas polo material, resulta que estaba no acordo e, saben cando me decatei? Á metade da semana pasada.

O único que estaban fabricando por decisión do goberno da señora Porro eran unhas marquesiñas claramente inferiores á calidade que aprobamos no prego de condicións, no tema do aceiro inoxidable, entre un 30 e un 50% menos de prezo da concesión. É moi grave, dende logo é obvio que fagan o teatro pero a Asesoría

Xurídica e Patrimonio e Contratación non dan crédito de que cunha carta dun señor concelleiro se tome unha decisión que vai en contra dos acordos e dos propios pregos de condicións.

Voulles tranquilizar porque en canto souben desta decisión a mediados da semana pasada, convoquei inmediatamente para hoxe á directora xeral de Mobiliario Urbano precisamente para desfacer dentro do posible o entorto que vostedes fixeron. Esta tarde tomaremos unha decisión que obviamente vai ser que no resto das marquesiñas, porque a autorización desa carta é para 127 marquesiñas, as 100 que teremos que facer, que tiñan que ter vostedes posto no primeiro trimestre de 2007 e as 50 que imos poñer ata finais de ano, esas van ser de aceiro inoxidable.

Dende logo que as 127 que xa teñen fabricadas, está claro que faremos un estudo independente do custo correspondente para que este Concello non perda absolutamente porque nós si estamos pola defensa a ultranza dos intereses municipais e polo tanto dos vigueses e viguesas. Non como vostedes en moitas outras concesións, igual que fixeron por exemplo no da XER, que asombrosamente hai 108 expendedores e resulta que son necesarios 40 máis, case un 40%; adxudican vostedes en contra dun acordo claro do prego de condicións que é que non haxa prazas da XER, da antiga ORA, a máis de 50 metros de calquera das prazas. Asombroso, isto é defender os intereses municipais pero non se preocupen que nós o faremos e con todos os modelos.

Xa saben como é agosto a efectos de fabricación. Precisamente para tomar as decisións correctas e non as tramposas que vostedes tomaron, eu esixinlle á empresa que queríamos ver non só as maquetas, senón os modelos reais de todos os demais elementos, tanto dos mupis, como dos postes, etc., e iso é o que imos acordar e elixir defendendo os intereses municipais hoxe pola tarde, sobre os modelos reais e obviamente tendo moi en conta tamén os materiais, cousa que vostedes non fixeron de ningún xeito.

Non se preocupen porque tomada esa decisión axilizarase toda a posta en marcha do mobiliario urbano a fondo e dende logo comezaremos a poñer as 127 primeiras marquesiñas que xa están fabricadas, aínda que nun material que non cumpre os requisitos do prego de condicións, porque o que non imos facer é tiralas. O que faremos será empezar a poñelas alí onde non hai marquesiñas para ademais cumprir algo que é absolutamente crucial para atender como dicimos non só o centro, senón os barrios e parroquias e por iso empezaremos por aí.

Empezamos por unha cousa moi clara, por un compromiso que vostedes non foron quen de cumprir nin resolver en tres anos e medio e esta decisión de ter as marquesiñas postas para hoxe, día de comezo de curso, non ten nada que ver coa súa moción; é unha disposición de hai máis dun mes precisamente para que cumpríramos o compromiso de poñer as marquesiñas onde saen as lanzadeiras da cidadá universitaria, algo que vostedes non foron quen de facer en tres anos e medio. Por iso están postas hoxe, porque comeza o curso e invitámoslos a que mañá as visiten ás 12 da mañá. Non inauguraremos porque iso non se inaugura, pero iremos visitalas e coñecelas aínda que non sexan en aceiro inoxidable.

Non se preocupen porque o resto do mobiliario urbano se vai elixir e a empresa vai ter o prazo xusto para ir poñéndoas en marcha neste Concello.

A verdade é que logo desta deformación clara dos feitos e destas decisións de modificar algo que ten que ver co prego de condicións, terá que o facer o órgano de contratación que é a Xunta de Goberno Local e non unha carta dun concelleiro, sen informe dun técnico nin ren de ren, aquí elíxese en contra dos intereses municipais algo que obviamente este goberno non fará xamais e imos defender por riba de todo eses intereses cunhas decisións que van amosar unha nova cidade cun novo mobiliario urbano malia o propio Partido Popular coas súas decisións.

SR. ALONSO PÉREZ: Xa levamos tres plenos ordinarios e é curioso pero se están mantendo en todos dúas fases no debate; por unha banda na orde do día o Partido Popular sempre nos conta as excelencias do goberno do seu mandato. Coido que sería bo rematar xa isto, estiven atento a todas as explicacións e se me permiten coido que ó mellor unha maneira do solventar é que editen as memorias dos tres anos do seu goberno e pasemos cara ó futuro.

Na primeira parte da orde do día cóntannos as excelencias do seu goberno e logo veñen as mocións e aquí amosan que cuestións que estaban na súa responsabilidade e tiñan que resolver, non foron quen do facer e veña mocións sobre cousas que tiñan a posibilidade de resolver e que non foron quen do facer. Isto é así pleno tras pleno.

Con respecto á primeira fase o meu consello é que editen as memorias e logo a ver se fan unha análise crítica das cousas que tiñan que ter resolto porque isto que estamos debatendo agora é unha demanda das parroquias e vostedes puideron resolvelo, tardaron máis dun ano en adxudicar. Entón a ver se, á parte das

excelencias, empezan a facer un pouco de autocrítica e comezan dicirlles ós cidadáns por que non resolveron cousas cando estaba na súa capacidade de goberno facelo.

SR. FIGUEROA VILA: Acábame de dar vostede a resposta: porque aí había dous grupos que estiveron boicoteando durante dous anos ó goberno anterior; esa é a única explicación. Resulta que o Sr. Calviño esquece agora todo o boicot que fixo a todos os concursos para os paralizar, o único obxectivo era paralizalos e agora amósase que todos os concursos eran para defender os intereses xerais da cidade como así se está demostrando.

El e máis algún técnico que o acompaña puxo algún mecanismo de revisión, de levantar alfombras e non foi quen de atopar absolutamente ren porque vostedes tiveron que ir á Xunta de Goberno e desestimar varios recursos. Por que os desestimaron? É unha pregunta que lles fago. Se vostedes miraron tantas incorreccións, tantas cuestións que non se correspondían cos pregos, por que non estimaron eses recursos na Xunta de Goberno e paralizaron os concursos? Esa é a pregunta que nos facemos algúns. O que pasa é que el tiña un pasado dun ano boicoteando absolutamente todo.

O PP dicía o 15 de xullo do ano 2006 que disolvía as comisións políticas porque os socialistas as estaban boicoteando, diciámolos un ano e medio antes porque o único obxectivo do Sr. Calviño era boicotear absolutamente todas as comisións e nesta en concreto fixo un alarde de non querer a reversión porque dicía el que había unha empresa adxudicataria que non se podía presentar e que nós tiñamos interese en non lle adxudicar a esta empresa; dicíao el, díxoo el en varias declaracións que non eu e resulta que logo a adxudicataria foi esa empresa porque foi a que mellor ofertou e el dicía que non podía vir a un concurso público a mellor empresa de Europa e do mundo porque lle incluíramos a reversión.

Non, pero así se amosaron claramente as súas vinculacións porque isto non ven de aquí, ven do ano 91. O prego inicial do ano 91 contemplaba a reversión e nun cambio, dun pleno a outro, anulouse a reversión dese prego e cando se foi facer o concurso houbo un acordo plenario posterior onde o Partido Socialista cambiou a reversión e, para defender os intereses xerais da cidade, nós dixemos que o que había que facer era meter a reversión porque así todo o material quedaría para nós. Maxinen vostedes que agora poidamos recolocar todas as marquesiñas da cidade

noutras zonas, ó mellor nalgúns contornos se poderían poñer de último deseño pero sería un bo proxecto redistribuír por toda a cidade estas marquesiñas que están en bo estado.

Sr. Calviño, se vostede se acaba de decatarse onte deste tema, se fose eu o alcalde cesáboo porque un concelleiro entrante que non supervisa un concurso tan importante coma este é porque non se preocupou en absoluto, nin tivo a delicadeza de se sentar coa empresa para saber o que estaba facendo.

Dende a oposición nós lles imos esixir que se poñan as marquesiñas que ofertou a empresa porque é o único que vale, non vale absolutamente nada máis, se por parte da empresa se utiliza a picaresca de “poder ou non” dicir que leva un modelo ou outro iso non vale. O que ofertou a empresa está na oferta e polo tanto ten que cumprir co aceiro inoxidable, pero non as 127 restantes, as que ten agora mesmo porque senón vostede vai ser o responsable desa situación.

A empresa non pode baixo ningún concepto cambiar a súa proposta. Houbo unha presentación e se presentaron un modelo X evidentemente que se pedirá o modelo X porque cumpre co prego de condicións e se non é así nós llo esiximos dende aquí, agora mesmo e van ter todo o apoio do grupo Popular para que se cumpra a entrega desas 127 marquesiñas e das outras que non se instale nin unha soa porque entón si que vostede será o cómplice desa situación.

Evidentemente unha empresa presentounos uns modelos e nós escollemos modelo evidentemente cumprindo o prego, porque quen coñece os modelos? Se a nós nos din modelo X, J ou non sei que, terá que ser ese modelo e se resulta que o material non é aceiro inoxidable e estannos a enganar iso é un fraude, unha estafa e non se pode permitir. O goberno non o pode permitir e supoño que nesa carta non poría: “que non sexa de aceiro inoxidable”.

É así, Sr. Calviño, senón vostede si que está sendo cómplice. A ver se ó mellor é que vostede está sendo cómplice desa situación con alguén detrás apoiando porque senón lle esiximos agora mesmo que non instale nin unha soa marquesiña desas na cidade e se quere vostede facemos un careo coa directora xeral para ver cales son as marquesiñas que nós eliximos coa empresa que vostede defendeu dende o primeiro día.

É así e aí están as hemerotecas. A empresa que vostede defendeu dende o primeiro día foi a adxudicataria deste concurso e pedímoslle que se esas marquesiñas non cumpren cos requisitos do prego que se ofertou, que se cumpran e que non poña

nin unha soa marquesiña. Pedímosllo e iremos con vostede onde faga falla para avalar esta situación porque supoño que se hai un contrato asinado cun tipo de marquesiña, haio que cumprir senón evidentemente alguén é cómplice desa situación. Nós dende logo non porque descoñecemos esta situación e se alguén nun momento determinado foi enganado cando se recomendou un modelo. Como comprenderá non pode haber mala intención, nin mala fe. Pola contra é unha cuestión de tentar axilizar os prazos, de confianza e de credibilidade que ten que haber.

Se alguén falou coa empresa tería que dicir que non se pida ese modelo porque non cumpre co prego de condicións, iso estivo exposto e como foi así, todos fomos testemuñas e os medios de comunicación tamén. Cando se expuxeron as marquesiñas para ver se eran as correctas elixíronse algunhas que tiñan que cumprir co prego de condicións. Isto está moi claro, non hai ningún tipo de dúbida e se alguén elixe un modelo, evidentemente ese será o modelo que haberá que pedir. Nós non somos técnicos para estar analizando toda a situación.

Xa lle vale a vostede que en tres meses non se decatara absolutamente de nada do que pasou nese concurso. Non revisou ese concurso? Non levantou as alfombras? Non lle interesaba? Dos demais si, dese non; é curioso. Vostede non levantou as alfombras dese, revisou todos os demais pero dese estaba perfectamente decatado, comungaba cos seus intereses dende o inicio. Vostede están demostrando nas súas declaracións cando dixo que non había que esixir a reversión porque non se presentaría nin unha soa empresa das importantes. Vostede dixo que esixir a reversión significaría que ó concurso se presentasen empresas que non fosen competitivas e que non fosen do mellor nivel.

Pois se fixo a reversión e presentáronse as mellores empresas e non só iso senón que esas empresas presentaron unha oferta moi competitiva. Quere que lles volva lembrar o que fixeron vostedes no ano 91? 10.000 euros ó ano, 127 marquesiñas. Agora que diferenza, a mesma empresa que estaba pagando ata o día de hoxe 10.000 euros e tiña 127 marquesiñas agora paga 155.000 euros e vai ter 627 marquesiñas a cidade. Pero non só isto, é que agora mesmo todo o material lévao a empresa pero cando remate a concesión o material, que é un valor importante que supera os 9 ou 10 millóns de euros, máis de 2.000 millóns das antigas pesetas, pasará a reversión para o Concello e así pasará igual noutros concursos dos que xa falaremos.

Con respecto ó XER, revisárono moi ben vostedes, o técnico que ten ó seu carón fixo unha revisión de punto e coma e non foi quen de facer nada senón, por que non estimou o recurso das empresas? Quere dicir que os técnicos anteriores non sabían o que facían? Que os técnicos anteriores non era da súa corda e non lle pasaban información durante a campaña? Que un técnico pasoulle información e utilizárona vostedes interesadamente? Cando queira vostede falamos tamén diso, dese técnico, de onde ten colocados algúns familiares seus e, a cambio de que? Falamos de toda a información que lle pasou, dun que imputaron, que sacaron da policía un expediente sobre uns locais para me imputar a min nun proceso que logo quedou anulado. Se quere tamén lle digo quen sacou eses expedientes do arquivo, que estaban baixo chave. Falamos de todo iso cando queira. Se coida que nos vai calar non é así porque fixemos as cousas correctamente e dicímoslle unha vez máis, señor alcalde, se vostede acepta esas 127 marquesiñas é cómplice. Se as marquesiñas non cumpren cos requisitos que marca o prego de condicións dicímoslle claramente que nós seremos os primeiros en ir ó xulgado porque iso é un engano á cidade e se alguén fixo iso enganando cun modelo que nin se sabe e vostedes aceptan unha soa marquesiña desas son cómplices. Dicímoslles claramente que iremos ó xulgado se vostede non cumpre co acordo da Xunta de Goberno, o prego de condicións e que está asinado porque entón si que nos sentimos estafados. Como comprenderá vostede non se pode poñer sinxelamente un modelo X; se nos din que ese modelo cumpre cos pregos está ben porque se non cumpre ninguén pode aceptar un modelo que non sexa ese. Os técnicos terán que dicir isto e pediranse responsabilidades a quen faga falla.

Pedímoslle, señor alcalde, que non instale nin unha soa desas marquesiñas porque nós seremos os primeiros que iremos ó xulgado se se produce a instalación dunha soa marquesiña que non sexa do modelo que marca o prego e que marca a oferta. Que quede así claro, non vaia ser que os cómplices sexan outros e non ós que lles están botando a culpa. Cun escrito un concelleiro actúa de boa fe porque lle din o modelo que é e as marquesiñas que hai que pedir, pero o modelo se ten que axustar e senón os técnicos teñen que dicir que ese modelo non cumpre.

Vostedes revisaron absolutamente todo e hai un concurso X onde o Sr. Calviño defendeu claramente á empresa que foi a adxudicataria, aquí están as súas declaracións e, resulta que dese concurso non se fai ningunha revisión? Logo de tres meses agora nos decatamos que as marquesiñas son unhas que non están no

prego? Pois a nós si que nos dá claramente que desconfiar esa situación e non a imos permitir, dicímoslles claramente que seremos os primeiros que denunciaremos. Xamais o facemos porque non é o noso estilo pero dende logo que vostedes non nos van calar; nin van manipular, nin confundir máis á opinión pública.

Anunciamos xa que se instalan unha soa marquesiña que non estea no prego seremos os primeiros que iremos cara os xulgados para que se faga un cumprimento exhaustivo e rigoroso do que presenta a oferta técnica.

A PRESIDENCIA: Só unha cuestión para clarear algo. Sr. Figueroa, os que enviaron a carta autorizando esas marquesiñas foron vostedes que non nós. Foi ese goberno quen enviou esa carta e polo tanto se hai responsabilidades asumiralas o goberno que enviou a carta e non o que está denunciando o feito.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Estou tan asombrado que non sei como non se lle cae a cara de vergoña ó Sr. Figueroa, mellor dito si o sei, é que non ten vergoña, así de claro e hai que retirar da política que é unha actividade moi digna ós que non teñen vergoña como vostede, e non lle poño unha proposición diante.

Este concelleiro non sabía nada de que elixiran o modelo onde vai o material encuberto; si aceptei telefonicamente á empresa o modelo de marquesiña Norman Foster porque está claro que o modelo nos gustaba pero onde está a trampa é en elixir o JCD teito e corpo, onde está o material que non é o aceiro inoxidable e non se decata ata mediada a semana porque ningún técnico de Mobilidade, ós que vostedes promocionaron no seu momento incluídos e fundamentalmente porque son os que teñen a responsabilidade, tiña idea de que non se elixía ese material.

Os técnicos que vostedes promocionaron para facer os informes que todos sabemos que fixeron, dinme que a decisión do goberno era que o modelo o elixira o goberno futuro e que esa decisión cambiouse os últimos días, a carta é de 6 de xuño, unha semana antes de que tomáramos posesión. Esa decisión tomouse e segundo me din claramente non foi polo concelleiro, senón pola señora Corina Porro aínda que a sinatura é o señor concelleiro.

Esa é a elección que fan vostedes non do modelo, o modelo é obvio, as liñas son as que marcabamos; pero o material imprescindible no prego de condicións é o que vostedes aceptaron pola porta de atrás. É dicir, os mesmos técnicos non tiñan nin

idea desta cuestión, como a ía ter este concelleiro. Atopámonos con isto cando ese material está feito e dinnos que é o que hai. En canto o souben subín polas paredes, como se poden maxinar, pero non se preocupen que este goberno vai defender os intereses municipais a tope e sen a menor dúbida.

En canto ó tema da reversión, é algo que me molesta profundamente. Saben para canto tempo está a concesión de mobiliario urbano? 20 anos. É crucial para unha cidade que a súa imaxe, un dos elementos que fan esa imaxe, é crucial manter o mesmo mobiliario urbano dentro de 20 anos porque entre outras cousas vai ter avances técnicos, vai ter postos de internet, etc., que van estar obsoletos. Ten algún sentido poñer o acento exclusivamente na reversión que, como vostedes tiñan moi claro, era un problema para algunha das empresas? Aínda que o resolveron con gran desgusto pola súa parte porque ó final non tiveron máis remedio que llo dar a esa empresa e vostedes saberán por que.

Pero é que esa reversión ten algún sentido? Agora mesmo temos un caso: os expendedores da ORA tiñan reversión, quedan para o Concello pero, para que valen? Para aguantar o período de transición que o teñen que aguantar exactamente igual mentres non se cambian e se poñen os novos tecnoloxicamente máis avanzados. Non vale para nada e estes grupos da oposición, en concreto este concelleiro, propoñíalles unha alternativa: non poñamos reversión, valoremos o que custa ese mobiliario ó final dos 20 anos e pidamos que o custo futuro dese mobiliario ó cabo dos 20 anos o pagara a empresa para o Concello podelo dedicar ó que sexa. A reversión era absurda pero para vostedes era crucial para facer precisamente o que querían facer.

Non quero falar máis porque cando non teño probas non me gustan os xulgados, pero elementos abondo, todos os habidos e por haber e gustaríame que en política dunha vez se puidera falar claro mesmo cando a proba non é absolutamente definitiva.

A reversión e unha parvada sobre todo cando tiñamos alternativas para esa reversión. Moléstame profundamente porque eu non son da súa ralea, que faga referencia a que tiña interese nunha determinada empresa; eu tiña interese na libre concorrência, dígoos así de claro, en que participaran o máximo de empresas, as mellores para que gañara a mellor. Esa era a miña preocupación dende o primeiro momento.

Con isto sinceramente coido que as cousas están abondo claras. Vostedes non só o fixeron mal, fixérono o peor posible pero non se preocupen que nós imos tentar defender os intereses municipais e imos tentar que este mobiliario sexa o mellor posible, dende logo que se poña en marcha nos prazos marcados nos pregos de condicións e, en canto elixamos os modelos, non pola porta de atrás, como fixeron vostedes unha semana antes das eleccións, e esa é a responsabilidade de seu e non a poden agochar xamais.

Eu non lle digo que non debatéramos sobre o prego, sobre este, sobre o dos aparcadoiros e sobre todos os habidos e por haber pero cando a vostedes lles petou decidiron non contar para nada coa oposición e neste caso concreto vostedes tiveron dende maio de 2006 para facer a adxudicación e non foron quen da facer ata maio de 2007. Ós técnicos lles deron días escasos para facer uns informes e tardaron vostedes un ano. A responsabilidade é clara, por favor, teña un pouco de vergoña e sobre todo lle pido ó resto do grupo do Partido Popular que non se contaxie de vostede porque Acebes nos sobran. Gracias.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gustaríame dicir en nome do BNG en primeiro lugar que cando hai sospeitas e afirmacións como as que aquí se dixeron, haias que poñer enriba da mesa xa. O que non podemos é por unha ou por cento vinteseite marquesiñas crear as dúbidas que estamos creando nesta Corporación. Non podemos facer isto porque unha vez máis os cidadáns o que queren é que esas marquesiñas se poñan, hai unha demanda moi clara dos barrios e parroquias.

É certo, Sr. Figueroa, que vostedes tardaron máis dun ano en adxudicar este concurso, nese concurso loxicamente tiveron o apoio da oposición para que fose un bo concurso. De verdade que dende o noso grupo o que afirmamos é en primeiro lugar que se hai sospeitas de calquera cousa que se poñan enriba da mesa pola liberdade, pola claridade e pola transparencia desta Corporación municipal. O BNG sempre vaille esixir a este goberno e tamén á oposición que se teña esa liberdade, transparencia e claridade, tanto nas cousas que imos facer a partir de agora como nas que se fixeron antes. Que non se cren dúbidas se non se poñen datos e afirmacións claros e reais enriba da mesa.

En segundo lugar, o que nos preocupa é que se todos estamos de acordo en que este é un problema importante e que ademais todos queremos a mellor oferta e o mellor compromiso, poñámonos a traballar en conxunto. Eu dende aquí digo:

gobierno coa oposición, analicemos ese prego e entre todos poñámonos a traballar en conxunto pero por favor non veñamos con certas ameazas, con descualificacións porque o que lles importa ós cidadáns é que esas marquesiñas, as mellores que poidamos poñer, se poñan.

Polo tanto eu o que pido é sinxelamente un exercicio de responsabilidade. Pola parte do goberno o imos ter e esperamos que así sexa tamén pola banda da oposición.

SR. FIGUEROA VILA: Eu entendo que o Sr. Calviño logo de todo o que dixo durante os últimos seis meses... Sr. Domínguez, aquí está a hemeroteca con todo o que dixo o Sr. Calviño, nós non estamos inventando absolutamente nada con respecto a este e a outros expedientes. O Sr. Calviño dixo que estes concursos estaban amañados, que non defendían o interese xeral da cidadanía, que as ofertas non ían ser competitivas porque habería empresas que non se poderían presentar, etc.

Non foi un ano, non se está dicindo a verdade porque as ofertas se abriron a primeiros de ano porque o Sr. Calviño e o Partido Socialista tiñan un obxectivo claro que era o de boicotear todos os concursos públicos, non un só: a ORA, XER, aparcadoiros..., absolutamente todos os concursos. Neste caso concreto o Sr. Calviño estaba orientando as súas opinións, dixo claramente nunha Xunta de Voceiros que de se incluír a reversión habería algunha empresa que non se podería presentar e que esas ofertas non serían as mellores posibles.

A reversión, que segundo el era igual que se puxera ou non, para nós era importante porque o mobiliario urbano que está a día de hoxe nas rúas da cidade, está en perfecto estado e serviría para a manter ou xa valoraríamos nós que facer con el. Ó final esas empresas presentáronse e ademais é curioso que a mellor oferta foi daquela empresa da que se dicía que non podería ofertar porque non se incluía a reversión. Isto significou que ó seren un prego bo, un prego para defender os intereses da cidade, presentáronse as mellores ofertas posibles.

Repito de novo que agora ó Sr. Calviño non lle interesaba revisar ese prego e por iso non mirou nin os papeis que había nel. Si mirou os outros e por iso agora estamos nunha situación que nós descoñecemos porque lle podo asegurar que o Sr. Coello actuou coa mellor fe posible nese tema, estou totalmente convencido. A nós presentáronnos tres modelos de marquesiñas que se expuxeron e dos que teñen

coñecemento os medios de comunicación. Díxose ademais que era unha marquesiña que estaba instalada en Milán, modelo Norman Foster.

Como comprenderá non podemos falar do modelo XJ non sei que porque se a nós nos falan do modelo JX non sei que, é normal que se pida, pero tamén é normal que a empresa diga que non é o modelo, ou que non cumpre o prego, ou que teñamos coidado co tema. Como comprenderá nós esiximos que se cumpra a oferta e senón alguén está sendo cómplice desa situación, pero non se pode dicir que 127 marquesiñas si e o resto non porque se vai cumprir co prego.

O Sr. Calviño apoiado por algúns técnicos fixo unha revisión de todos os concursos públicos. Non lle interesou facer a revisión a este? Sr. Calviño, sabe que decatámonos absolutamente de todo. Vostede puxo a traballar ós técnicos dende que chegou para revisar e tentar paralizar os concursos; vostede con algún dos seus colaboradores andou dicindo por aí que se ían estimar todos os recursos. Por que non foron capaces? As ofertas cumpren co prego de condicións? Esa é a única conclusión á que se chega. Eu queredría que me dixera por que non estimou os recursos se tiña tan claro que non cumprían co prego de condicións porque senón evidentemente vostede non está defendendo o interese xeral.

Resulta que neste concurso decatouse vostede tres meses despois de que había unha petición, nin se preocupou de chamar á directora xeral, nin á empresa, nin moitas máis cousas porque durante tres meses vostede non se preocupou absolutamente de nada, ese tema non lle interesaba, interesábanlle outros que logo tiveron que desestimar.

Nós estamos facendo un tipo de política obrigados por vostedes porque están calumniando e difamando ó que foi o noso goberno permanentemente. Dende que chegaron, o señor alcalde e algúns de vostedes, do único que se preocupan é do que fixo o Partido Popular e a señora Porro, nada máis e aí están os medios de comunicación. Son ataques permanentes a decisións do goberno anterior, día tras día e algúns deste lado non estamos dispostos a permitirilles a cantidade de calumnias e difamacións que están facendo sobre o goberno anterior.

Cando vostedes empecen a gobernar esta cidade e a poñer proxectos enriba da mesa, a buscar solucións ós problemas que hai como fixemos os demais, actuaremos doutro xeito totalmente distinto, pero mentres imos contestar absolutamente a todas as difamacións e calumnias que vostedes queren presentar sobre o que foi o noso goberno. Teremos esta actitude sempre que vostedes tenten

calumniarnos ou difamarnos. Teñan claro que non vai ser unha cuestión puntual porque non é de recibo o que vostedes están facendo. Coido que xamais na historia desta Corporación se fixo unha transición deste xeito. Primeiro non nos chamaron para que lles puxeramos enriba da mesa as cuestións pendentes. Coido que un relevo de poder sempre se fai polo menos cunha ética política axeitada e vostedes non o fixeron. Ó terceiro día de tomar posesión a única obsesión de seu era difamar ó goberno anterior. Entendémolo porque malia non estar gobernando e aínda que non foran suficientes tivemos 66.000 votos e evidentemente que isto lles ten que preocupar. Tenlles que preocupar que unha forza política teña 16.000 votos máis que en anteriores eleccións e as outras forzas que están gobernando unha perda 11.000 votos e a outra 100. É normal que lles preocupe e iso entra dentro da súa estratexia política pero nós non llo imos permitir.

Coidamos que fixemos as cousas o mellor posible, dentro duns criterios e marcando unha liña de actuación política. Se en troques de calumniar, difamar ó goberno anterior, tentar confundir á opinión pública e mentir permanentemente, porque o están facendo sobre as actuacións. Ou é que tampouco dixo vostede aquí publicamente que non estivera nunca en contra do multa-móbil? Como pode dicir iso se fixo un acoso permanente ó multa-móbil, vostede e o seu grupo, e agora din que é unha arma francamente boa para mellorar o tráfico desta cidade?

Dixo moitas máis cousas nas que nós non imos calar. Iremos tema a tema en máis cuestións que se presentarán e que nós non imos permitir. Coido que iso é defender a acción dun goberno.

Cando vostedes se preocupen de gobernar, de sacar os proxectos cara adiante, de poñer en marcha todo o que deban poñer, evidentemente nós entraremos noutra dinámica de estratexia política pero mentres, se queren enfrontamento vano ter. Farémolo o mellor que poidamos pero tampouco somos mudiños porque aquí hai un labor de moita xente durante tres anos e medio que non o imos tirar pola borda polo que digan vostedes. Sobre todo polo que diga vostede en concreto, Sr. Calviño, que foi un dos maiores boicoteadores de toda a xestión do goberno anterior. O que pasa é que agora mesmo non ten máis remedio que aceptar e tirar cara adiante con todos os concursos e decisións que se tomaron porque coido que foron aceptadas e correctas.

Vostedes chegan á desvergoña política de non invitar á oposición a ningún acto, nin inauguracións, mesmo de obras que fixemos nós. que imos pensar dun goberno

como o de seu que nunha obra tan insignificante e ó mesmo tempo tan importante como a do Pontillón nin teñen a delicadeza de chamar por teléfono para invitármonos. Esa obra fíxose no goberno anterior e non o queren recoñecer. Con Pedro Alvarado pasa exactamente igual, tampouco nos invitaron. Teñen a desvergoña de inaugurar un parque infantil que fixo a Deputación sen chamala. Iso si que é unha vergoña política que nunca pasou na historia desta cidade porque sempre se invitou absolutamente a toda a oposición, puido haber un erro algunha vez dunha e doutra banda, pero vostedes o fan con descaro, con premeditación e aleivosía, semella que din que os das bancadas de enfronte son parvos. Non, parvos si pero o xusto.

Polo tanto, que imos esperar dun goberno que o único que está facendo é unha revisión do pasado? Queren que esteamos calados e mudos? Non, nós imos seguir defendendo unha xestión que coido foi magnífica e así foi apoiada pola cidadanía. Debémonos a uns cidadáns que nos apoiaron e ímolo facer; falaremos de máis temas porque é vergoñoso o que vostedes din nalgúns medios como o de “deixaron só debuxos”. Como poden dicir iso se están aprobados en Xunta de Goberno proxectos; no tocante ós aparcadoiros din que nós fixemos a adxudicación e que vostedes agora están facendo o deseño das humanizacións. Está no prego de condicións. Ocorre que vostedes teñen que desvirtuar unha xestión pasada, calumniala, manchala, difamala e confundir á opinión pública. Pois non, ímonos defender.

Repito que coido que están a tempo de non instalar unha soa marquesiña se non cumpre co prego. Sería un fraude e unha estafa a esta cidade e coido que ninguén debe ser cómplice desa situación. Vostedes saben perfectamente que non se pode atribuír o que pasa a un erro de que se un modelo sexa X ou non porque iso é mediocre, é mesquiño facer unha afirmación desa magnitude e tamén dicir logo de tres meses que non se deron conta cando estiveron revisando todos os papeis. Levantaron todas as alfombras e debaixo está todo bastante limpo.

Como di o Sr. Domínguez Olveira, se vostede ten algo que dicir póñao enriba da mesa que facemos o debate cando queira. Eu xa lle dixen antes o que pensaba e díxenllo cando se produciron as decisións. Repítollo de novo agora: vostedes estiveron boicoteando, tentando manipular e falo do Partido Socialista porque foi claro e todos os medios de comunicación foron testemuñas da súa actitude e comportamento durante os últimos oito meses do goberno anterior, Non querían

nada, querían paralizar absolutamente todo e do auditorio xa falaremos tamén cando chegue ese tema, falaremos de moitas outras máis cuestións que hai pendentes.

Pedímoslle aquí que se vostede ten coñecemento diso non instale nin unha soa marquesiña porque de seren así iremos ós xulgados. Non lle caiba a menor dúbida de que nós os apoiaremos pero nos parecería unha decisión fraudulenta para a cidade de Vigo e non o imos permitir baixo ningún concepto.

Sr. Calviño, que vostede como concelleiro de Mobilidade e Seguridade en tres meses non se decatara de nada, dáme a risa.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. alcalde, unha breve cuestión de procedemento. Eu solicitaría que cumprísemos os acordos que adoptamos na última reunión da Xunta de Voceiros en canto á flexibilidade dos tempos, á necesidade investir o maior tempo posible por cada grupo na exposición das súas posturas pero non esta reiteración.

Quedáramos na Xunta de Voceiros que o peche do debate debía ser sinxelamente para fixar unha posición determinada, como no caso concreto do goberno fixo a señora concelleira de Facenda.

Sr. Figueroa, o seu é unha repetición en 5, 6 e 7 ocasións dos argumentos entón, por favor, pido o maior respecto ó debate e a extensión necesaria para todas as mocións pero coido que todos os grupos temos que ser conscientes de que non podemos estar repetindo reiteradamente os mesmos argumentos. Debatémolo en Xunta de Voceiros e creo que todos o debemos cumprir na medida do posible.

(Están ausentes os Sres. Guerra Fernández, Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do partido Popular, Sr. Figueroa Vila, instando a execución do contrato adxudicado para novo mobiliario urbano, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

31.- (119).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DE TRÁFICO NO CONTORNO DO PARQUE DE CASTRELOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 12 de setembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

“Despois das últimas informacións e declaracións do Alcalde publicadas nos primeiros días do mes de setembro sobre a apertura ó tráfico da ponte do Pontillón, nas que manifestaba a intención de abrir a ponte ó tráfico nun prazo de varias semanas, consideramos que é oportuno tomar unha serie de medidas que afectan ó mesmo así como ó seu contorno.

No seu día, a finais do ano 2006 e ante os informes técnicos que advertían do risco de derrubo, o goberno de Corina Porro tomou a medida urxente de acometer a obra, rematada estes días conforme ó proxecto de execución presentado polos técnicos no seu momento.

Precisamente, esta actuación sobre un vial de acceso a Castrelos, encadrado nunha zona que mudou nos últimos anos co cinto de circunvalación e varias obras viarias próximas a ponte, obrígannos a conseguir e facilitar un movemento fluído de vehículos.

Dende o noso grupo consideramos necesario aproveitar a posta en funcionamento deste vial, que sen dúbida facilitará o tráfico rodado tanto dos veciños e veciñas da parroquia como dos vehículos que pretendan acceder ó Parque de Castrelos “Quiñones de León”, para facer un estudo xeral de tráfico de todo o contorno de Castrelos.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a realizar no período máis curto de tempo un estudo de tráfico do contorno do Parque de Castrelos”.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 17 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, dígolle con absoluta serenidade que se vostede ten algo, o Xulgado de Garda está aberto as 24 horas do día, 30 días ó mes, 365 días ó ano. Se vostede ten algo contra min póñao nas mans do Xulgado de Garda.

Vou pasar agora á moción que me ocupa e non vou tratar doutras cousas que deberían estar xa moi claras.

Nas manifestacións que se deron a primeiros de mes por parte do señor alcalde en canto á apertura do tráfico e posta en marcha da ponte do Pontillón, que agora vemos con ledicia que xa está funcionando, vense claramente unha serie de cuestións que coido que deberían terse en conta e preverse antes.

En primeiro lugar, como saben vostedes a ponte do Pontillón está nunha zona estratéxica de Vigo sobre todo porque afecta a un lugar como é o parque de Castrelos e o Museo Quiñones de León e que evidentemente, unha vez que tivemos coñecemento dos informes técnicos dos funcionarios desta casa que manifestaban que dita ponte ofrecía serios problemas de estrutura e de mantemento, se licitaron as obras, se executaron e, como dixo o voceiro do goberno, inauguraron vostedes recentemente.

En principio coidamos que unha vez rematada esa ponte debería terse realizado un estudo previo e unha análise rigorosa de tráfico e mobilidade de toda a zona, e si que houbo tempo, Sr. Calviño, de non houber unhas cuestións que afectaron seriamente, dígollo con absoluta certeza, a moitos cidadáns como é a mobilidade desta cidade e está afectando por determinadas cousas nese departamento, Vostede sabe que coa entrada do primeiro cinto de circunvalación, tamén coa entrada da VG-20 e determinados viais que se foron achegando a esa zona loxicamente esta é unha zona conflictiva en materia de mobilidade, cunha parte xestionada en Castrelos hai tempo cunha soa dirección, por outra en dúas direccións e a avenida de Portanet absorbendo bastante tráfico aínda que Citroën teña nestes intres unha saída directa cara a VG-20.

Pois ben, coido que lamentablemente, dígoo con absoluto rigor, se deixou pasar o tempo para que no momento no que vostedes inauguraban a ponte do Pontillón houbera un estudo de tráfico e coido que iso sería en interese dos cidadáns.

A min o único que me move é mellorar a vida dos cidadáns de Vigo e probablemente de haber estado realizado xa ese estudo, os veciños e veciñas do contorno de Castrelos terían agora mellor calidade de vida e ademais preservaríamos dun xeito definitivo un parque emblemático hoxe en día como é o parque-museo Quiñones de León.

Polo tanto eu lle digo que hai que se poñer a traballar e iso significa aceptar responsabilidades e esa responsabilidade prioritaria sería que hoxe en día

tivésemos un estudo xa funcionando no contorno do parque e de toda a zona de Castrelos.

Ademais o día 30 de abril de 2007, don Amador Fernández do Bloque Nacionalista Galego, presentou unha moción nese sentido, co que se vostede se informara convenientemente vería que foi aprobada por unanimidade e tería dado as ordes axeitadas, precisas e pertinentes ós enxeñeiros e probablemente na súa visita estarían xa feitos os cambios que hai que realizar nese contorno.

Coido que iso é xestionar a cidade, iso é capacidade de goberno, iso é mirar, como dixo o Sr. Olveira e agradezo a súa intervención e felicítolle, é progresar por Vigo, cidade á que todos nos debemos. Eu vin aquí para traballar, agora estou na oposición e téño moi claro pero creo profundamente nas conviccións democráticas, coido que nos debemos ós cidadáns e estes depositan nun momento un voto determinado. Vostedes teñen agora un máis pero non esquezan xamais que detrás de nós hai unha forza importante de cidadáns que apoian tamén un labor aínda que sexa na oposición.

Entón, Sr. Calviño, por favor, faga ese estudo o máis axiña posible para que nós o vexamos e os cidadáns de Vigo o poidan gozar.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Respecto ó multa-móbil, tema do que estou absolutamente aburrido, deixarlle ó Sr. Figueroa o mesmo consello que dixo respecto a ler as actas de Plenos anteriores, que lea todas as actas dos Plenos nos que debatemos sobre o multa-móbil e virá que eu non dixen xamais o que vostede dixo. Era un problema de legalidade, resolto este problema vostede sabe perfectamente que eu son fervente partidario da disciplina nos temas de tráfico e sempre aplaudín as medidas de disciplina.

Unha segunda pequena cousa máis; non revisamos o tema do mobiliario urbano porque neste contrato en concreto non houbo ningún recurso, estivemos obrigados a revisar os que si tiñan recursos como o da ORA no que practicamente recorreron todas as empresas.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Calviño, volve reincidir.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, hai un rato o propoñente desta moción falou da anterior e non lle dixen nada e deixei no falar. O Sr. Calviño acaba de facer unha

breve mención exactamente igual que fixo o Sr. Coello e coido que cómpre pasar a continuar o debate porque cando o Sr. Coello falou respecteille a palabra, faga o mesmo co Sr. Calviño, Sr. Figueroa.

Por certo, nas mocións nas que vostede falou fíxoo das mocións, do que era e do que non era o tema e respectámolo mesmo durante media hora, polo tanto sexa vostede respectuoso tamén cos que teñen o dereito de usar a palabra.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Respecto ó tema que estamos a tratar mágoa que o Sr. Coello non tentara que quedara resolta esa situación pero moi posiblemente sabería que temos decisións moi importantes en temas de mobilidade que obviamente farían ridículo calquera cambio que nestes intres tentáramos facer no contorno do parque de Castrelos. Sábeo perfectamente.

Estudos pódense facer os que se queiran pero lles podo asegurar que hoxe os veciños están mellor servidos, teñen unha ponte en boas condicións, unha solución de tráfico para o inmediato acertada e vostede sabe que cando están pendentes de tomar decisións tan importantes como facer direccións únicas en Castrelos, Florida, carrís bus nesas avenidas e que iso vai influír seriamente nesa zona, sería ridículo que tentáramos facer un estudo pequeniño no contorno de Castrelos cando en realidade o que hai que facer é algo moito máis fondo, máis profundo que entre outras cousas tamén mellore algunhas das falcatruadas que vostedes tamén nos deixaron como é a accesibilidade ó centro comercial de Finca do Conde.

Imos votar a favor a súa moción porque un estudo nunca paga nada, ogallá puidésemos atopar algo mellor a curto prazo, pero eu coido que o estudo serio e profundo será cando convertamos Castrelos e Florida en direccións únicas con carrís bus, etc., e vostede sábeo perfectamente.

SRA. MAURE NOIA: Parécenos ben a proposta do grupo do Partido Popular pero tamén nos parece pouco ambiciosa. Dende a Concellería de Patrimonio Histórico estase a redactar un plan especial de protección do parque de Castrelos no que, ademais de facer un estudo do tráfico nos arredores e no interior do parque coordinadamente coa Concellería de Tráfico, estamos estudando os usos, as necesidades, os servizos precisos, as edificacións, a protección do patrimonio cultural e natural de todo o parque e a súa relación co contorno e coa cidade. Por iso apoiaremos a moción pero seméllanos pouco ambiciosa.

SR. COELLO BUFILL: Sinxelamente dicirille á señora Maure que xa está contemplado na moción que di: “O noso grupo coidamos necesario aproveitar a posta en funcionamento deste vial que sen dúbida facilitará o tráfico rodado tanto dos veciños e veciñas da parroquia como dos vehículos que pretendan acceder ó parque de Castrelos-Quiñones de León para facer unha proposta xeral de tráfico de todo o contorno de Castrelos”.

Sr. Calviño, se o grupo co que vostedes gobernan pretende facer unha moción moito máis ambiciosa, que estou de acordo, pois lle lembro que o día 30 de abril xa había instrucións no departamento para axilizar ese tema e votamos, vostede tamén estaba aquí e tamén votou, por unanimidade de todos os que sentan nesa primeira fileira e se é consecuente coas súas actuacións non tería que comentar nese sentido a moción porque di concretamente o que presentou don Amador Fernández: “O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a ordenar o estudo de mellora de tráfico no contorno do Parque de Castrelos e a posibilidade de autorizar zonas de aparcadoiros de carga e descarga no treito final da avenida de Castrelos”. Soamente teño que engadir iso.

(Están ausentes os Sres. Guerra Fernández, Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Coello Bufill, instando a realización dun estudo de tráfico no contorno do Parque de Castrelos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

32.- (120).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO SE AXILICEN OS TRÁMITES PARA A APERTURA DA PISCINA CUBERTA DE VALLADARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de setembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

S. Ordinaria 24.09.07

“Non hai nada máis importante que a saúde e cremos que a práctica deportiva habitual, especialmente en nenos e maiores, contribúe notablemente na mellora da súa saúde.

Queremos que as persoas maiores, a mocidade, os nenos e nenas, as persoas con discapacidade e toda a sociedade poidan desenvolver plenamente actividades deportivas e saudables que contribúan a mellorar as condicións da nosa sociedade, por iso avogamos por políticas integrais que incrementen a calidade de vida e a atención ás persoas.

O lecer, o deporte, son dous aspectos fundamentais para o desenvolvemento da persoa e, concretamente, da xuventude. Por iso, o Partido Popular apostou pola práctica do deporte e pola asunción de valores que o mesmo leva, como o espírito de equipo, o fomento da vida saudable e a superación mediante o esforzo persoal.

No vindeiro mes comeza o curso deportivo e póñense en funcionamento as escolas municipais, entre elas as deportivas, en concreto, do deporte da natación.

A piscina de Valladares iniciou a súa construción na anterior lexislatura, atendendo ás peticións de demanda de novas instalacións e mellora de infraestruturas deportivas das parroquias, en concreto coa construción de 3 novas piscinas cun investimento aproximado de 15 millóns de euros.

Por todo o exposto, instamos á Corporación do Goberno Municipal do Concello de Vigo a que, con motivo do novo curso das escolas deportivas para rapaces e rapazas, especialmente de natación, se poñan en marcha e se axilicen os trámites necesarios para apertura da piscina cuberta de Valladares, iniciada polo anterior Goberno do Partido Popular para que contribúa a unha vida san e deportiva dos cidadáns vigueses.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 17 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Tentarei cinguirme á cuestión da moción e sobre todo seren breve porque aínda faltan seis mocións.

A saúde é un dos elementos que realmente importan máis ós cidadáns e cidadás e polo tanto tamén nos debe importar a todos os gobernos, a todas as administracións e sobre todo á máis próxima ós cidadáns como é a administración municipal. Por iso, para ter unha boa saúde é necesario ter bos costume de saúde a través da alimentación e sobre todo a través da práctica deportiva.

Pódese dicir que a natación é unha das prácticas deportivas que pode beneficiar máis á saúde tanto de nenos, de maiores, de persoas con discapacidade. Polo tanto coidamos, e así o coidamos tamén no goberno anterior, que era necesario

incrementar o número de infraestruturas deportivas que facilitaran esa práctica e ademais facelo nos distintos barrios da cidade. Así das tres instalacións, das tres localizacións que había, se pasou no mandato anterior a ter tres novas localizacións, Barreiro, Coia, que están adxudicadas cun contrato de xestión aprobado neste Pleno; o tamén en Valladares, outra zona do rural onde tamén era necesaria.

Esta piscina quedou en execución cunha finalización para o mes de xullo e o que demandamos concretamente nesta moción é que se abra sobre, todo tendo en conta que as escolas deportivas municipais comezan a funcionar as próximas semanas. Polo tanto coidamos que, xa que se abordou unha importante infraestructura para a cidade como é unha piscina cuberta en Valladares, que por parte do goberno municipal se fagan os trámites necesarios para que esa piscina poida estar aberta co resto das piscinas cara ás escolas municipais deportivas e sobre todo para lles aportar a todos os cidadáns e cidadás, en concreto ós desa zona, unha mellor vida e de máis calidade.

SR. ALONSO PÉREZ: Encántame que nos insten agora a axilizar trámites que non fixeron no seu día; é máis, supoño que a Sra. Porro, que non está, levaría unha sorpresa con esta moción porque eu en campaña electoral escoiteille dicir que o goberno do Partido Popular realizara tres piscinas novas e agora resulta que hai dúas que sinxelamente adxudicaron e esta terceira que nin sequera remataron. É bo polo tanto que a asinante, Sra. Molares, lle explique á súa compañeira de partido que non fixeron tres piscinas, que adxudicaron dúas e a terceira non a remataron. Vostede xa sabe iso, pasa que teñen moito interese en insistírmonos Pleno tras Pleno que cousas que non fixeron que as faga agora o novo goberno.

Primeiro quérolle dicir que tranquila, imos votar a favor para axilizar porque este goberno si quere facer as cousas, pero lle vou lembrar sinxelamente algo que seguramente vostede sabe pero ó mellor o resto da Corporación non.

O contrato desta piscina de Valladares adxudícase o 24 de xuño de 2006 cun prazo de execución dun ano, ou sexa que esa piscina debera estar rematada. Non está rematada porque en novembro de 2006 se solicita unha modificación de crédito que durante seis meses vostede, concelleira de Deportes, non contesta; é máis, advírtenlle os técnicos que "...O devandito proxecto preséntase nesa concellería para o seu coñecemento, tramitación e aprobación e a día da data non se ten

coñecemento de que tal xestión se levara a cabo". Ou sexa, coñecido que o modificado de 64.000 euros haio que facer en novembro de 2006, vostede non contesta ata marzo de 2007.

Sra. Molares, vostede pode vir falar comigo en troques de presentar a moción e cando queiran axilizar cuestión deportivas seguro que eu lle dou a información.

Pero é máis grave porque se aproba o modificado sen consignación económica, ten que vir este goberno e facer unha modificación de crédito para facer posible o modificado dos 64.000 euros. Abrir unha piscina non só é iso; haia que dotar de auga, electricidade, monitores e todo iso non está dotado economicamente pero nós o estamos facendo. O novo goberno modificou un crédito para atender á modificación que vostedes non fixeron e ademais estamos facendo os trámites para que a piscina teña todas as dotacións.

De todos os xeitos agradezo o interese que ten en que este goberno en tres meses axilice o que vostedes non foron quen e seguramente co voto favorable. A partir de agora sempre que queira axilizar eu estarei encantado pero está claro que hai que atender ás responsabilidades cando se é concelleira.

Sinxelamente claréxelle á Sra. Porro que non fixeron vostedes tres piscinas, adxudicaron dúas e a terceira non foron quen da rematar.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. Alonso, semella que lle molesta que dende o grupo da oposición fagamos o noso traballo. O outro día o voceiro do grupo, de broma, dicíame entrando nas instalacións do Grupo Popular, por certo, gracias por ter o sitio que nos corresponde polos votos que obtivemos, pero gracias publicamente ó señor alcalde e ó señor Font que o xestionaron e agora si que temos ese sitio para traballar, aínda que a alcaldesa non está sentada pero o Sr. Domínguez vai inaugurar despacho e xa lle deixa sitio. Como dicía, entraba o voceiro e comentounos que como faciamos nove mocións. Ese é o traballo da oposición e non o ten que tomar a mal, realmente nós estamos aquí para facer que vostedes gobernen e cando non o fan ou cando coidamos que non o fan é lóxico que presentemos mocións.

Eu son moi consciente das miñas responsabilidades como concelleira de Deportes, pero si teño claro que estou na oposición aínda que o que semella é que vostede non ten claro que agora está no goberno. Agora non é cuestión de dicir a todo que non, é cuestión de gobernar e parece que iso ás veces ó Sr. Alonso lle custa.

A Sra. alcaldesa daquela, dona Corina Porro e mais eu, non temos ningún problema de comunicación e sabe perfectamente que estaba e que non estaba adxudicado, cousa que non creo que teñan tan claro o Sr. Domínguez e máis vostede que van a todas partes xuntos, teñen que recibir a todos os clubs a medias. Eu como concelleira de Deportes sabía o que tiña que facer e dende logo que a señora alcaldesa estaba perfectamente informada porque eramos un equipo coordinado.

Pero non creo que iso sexa o importante, o que hoxe importa ós cidadáns é que esa piscina, como vostede ben dicía, tiña que estar rematada o 24 de xullo. Claro que meteron vostedes o modificado dentro desas débedas que dicía a Sra. Díaz e que non son tales débedas, son débedas que se contraeron precisamente por atender a demandas e adaptarse ás necesidades que as obras requirían. Non era cuestión de gasto superfluo, de publicidade, ou de outras cuestións senón realmente cando unha instalación require, como foi neste caso, un cambio, un desprazamento porque os veciños así o solicitaban, faise.

Iso non foi o que demorou realmente que esta piscina estea aberta e se se fixa no contido da moción non só se lle di que abra a piscina, que sei que está a piques de se rematar porque me informei e sei que fallan sinxelamente unhas probas; realmente o que se lle pide é que axilice todos os trámites porque para abrir unha piscina, como vostede ben di, non só haia que ter construída, senón que hai que ter claro que método de xestión se vai utilizar, se vai ser con persoal propio e hai que facer unha oferta de emprego público, se vai ser con persoal contratado a través dunha prestación de servizos, ou se vai ser outro modelo de xestión, cuestións ás que vostede non dixo absolutamente nada.

Está gobernando, déixese de criticar ó Partido Popular polo que fixo porque iso xa o valoraron os cidadáns votándonos 66.000 persoas e tamén o valoraron votándolles a vostedes uns 11.000 menos. Polo tanto vostede o que ten que facer é gobernar e o que eu esperaba que me contestara é que xa fixeran unha modificación de crédito para contratar esa prestación de servizos ou que xa tiñan as bases dun prego de contratación para realmente poñer isto en marcha, pero non o fixo.

A alcaldesa daquela sabía que adxudicáramos dúas piscinas, xa me gustaría a min ter esa herdanza en Deportes cando collín a concellería. Vostede vai poder inaugurar unha piscina e dúas máis neste mandato. Como tamén puido inaugurar o outro día o pavillón de Carballal que tamén tardou dous anos en se facer e lémbrolle que depende de como contemple eses dous anos porque dende logo o

que estivo pechado foi un exercicio e o Sr. Rodríguez Díaz que estaba ó meu carón dicía que rápido era o Sr. Alonso porque en tres meses semella que remodelou un pavillón. Non, Sr. Alonso, ese pavillón remodelouse polo Partido Popular. Agora critique que se fixo tarde, que se tardou moito, tardouse porque realmente había un problema de humidades e había que poñer as condicións para que cando se inaugurase estivese en condicións.

Xa sei que non vai ter aberta a piscina en outubro, iso é imposible, sei de tramitación administrativa aínda que vostede, á parte do apoio que ten do Sr. Domínguez Olveira, non me estrañaría que en breve tamén trouxera unha modificación ó Pleno para ter un directivo deportivo ou un asesor de Deportes porque realmente polo que vexo vostede si necesita esa axuda.

Moitas grazas e espero que para ben dos cidadáns teña aberta esa piscina, senón é en outubro polo menos que sexa en xaneiro.

SR. ALONSO PÉREZ: Seguramente a Sra. Molares por desgracia non sabía o que pasaba no Carballal porque non inaugurei esa instalación, sinxelamente a un pavillón pechado máis dun ano e medio por falla de atención o que fixen foi prestarlla como é a miña obriga como goberno e abriuse. Eu non inaugurei o pavillón, sinxelamente fixen as xestións para que non continuara pechado. Vostede seguramente non sabía nin onde estaba pero ese é un problema de como se enfrontan as responsabilidades políticas.

Eu admito que dende a oposición ten que instar ó goberno pero iso non se pode facer se cando un foi goberno tivo un total descoido de tal xeito que seis meses logo de modificado o pavillón non o dote de crédito economicamente, non puxo os 64.000 euros e tívoos que facer este goberno. Gobernar e dotar economicamente as infraestruturas deportivas para que se utilicen.

Síntoo pero o que vostedes non foron quen de facer por desleixo ou por irresponsabilidade, precisamente iso non llo pida ó goberno actual que si estamos nestes intres, primeiro dotando economicamente ó pavillón do que necesitaba para o modificado, estamos facendo os trámites para o dotar de auga e luz porque non tiñan dotación económica e estamos en fase de poñer a funcionar o máis axiña posible esa piscina de Valladares.

SR. LÓPEZ FONT: Por alusións persoais da Sra. Molares. Agradézolle o agradecemento por resolver o espazo para os partidos políticos e sobre todo entendo que é un recoñecemento que non adoita ser habitual de todo o grupo Popular co que, como ese tema tivo nalgún momento algún punto conflitivo, de verdade llo agradezo pero que saiban todos que os espazos para os partidos políticos son os mesmos que había antes, fíxose unha distribución proporcional e o Grupo municipal Socialista, entendendo que con ese espazo curto, segundo vostedes, era bo que nós cedésemos parte do espazo que nos correspondía e polo tanto agradézollo dobremente ese recoñecemento sobre todo ó alcalde. Como isto é público e como os cidadáns puideron ouvir que eu case recriminei que se fixeran nove mocións, entendeume mal. Máis ben o que eu lle facía era unha louvanza de nove mocións presentadas por vostedes e o orgullo que nos supoñía a nós que dispuxeran do maior espazo e tamén, aínda que con efectos retroactivos, unha especie de recoñecemento do acordo ó que chegamos para que o Grupo Popular tivese os asesores e o persoal administrativo necesario para esta tarefa de oposición que dende o grupo Socialista coidamos que é boa para a Corporación.

SRA. MOLARES PÉREZ: Vou seren breve e polo tanto me vou cinguir ó contido da cuestión. Agradézolle ó Sr. Font que interviñese pero me refería neste caso ó Sr. Domínguez.

Repito que todos os que estamos nesta Corporación o estamos para lle dar solución ós problemas da cidadanía e polo tanto coido que dende o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego se teñen que tomar máis en sentido positivo as mocións. No tocante ó concelleiro, Sr. Alonso, que vexo que toma todo a mal, dígoo con cariño xa que o outro día dicía que se lle chamara vello, por favor, nada máis lonxe da miña intención porque non ten que ver a disputa dialéctica coa relación persoal que haxa entre os corporativos e ese sempre foi o meu estilo e non o vou cambiar agora na oposición.

Coido que na Concellería de Deportes os logros e os obxectivos están aí para que o vexan os cidadáns, o número de instalacións deportivas está aí e pódese comparar fronte ás que vostedes fixeron e sobre todo sen ter apoio da Xunta de Galicia.

Por iso lle digo, Sr. Alonso, que o vexo un pouco un complexo de estar na oposición. O Bloque Nacionalista Galego está gobernando en coalición e coido que vostede aínda non se cre que está gobernando porque realmente, se fala de que a piscina

está parada por unha modificación de crédito, rematou o prazo de exposición da modificación pero a súa efectividade acaba de poñerse agora en marcha e unha cousa é o trámite orzamentario da modificación de crédito que, por certo, todo o que traíamos aquí con modificacións de crédito non se aprobaba e polo tanto tampouco se aprobaría esta, pero iso non quere dicir que a piscina estivera parada, moi pola contra e iso amósao que por primeira vez esta é unha das poucas instalacións que xa está practicamente rematada e polo tanto cumpriuse coa execución e seguramente maximo que pronto nos invitarán a inaugurala.

Pero lle digo que faltan todos os trámites, estoullo a dicir con boa vontade, e que eu saiba non se iniciaron. Vostede non me contestou nada referente a iso. Se realmente queremos que a piscina se abra, non o tome a mal e tómeo como un elemento construtivo.

Coido que hoxe xa tiñan preparada unha visita a Valladares. É bo que nós fagamos mocións porque así instamos a que vostedes traballen. Insisto en que para que se abra, non en outubro que xa sei que non se vai facer, senón en xaneiro teñen que se poñer a traballar e sobre todo tamén esperaba que definiran neste Pleno como van xestionar esa piscina.

Polo tanto alégrame que anunciaran o voto a favor porque coido que non podería ser doutro xeito ademais vostedes, en concreto o Bloque Nacionalista Galego que votou en contra dese orzamento onde se establecían os 900.000 euros para esa piscina que polo menos faga os trámites necesarios para poder inaugurala e que os cidadáns a gocen que é o importante.

(Están ausentes os Sres. Guerra Fernández, Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do partido Popular, Sra. Molares Pérez, instando a axilización dos trámites para a apertura da piscina cuberta de Valladares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

33.- (121).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITAR DA XUNTA DE GALICIA DOTACIÓN ORZAMENTARIA NECESARIA PARA O PROGRAMA "CHEQUE INFANTIL GALEGO".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de setembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"Que se acorde instar ao Conselleiro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, a dotación do orzamento necesario para o programa de "cheque infantil galego", de xeito que se proporcione unha solución inmediata ás familias dos nenos e nenas viguesas en idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos, que non obtiveron praza nas oito escolas públicas de Educación Infantil xestionadas polo Concello e a Xunta de Galicia en Vigo.

Con iso facilitaríase economicamente o acceso ás numerosas prazas que se ofertan nos vinteún centros adscritos ao devandito programa na cidade, ás familias que tivesen dereito a isto; favorecéndose a efectiva conciliación da vida familiar e laboral entre os nosos cidadáns."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 17 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Cuestión esencial na conciliación da vida laboral e familiar é a de dispoñer de escolas infantís que permitan a pais e titores compatibilizar efectivamente a súa xornada de traballo co coidado e atención dos nenos. A Xunta de Galicia así o propón no seu plano integral de apoio ás familias.

A dotación de centros infantís é pois, un reto para todas aquelas administracións que teñan entre os seus fins e obxectivos a mellora da calidade de vida dos cidadáns. Isto é especialmente necesario na nosa cidade onde a carencia maniféstase importante á vista dos datos que proporciona o INE e o padrón municipal.

En Vigo hai 12.660 nenos menores de cinco anos e 9.450 nenos de idades comprendidas entre os cero e os tres anos. Na actualidade en Vigo só existen oito escolas infantís públicas, catro xestionadas pola Consellería de Vicepresidencia do Benestar e a Igualdade da Xunta de Galicia e catro polo Concello; hai unha máis situada na rúa Palencia do Calvario cun convenio de xestión aínda non ofertado pero, tal como anunciou na súa recente visita a secretaria xeral de Igualdade e

Benestar, D^a Carme Adán, encargárase ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar integrándose na rede de galescolas, cunha apertura prevista no primeiro trimestre do próximo ano.

Hai que lembrar aquí que co goberno do PP no Concello duplicouse o número de escolas infantís existentes ata o momento en Vigo. Dende o ano 2005 non se aprobou ningún novo convenio coa Xunta de Galicia para a creación de novas escolas infantís; o último asinouuse no citado ano pola conselleira D^a Pilar Rojo para a construción da escola da rúa Palencia. Unha vez constituído o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o goberno municipal do Partido Popular propuxo catro novas escolas infantís no 2006.

A día de hoxe o número de prazas das escolas da Xunta de Galicia en Vigo nas garderías de Bouzas, Caeiro, Coia e Relfas son 185; as do Concello nas garderías de Santa Cristina de Lavadores, Atalaia de Teis, Santa Marta-Casco Vello e Costeira en Saiáns son 209. En total a oferta pública é de 513 prazas, en calquera caso un número totalmente insuficiente para a nosa cidade como o amosan os 1.282 nenos, máis do dobre, que quedaron en lista de espera, 954 nas escolas da Xunta e 328 nas do Concello. Isto quere dicir que só un de cada tres nenos que o solicitaron obtiveron praza, o 5,4% do censo total de nenos entre cero e tres anos.

No 2003 o goberno do partido Popular na Xunta de Galicia, por orde do 5 de maio de 2003, creou un cheque asistencial destinado ás familias para dar solución á falla de postos nas escolas públicas, facilitando economicamente o acceso ós centros privados adscritos por convenio ó programa de cheque infantil. En Vigo son 21 as escolas adheridas a este programa.

No 2006 a Consellería do Benestar e da Igualdade mantivo o orzamento destinado ó cheque infantil establecido polo goberno do Partido Popular a pesar do incremento da natalidade en Galicia. Este curso de novo non se incrementa de xeito que os 266 cheques adxudicados no 2006, xa entón insuficientes, serán de novo insuficientes no ano que andamos. Só un de cada catro nenos en lista de espera nas garderías públicas recibirá o cheque infantil. As posibilidades de acceso quedarán pechadas para máis de mil nenos e nenas da cidade.

Ó grupo Popular preocúpalle que a sensibilidade amosada nesta materia, reflectida nos programas electorais tanto do PSdeG-PSOE como do BNG, e no posterior pacto de goberno por eles subscrito, non propiciase a procura dunha solución inmediata ó problema. Preocúpalle a contradición entre o que se propón nos planos integrais de

apoio á familia, nos que se fala de “corresponsabilización da administración pública e da sociedade civil” e máis explicitamente dunha colaboración entre os poderes públicos e a sociedade civil que permita afondar con maior garantía nas políticas e programas en materia de familia, e que pola contra non se teñan en conta os recursos existentes na cidade, implicando a todos os axentes sociais á hora de paliar a necesidade inmediata que temos de escolas infantís.

A isto hai que engadir unha mala xestión do programa. Dona Pilar Rojo, coma conselleira de Familia, adquiriu no 2003 o compromiso de facilitar no mes de xuño a lista de beneficiarios do cheque infantil, tanto ós interesados como ós centros, compromiso que mantivo dona Carme Adán. Porén este ano a lista non se fixo pública ata o día 30 de agosto, xerando con isto varios tipos de problemas.

En primeiro lugar para as familias; a incerteza dos pais ante a inminencia da súa volta ó traballo tralas vacacións de verán e o comezo do curso. Por outro a espera do resultado das adxudicación das axudas; algúns pais e titores non fixeron reserva nos centros quedando agora sen praza.

En segundo lugar para os centros que non puideron facer uso das prazas comprometidas en programa que nas últimas convocatorias non se ocuparon máis que non escaso 20%, quedándolles agora vacantes as non adxudicadas.

Por último non puideron dotarse con tempo suficiente do persoal necesario para atender ós nenos.

Doutra banda, aínda que no artigo 11.1 da orde que regula as axudas indícase que os pais ou titores deberán entregar o cheque infantil “nos dez primeiros días do mes”, os atrasos nos pagamentos por parte da administración autonómica chegaron ser ata de tres meses, o que levou a pais e titores a solicitar un crédito ponte para afrontar as mensualidades.

Por último a asignación de prazas nas garderías xerou moito malestar. O curso pasado pais e titores presentaron numerosas reclamacións, sobre todo ó constatar as vacantes que finalmente se producían nos centros por eles solicitados.

O goberno municipal está obrigado a ir máis aló das promesas, debe presentar feitos. Para o grupo Popular o continuo anuncio de creación de novas galescolas, fronte ó insuficiente orzamento destinado ó cheque infantil, di moito da política en materia educativa que van levar adiante e que seguirá prexudicando ás familias con menos recursos, é dicir, con ingresos inferiores ós mil euros, actuacións moi afastadas das bondades que se anuncian dende o goberno coas galescolas que, por

outra banda, verán aprazada a súa posta en marcha na nosa cidade polo menos ata o ano 2009.

Por todo o anterior presentamos para a súa aprobación polo Pleno da Corporación a seguinte proposta: Que se acorde instar ao Conselleiro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, a dotación do orzamento necesario para o programa de “cheque infantil galego”, de xeito que se proporcione unha solución inmediata ás familias dos nenos e nenas viguesas, en idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos, que non obtiveron praza nas oito escolas públicas de Educación Infantil xestionadas polo Concello e a Xunta de Galicia en Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: Vista esta moción non nos queda outra opción que votar a favor porque estamos totalmente de acordo. Alégranos ver ademais que compartimos co grupo do Partido Popular a nosa preocupación pola conciliación da vida laboral e familiar e tamén estamos completamente de acordo que a disposición de prazas nas escolas infantís é unha ferramenta fundamental para poder acadar esta conciliación.

Por suposto que estamos de acordo en que se inste á Vicepresidencia da Igualdade do Benestar da dotación do orzamento preciso para manter o cheque infantil e así se fará coa dotación de 1.200.000 euros. Pero ademais nós estamos convencidos que a principal ferramenta non é o cheque infantil, senón unha compensación da escaseza real de prazas nas escolas infantís.

Tal como xa expresou na exposición a concelleira Sra. Larriba, a nosa prioridade é dotar das prazas suficientes en escolas infantís e públicas e o cheque infantil è unha ferramenta para compensar esa escaseza de prazas que ata o de agora existe. Pensamos que o ideal será que poidan desaparecer este tipo de ferramentas porque haxa unha oferta suficiente.

É por iso que realmente imos aproveitar a posibilidade de asinar un convenio co Consorcio de Igualdade e Benestar para abrir as escolas infantís precisas en Vigo, cousa que ata o de agora non se puido facer. Agora si se vai abrir a escola infantil da rúa Palencia e tres escolas infantís máis, todo isto dentro da rede de escolas infantís da Xunta de Galicia que vai aumentar 6.000 prazas para nenos e nenas de toda Galicia e 400 prazas para Vigo con estas tres novas escolas infantís que se van abrir na cidade.

Nós imos instar a que se dote de orzamento porque de momento é preciso, pero ademais estamos traballando coa Xunta de Galicia para aumentar as prazas de escolas infantís que é o que realmente precisa esta cidade.

SRA. LARRIBA LEIRA: Penso que os meus argumentos foron claros e non vou insistir neles pero lembrar de novo que co goberno do PP no Concello duplicouse o número de escolas infantís abertas ata o momento e que dende o 2005 non se fixo ningún novo convenio coa Xunta de Galicia. Neste último ano asinou un convenio para a construción da gardería da rúa Palencia e tamén se propuxo ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a creación de catro novas escolas infantís.

Penso que neste sentido de loitar pola apertura de escolas na cidade o goberno do Partido Popular ten as costas ben cubertas.

(Están ausentes os Sres. Guerra Fernández, Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, de instar ó Conselleiro da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a dotación de orzamento para o programa “Cheque infantil galego”, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

34.- (122).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SE INCLÚAN NO PRÓXIMO ORZAMENTO DO CONCELLO AS PARTIDAS NECESARIAS PARA A CONSTRUCIÓN DOS CENTROS CÍVICOS DE ALCABRE, RÚA ROMIL E COIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de setembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

“O Goberno local do PP impulsou ao longo do seu mandato, numerosas actuacións e a posta en marcha de iniciativas destinadas á creación de espazos para favorecer a formación, o uso de novas tecnoloxías da comunicación, a participación cidadá, en definitiva, o encontro das persoas e colectivos que viven nas parroquias e que en moitos dos casos non contaban coas infraestruturas necesarias.

Ademais de se acordar coa Deputación Provincial dúas novas sedes para dúas asociacións de veciños en Cabral-Feira e Alcabre, tamén se puxo en marcha en 2006 un novo centro cívico en Saiáns, contando así o Concello con catro centros cívicos neste momento.

Ao mesmo tempo redactáronse os proxectos dos centros cívicos de Finca Solita en Alcabre, Dr. Fleming na Rúa Romil e Colexio Alemán en Coia, proxectos que foron finalizados na primavera e que a súa realización supuxo un custo importante para as arcas municipais de ó redor de 70.000 €.

Dende este grupo municipal cremos que é o momento oportuno de retomar eses tres proxectos e continuar a súa tramitación por ser necesarios e fundamentais para os veciños desas zonas e tamén por ser unha vella reivindicación dos colectivos desas parroquias.

Por todo isto instamos ao Goberno municipal a incluír no próximo orzamento municipal as partidas necesarias para a construción destes tres centros cívicos: Finca Solita en Alcabre, Dr. Fleming na rúa Romil e o Colexio Alemán en Coia.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 17 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

A concelleira do Grupo municipal do Partido Popular Sra. Iglesias Bueno procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Presentámonos a esta eleccións facendo unha aposta moi seria pola relación cos cidadáns. Neste aspecto falamos de ter un acceso rápido e de calidade a Internet dende os diversos centros públicos, xa sexan centros de atención municipal ou asociación de veciños, e tamén da ampliación de xeito suficiente de diversos centros para este uso en barrios e parroquias para que os nosos conveciños teñan as maiores facilidades para facer todos os trámites telemáticos tanto con este Concello como con outras administracións, que entendemos que se deben impulsar.

Ademais de contar con ese espazo, que poidan formarse para facer uso nos seus domicilios desas ferramentas que nós tratamos de poñer ó alcance de todos no

maior número de espazos posible. Tamén imos contar con programas de talleres e cursos para poder levar a cabo todo isto.

En todo caso a acción de goberno correspóndenos a nós, como vostedes xa saben e falouse hoxe no anterior debate das ordenanzas que teñen moito que ver cos orzamentos deste goberno municipal. Estamos na súa elaboración, estamos convencidos que imos facer uns orzamentos o máis achegados posible ós cidadáns, que lle poidan dar o maior servizo e abordaremos cada actividade, sexa un centro cívico, un centro de atención municipal ou calquera outro centro, co orzamento necesario para poder rematalo.

Vostede fai referencia ó centro cívico de Saiáns que como sabe hai unha factura de 220.000 euros dende hai ano e medio. Imos tratar que non acontezan esas cousas e que teñamos orzamento para poder facelo. Ademais queremos que as persoas que os atendan teñan unhas condicións laborais e salariais dignas, o que non pasa ate o de agora, e que as empresas que poidan traballar nos centros que fagamos que cobren en tempo e forma porque tamén teñen traballadores ó seu cargo ós que teñen que responder.

En resumo, como a acción de goberno nos corresponde e estamos na elaboración deses orzamentos para poder facer isto, rexeitamos a súa proposta de incluír no próximo orzamento municipal as partidas necesarias para estes centros. Isto non quere dicir que non se vaian levar a cabo pero nos decidiremos onde se farán os investimentos para que dean a mellor resposta os cidadáns e cidadás de Vigo.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Encántanos que nos presenten mocións construtivas aínda que nos gusta menos que segan a facer electoralismo e precisamente presentando os proxectos destes tres centros que por outra banda quero lembrar que o Colexio Alemán de Coia foi unha aposta de toda a vida do BNG, que a proposta do Fleming foi unha moción presentada por esta concelleira e en canto a Finca Solita non foi o BNG pero non sei exactamente quen foi.

A 15 de maio vostedes presentan diante da cidadanía, moitas veces sen falar cos colectivos, uns proxectos cousa que non fixeron mentres estiveron no goberno e non me digan que non tiveron orzamentos porque no ano 2005 si o tiveron e non foron quen de presentar, diante dos veciños e colectivos que pedían o Colexio Alemán en Coia, ningún tipo proxecto.

Como ben lles dixo o Sr. Rodríguez este goberno ten vontade de traballar para que os veciños de Coia, da Bouza, da zona do Fleming teñan eses centros cívicos cousa que non tiveron con vostedes.

Por outra banda quérrolles dicir que o BNG e supoño que todo o goberno, non necesitan que lles insten para traballar porque diante da cidadanía sempre temos demostrado que temos honradez, honestidade e en capacidade de traballo non creo que nos gañe ninguén. O que si hai que preguntar é se verdadeiramente o Partido Popular ten todos estes valores.

SRA. IGLESIAS BUENO: Só quero dicir que hai un principio de secuenciación; obviamente primeiro hai que aprobar os proxectos como xa o foron no seu momento e fixéronse nun tempo récord e unha vez aprobados presentáronse perante a cidadanía que é o que se ten que facer cando se remata un proxecto. Por coincidir antes das eleccións municipais non iamos esperar, foi no momento en que se remataron e presentáronse.

Maxino que votarán a favor porque senón xa non entendo nada. Se teñen previsto facer estes proxectos non entendo por que non van votar esta moción a favor. Ademais, no seu momento, antes de finalizar o noso mandato, trouxemos ó Pleno unha serie de proxectos, entre os que ían estes, para unha modificación orzamentaria. Nese intre dixeron que non votaban a favor porque eran electoralistas; parécenos moi ben pero coido que hoxe é o momento de demostrar que vostedes están interesados na realización destes centros cívicos.

Polo tanto sigo a pedir o voto a favor pois os colectivos ós que no seu día vostedes lles dixeron que o ían apoiar, tampouco o entenderían, atoparase un pouco desconcertados con este ir para adiante ou para atrás, cando eran oposición querían que se realizasen e agora que son goberno xa non teñen estes proxectos na súa mente.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Coido que tamén é recorrente nas mocións tratar de xustificar o feito de cando vostedes eran goberno. Coido que está claro, os cidadáns decidiron e coñecémolo todos. Outra cousa é pretender que uns orzamentos que vostedes saben que se están tramitando con bastante celeridade e que posiblemente os teñamos en tempo e forma para poder abordar moitas das

cuestións da acción de goberno, van ser os que van marcar a iniciativa deste goberno, onde e cando imos gastar eses cartos.

Ninguén dixo que non se vaia facer ningún destes centros, só que esa responsabilidade agora nos compete a nós. Imos velo, onde, como e con que orzamento se fai. O que non se pode pretender é marcar ó goberno onde e canto temos que gastar en cada momento, poden suxerilo e parécenos moi ben a súa preocupación.

Volvemos outra vez cos proxectos, eu teño arriba os carteis e son bastante bonitos pero falla todo o demais e vostedes non deixaron absolutamente nada máis para poder poñeren a primeira pedra. Canda falaba antes o Sr. Guerra do saldo medio faimo un pouco de gracia porque seguro que o saldo medio da concellería a 31 de decembro vaime dar unha cantidade da que non dispoño dende o primeiro día.

En todo caso reitero que nós imos cumprir cos cidadáns e a máis alí onde máis se necesita. Por todo isto repito que imos rexeitar esta moción.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Só unha pregunta, se nós votamos a favor desta moción vostedes comprométese a votar a favor dos orzamentos? Entón non fagan demagogia, por favor.

SRA. IGLESIAS BUENO: Precisamente os orzamentos non teñen nada que ver con esta proposta concreta. O único que pido é o inclúan nos orzamentos, obviamente alí haberá outros proxectos que non teñan nada que ver connosco e que nós non fariamos. É coller o todo por unha parte ou unha parte polo todo.

Vostede dixo ben que no orzamento é onde se plasmaba a política dun goberno e eu entendín que isto tiña que estar alí reflectido. Se vostedes entende que non é así, defínense por si mesmos.

(Están ausentes os Sres. Guerra Fernández, Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña

Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, instando incluír no próximo orzamento as partidas necesarias para a construción dos centros cívicos Finca Solita en Alcabre, Dr. Fleming na rúa Romil e Colexio Alemán en Coia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

35.- (123).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO SE REMITA ÓS PRESIDENTES DO GOBERNO DE ESPAÑA E DA XUNTA DE GALICIA INFORME DAS NECESIDADES DA CIDADE PARA A SÚA INCLUSIÓN NOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de setembro de 2007, a voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

“Vigo é a primeira cidade de Galicia e unha das primeiras de España. A súa capacidade de crecemento, situación estratéxica e as fortes potencialidades que presenta permítennos asegurar que a área de Vigo, de atoparen o apoio económico das distintas Administracións, seguirá crescendo a un intenso ritmo. Deste crecemento depende en gran parte o desenvolvemento económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Goberno Central e o Goberno Galego están nestes intreos elaborando os orzamentos para o ano 2008. A cidade de Vigo precisa de investimentos acordes ás súas potencialidades.

Así, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación de Vigo tome o acordo que segue:

Instar ó Alcalde a que remita de contado ao Presidente do Goberno de España e ao Presidente da Xunta de Galicia un informe detallado das necesidades e proxectos da cidade en materia de infraestruturas, equipamentos e outros asuntos de competencia estatal e autonómica, co obxectivo da súa inclusión nos Orzamentos Xerais do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2008.

Que se remita o documento aos membros do Consello Económico e Social de Vigo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. PORRO MARTÍNEZ: O venres o Consello de Ministros aprobou os orzamentos para o ano 2008. Durante a tramitación parlamentaria que agora comezará hai a oportunidade de facer emendas a ese orzamento, estamos a tempo de mellorar a situación, dos estudar e de traballar todos a prol dos investimentos que precisa a cidade de Vigo.

Por outra banda, durante as últimas semanas e a través dos medios de comunicación vimos como o Goberno se reuniu cos presidentes das distintas Comunidades Autónomas e o que en principio podería ser bo, esa consulta, deixounos moito máis preocupados ó comprobaren o pouco peso que ten e que vai ter Galicia, é dicir, o pouco peso que vai ter Vigo.

O escenario no que nos atopamos é o seguinte: as Comunidades máis ricas o van ser moito máis e as máis pobres van ser tamén moito máis pobres. Mentres Cataluña incrementa un 25% os orzamentos, Andalucía os incrementa nun 10% e Galicia nun 5%. Só Cataluña e Andalucía se levan máis dun terzo do total dos investimentos do orzamento do ano 2008.

Pero non só é iso, á hora de facer a distribución atopámonos con trampas porque cando convén se vincula ó PIB; cando o PIB é baixo como é o caso de Andalucía, vincúlase ó total da poboación. Son artimañas para facer un orzamento electoralista, non xusto e pouco comprometido, polo menos coa realidade de Galicia e de Vigo.

Pero se nos centramos só en Vigo temos que dicir que vivimos estas consecuencias eu diría que dun xeito moito máis preocupante e urxente. Sendo Vigo a primeira cidade Galicia, o motor económico do desenvolvemento de Galicia e tamén unha das máis atrasadas en materia de infraestruturas, eu fágome unha pregunta: que peticións fixo o alcalde desta cidade, que negociacións fixo porque loxicamente deben ser públicas e se se fixeron consultas ó Consello Social da cidade. Este é o momento de pedir, de reivindicar e aí, alcalde, nos vai ter a todos ó seu carón.

Cando lin a prensa esta fin de semana pensei era positivo e que ía felicitar ó Partido Socialista e a este goberno; coido que nos temos que felicitar todos. Entón fixen unha segunda reflexión sobre o que nos atopamos esta fin de semana. Unha vez

máis atopámonos con algo ó que nos ten acostumados o actual alcalde de Vigo: proxectos, anteprojectos, estudos... todo virtual.

Agora é o momento da realidade, é o momento de incluír as necesidades porque se todos eses proxectos, anteprojectos, todo o maxestoso que se nos presenta durante estes meses, ó que nos ten moi acostumados o señor alcalde se non se concretan nuns orzamentos non serve absolutamente de nada.

Non esquezamos algo: faltan menos de seis meses para rematar esta lexislatura e, que pasou cos investimentos en Galicia e en Vigo nestes máis de tres anos e medio? Onde está esa declaración de intencións de que agora todo se vai facer? Onde estivo o compromiso real ata agora dese goberno socialista? Pasaron máis de tres anos e medio e non os vimos.

Por iso coido que é o momento, unha vez máis, de seren contundentes e de instar, como pide este Grupo Popular ó alcalde, que remita de contado esta moción que se fixo o 12 de setembro xa que non tiñamos coñecemento de que houbera ningunha petición oficial, porque tampouco se consultou ó Consello Social da cidade, nin nada de nada. "Instar tanto ó Presidente do Goberno como ó Presidente da Xunta cun informe detallado das necesidades para que se teñan en conta nos orzamentos xerais tanto do Estado da Nación, como nos da Comunidade Autónoma". A realidade é que tamén en Consellerías como é a de Política Territorial é que ata agora os investimentos na cidade de Vigo foron cero.

Dende o noso grupo queredamos saber se se fixo algo, que negociacións se fixeron porque coido que este é o momento non do virtual senón do real.

A PRESIDENCIA: Efectivamente os orzamentos son un momento especialmente importante nun país, nunha comunidade e nun concello. Nos orzamentos se plasma a vontade política e se conecta directamente coa realidade e definen as vontades.

Orzamentos do goberno de España relacionados coa Comunidade Autónoma de Galicia: 8,36% do orzamento. Como vostede se dará de conta está moi por riba do peso do produto bruto de Galicia en España e moi por riba do peso da poboación de Galicia en España. Pero ademais este é o terceiro ano que isto está a suceder. É o terceiro ano consecutivo no que os orzamentos do Estado contemplan cifras para Galicia que marcan sensiblemente un reequilibrio das necesidades do territorio. Polo tanto coido que nos temos que felicitar porque se está a atender coma nunca e

en porcentaxes que non se lembran na historia deste país as necesidades de infraestruturas de Galicia.

Convén ter memoria histórica, convén ter a memoria das porcentaxes que houbo dende os anos 97 ata o ano 2003. Voulle facer o favor de non lle lembrar as porcentaxes de orzamentos dedicados a Galicia nos anos do goberno do Sr. Aznar porque certamente non foron nin equilibradores, nin razoables. Por certo, a reclamación que se instaba dende Galicia era do 8%, reclamación aceptada por todos os grupos políticos e o que aparece nos orzamentos é do 8,36%, polo tanto por riba das demandas.

É certo que os orzamentos son determinantes, en Vigo tamén, como non. O que sucede é que antes de poñer partidas nos orzamentos hai que tomar decisións previas e había unha de enorme importancia neste territorio, enorme, probablemente a decisión máis importante na historia desta cidade: se se facía o AVE directo Vigo-Ourense-Madrid, sen dúbida esta supera á das autovías. Pasou que alá polo ano 2002-2003 Vigo quítase do mapa do tren da alta velocidade, desaparece, a "L" de Vigo defendida polos colectivos sociais desta cidade: Coruña, Vigo, Ourense, Madrid, desaparece e a partir daí non hai máis novas do tren de alta velocidade de Vigo a Madrid ata o día 21 deste mes no Boletín Oficial do Estado onde por fin se publica o estudo informativo.

Para poder dedicar recursos a unha cidade previamente hai que tomar estas decisións, presentar os estudos informativos, impacto ambiental, facer os proxectos e dedicar os recursos para levar cara adiante a obra. Pero é ben coñecido nesta cidade que foi un empeño, non vou dicir que persoal meu, non quero entrar nese ámbito, pero puxen a miña candidatura en xogo coa realización deste estudo informativo, Sra. Porro, e os cidadáns elixíronme e o estudo informativo do AVE está no BOE nos prazos e nas circunstancias previstas, polo tanto agora estamos no intre no que esa grande obra empeza a funcionar.

A seguir, grandes obras no ámbito desta cidade. En canto ó aeroporto dicir que van aparecer investimentos. Autovía Vigo-O Porriño, autovía Vigo-Pontevedra libre de peaxe; vostedes saben que nestes momentos está en trámites previos á posibilidade de dedicar recursos cuantiosos. Hai que facer os proxectos e vanse facer en tempo e forma. Polo tanto está atendida esa cuestión dende o ámbito do goberno de España.

Pero abaixo está a entrada norte e a nova estación. Pois ben, este trimestre vaise rematar a negociación porque lle teño que dicir que o estado no que estaba era pouco satisfactorio para esta cidade e coñeceremos todos cifras, magnitudes e cantidades.

O día 28 de xullo deste ano remitín unha carta á ministra de Fomento, recién tomada posesión, facendo unha valoración das necesidades que ten esta cidade en materia de infraestruturas, dende a autovía A-57, conexión A-57 coa rede arterial de Vigo, aeroporto, variante trazado Vigo-O Porriño, segundo cinto, reformas pendentes, aeroporto, AVE acceso sur, AVE Ourense por Cerdedo, acceso norte, etc. Polo tanto, señora Porro, este goberno presenta as cuestións como se deben facer. No mes de xullo enviamos unha carta á ministra de Fomento pero fixemos máis, transmitimos directamente á Dirección de Ferrocarrís as necesidades de Vigo, con visita formal coñecida da concelleira responsable de Urbanismo para transmitir todas as necesidades de ferrocarrís porque era o que estaba en trámite de materialización de orzamentos.

Pero tamén fixemos algo máis e é que aproveitando a visita do ministro de Cultura a esta cidade fixemos unha demanda histórica da cidade sobre a biblioteca e o resultado foi afirmativo e así nestes momentos estamos no proceso de decisión de onde se ten que localizar e o ano que ven haberá recursos para esta biblioteca. O ano que ven esta nova biblioteca, xa sexa un edificio a remodelar ou un novo edificio, vai ter os recursos que se precisen dependendo do estadio no que se atope.

Polo tanto coido que este goberno si cumpriu co que tiña que facer. Eu non quero mirar cara ó pasado porque coido que nin é o momento, nin é o meu xeito, pero se ten interese si o podemos facer, mirar que aconteceu nos orzamentos do Estado do ano pasado, que se fixo dende este Concello, como se presentaron as cuestións e en que tempos. Pero non quero, coido que efectivamente quero ver esta moción na súa vertente positiva de cooperación para que na cidade obteñamos o máximo posible para as múltiples e importantes necesidades que temos.

Pero o mesmo está sucedendo co goberno de Galicia. Eu tiven neste Concello unha entrevista coa conselleira responsable de Política Territorial na que pasamos revisión de enriba a abaixo de todas as necesidades da cidade e polo tanto xa lle garanto que nos orzamentos da Xunta de Galicia vai aparecer unha resposta ás necesidades da cidade.

Pero está acontecendo o mesmo con outras consellerías porque dentro de escasamente dez minutos preséntase nesta cidade o proxecto arquitectónico da nova escola de arte dramática e o ano que ven haberá recursos para a construción deste edificio.

Hai moi pouco tempo se presentaron os proxectos de centros de saúde e, por certo, algúns pendentes de espazo e algún deles xa resolto dende a concellería de Urbanismo; e haberá recursos.

Así podería ir citando a todas as consellerías do goberno de Galicia nas que estamos mantendo continua presenza e estamos en continuo diálogo. Polo tanto lle podo garantir que nesta cidade se están atendendo as necesidades como xamais se fixo porque estamos en contacto directo co goberno de España e coa Xunta de Galicia.

Hai escasamente uns días dábase resposta a outra das grandes demandas desta cidade: a necesidade da ampliación da ponte de Rande e facíanse referencias a investimentos nese mesmo día, no ámbito de infraestruturas viarias e de tren de alta velocidade, en proxectos contraídos ata o ano 2012 por valor de 2.000 millóns de euros para esta cidade, comprometidos directamente polo presidente da Xunta sen necesidade de ningún informe, con coñecemento directo e tomando a dianteira para se poñer á cabeza das necesidades desta cidade.

Quérolle dicir que imos votar a favor da súa proposta porque a queremos enfocar dende a cooperación global deste Pleno para sacar a mellor situación e obter o mellor dos tratamentos para esta cidade. Pero lle quero dicir que dende o día 16 de xuño esta cidade ten un alcalde e un goberno que está velando continuamente polos intereses da cidade en todos os ámbitos nos que sexa preciso.

Quérolle dicir algo máis, señora Porro. Poucos días logo de que este goberno tomara posesión nesta cidade estiveron o presidente do goberno de España, a vicepresidenta, cinco ministros e incontables secretarios de Estado e pódolle dicir que nesa reunión o presidente do Goberno coñeceu de voz do alcalde desta cidade as necesidades que aquí temos. Esa é a maior garantía de que esta cidade está atendida e de que vai ter presenza continua na política e nos orzamentos de España.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Decía hai unhas horas o concelleiro Sr. Guerra que a el lle molestaba moito a incoherencia. A nós tamén moléstanos moito a incoherencia ou

as políticas que se fan atendendo non tanto ós verdadeiros intereses dunha cidade, senón ó momento e á época electoral na que nos atopamos.

Eu dicía nun medio de comunicación, non por seren adiviño senón por seren unha cuestión clara ó abeiro de veren as mocións, que o Partido Popular ía pasar en poucos días a unha actitude electoralista e que o íamos ver neste Pleno porque loxicamente faltan poucos meses para a realización das eleccións do Estado. Digo que hai que ser sempre coherente e que a defensa dos intereses da cidade se ten que facer durante toda unha lexislatura, sobre todo por aqueles que logo veñen a esta cidade en época electoral pedir o voto dos vigueses e vaguesas para os representar no Parlamento do Estado Español. A defensa dos intereses dunha cidade haia que facer independentemente da representatividade que os propios cidadáns lle dan a unha ou outra formación política e ó número de deputados.

Esta mañá dende as fileiras do Grupo Popular díxose varias veces que perdemos dous concelleiros e 11.000 votos; sabémolo, admitimos que os resultados non foron bos para o Bloque Nacionalista Galego, admitímolos tamén a mesma noite electoral e felicitamos ó Partido Popular polo seu incremento, entre outras cousas porque nós sempre nos felicitamos das decisións que democraticamente toma a cidadanía, independentemente de que esas decisións unhas veces nos gusten máis ou menos. Pero con 11.000 votos e con dous concelleiros menos este que lles fala está absolutamente convencido de que imos traballar máis por esta cidade porque así o demostramos, imos defender máis os intereses desta cidade que o Partido Popular con 13 concelleiros porque así o demostrou.

Voulle dar un dato que amosa isto agora que estamos falando de instar ó goberno central ou instar á Xunta de Galicia. O Bloque Nacionalista Galego ten dous deputados no Parlamento Español e voulle dar un dato obxectivo que se pode ver nas actas do Congreso. Os dous deputados do BNG presentaron doce veces máis interpelacións e mocións conxuntas ó Parlamento español que todos os deputados do Partido Popular e do Partido Socialista xuntos nesta lexislatura. Ese é un dato obxectivo e é a coherencia de quen ten que defender os intereses da cidade non cando chegan as eleccións, senón ó longo de toda unha lexislatura.

Efectivamente un 8,36%, como ben dicía o alcalde, é o que está asignado. Unha iniciativa que eu quero lembrar porque están aí tamén as hemerotecas, unha iniciativa que foi do BNG e do noso voceiro no Congreso dos Deputados, don Francisco Rodríguez, que xa efectivamente nos anteriores anos puxo moi

claramente que o acordo e o voto favorable ós orzamentos do Estado para Galicia pasaba precisamente por contemplar esta porcentaxe.

A defensa dunha cidade e a dun país amósase todos os días, cada un dos días e non só cando, repito, nas eleccións. Os representantes do Partido Popular que se presentan, tamén os do Partido Socialista, virán ofrecer e prometer pero logo loxicamente serán voces absolutamente mudas no Parlamento Español á hora de defender tanto a Vigo como a Galicia. Aí está a primeira coherencia pola nosa banda e a incoherencia pola banda dos que se esquecen o resto da lexislatura de por que lle pediron o voto ós vigueses e viguesas.

Efectivamente hai grandes declaracións e principios dos que todos e todas nos alegamos. Alegrámonos dese estudo informativo, da ampliación de Rande, tamén deses grandes principios de ampliación do aeroporto pero, señor alcalde, permítame tamén que lle diga unha cousa: os grandes principios non valen se logo no teñen concrecións claras nos orzamentos e estamos seguros de que iso vai pasar.

Imos apoiar esta moción porque apoiaremos calquera moción sexa de quen sexa sempre que diga que hai que apoiar os intereses desta cidade porque así o estamos a facer durante catro anos no Parlamento español

A moción do Partido Popular ínstalle a vostede a que presente diante do Goberno central e da Xunta todas esas cuestións inherentes á cidade e que son necesarias e, por suposto, coido tal e como vostede di que xa así o fixo e por iso tamén nos felicitamos todos e todas. Pero eu lle instaría a algo máis, a que como alcalde da cidade máis importante de Galicia inste tamén ós seus deputados do Partido Socialista en Madrid para que se estas partidas, estas concrecións non están suficientemente claras nos orzamentos, como representantes galegos voten en contra deses orzamentos e lles retiren a confianza a eses orzamentos do Goberno central porque non dubido que os nosos dous deputados así o farán.

Este é o quid da cuestión; non é falar agora de grandes necesidades, de grandes concrecións, de grandes retos e planos que esta cidade ten para o seu futuro, poderíamos falar todos e estou convencido de que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista, como o Bloque Nacionalista Galego poñeríámonos de acordo absolutamente en cales son eses grandes retos que o alcalde acaba de debuxar. Estamos todos de acordo e todas as formacións políticas estamos decididos, polo menos na teoría, a apoialas.

Poderíamos seguir falando disto e non valería absolutamente para nada se non somos quen de en Madrid e no Parlamento Galego falar exactamente igual que o estamos falando hoxe aquí. Esa é a coherencia política e coherencia cunha cidade, non é outra cousa. Non son grandes anuncios, nin mocións agora electoralistas para instar a un alcalde que ademais xa acaba de dicir que xa o fixo, etc. Esta é a coherencia política que os cidadáns piden e isto é o que se chama, como dicía a Sra. Porro nas eleccións municipais e tamén o dicía o alcalde e diciámolo todos, poñer os intereses de Vigo e de Galicia por riba dos intereses partidistas. Cando a todos se nos enche a boca con isto chega o momento do demostrar, de non enganar á cidadanía.

Por unha banda o Partido Popular ten que ser consecuente e se nos orzamentos aparecen esas cuestións claras destes proxectos, van os deputados e deputadas do Partido Popular de Galicia votar a favor? Non, saben vostedes que non o van facer. Esa é a incoherencia. A mesma coherencia que lles hai que pedir tamén ós deputados do Partido Socialista que se presentaron por esta cidade e por Galicia para que se así non é, voten tamén en contra deses orzamentos e non veñan seis meses logo a pedir unha serie de votos.

Eu e o BNG respondemos por Olaia Fernández Davila e por Francisco Rodríguez de que se isto non é así, non van apoiar os orzamentos porque así o manifestaron e así o van facer.

Espero, repito, que a coherencia política das outras dúas formacións se traslade a ese ámbito no que hai que demostrar a quen se está representando, se a unha cidade ou a unha formación política.

Por último dicir, Sra. Porro, que Galicia que está dentro das comunidades máis pobres e que con eses orzamentos vai seguir séndoo, niso si que é coherente. Galicia non é unha comunidade nin un país pobre, é un país empobrecido pola política do Partido Popular nos últimos 16 anos.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Sr. alcalde, polo que se ve a vostede chégalle, é unha persoa conformista co que lle están dando e a diferenza que hai entre vostede e máis eu é sobre todo que a min non me chegou cun goberno do Partido Popular, nin me chega cun goberno do Partido Socialista porque eu antepoño os intereses xerais de Vigo ós dos partidos e sobre todo cando a Galicia se lle está discriminando con respecto a outras comunidades autónomas.

Por máis que se repitan as falsidades non se convarten en realidades. Vigo estaba fóra do mapa do AVE co goberno do Partido Socialista e, por certo, vostede formaba parte dese goberno e volve estar cun goberno do Partido Popular en Madrid. Citou o acordo do AVE, pois asine o convenio dunha vez. Acaba de recoñecer que quedou asinado un protocolo; eu asinei un protocolo e puxo en dúbida se ese protocolo era o axeitado. Na sinatura non estaba eu soa señor Caballero, estaba un secretario de Estado e a conselleira de Política Territorial. Como asinaron algo que vostede está poñendo en dúbida? Ou é que está por riba do ben e do mal, do Ministerio, da Consellería e agora ven arranxarnos a vida? O protocolo quedou asinado e se non se asinou o convenio foi, como moitas outras cousas, polas datas que viviamos. Que lle poñan agora diante o convenio porque xa pasaron as eleccións e non o atrase máis. Por certo, semella que a ministra nin o recibiu.

En canto ó caso da biblioteca é un escándalo público, cando ven aquí unha ministra e di que a cidade de Vigo non pode ter unha biblioteca porque non é capital de provincia. Iso é un escándalo dun goberno que fai política partidista. E só faltaba que nos paralizasen tamén agora o que quedou en marcha, porque se a Escola de Arte Dramática se debe a vostede que veña Deus e o vexa. Os centros de saúde tamén foron unha xestión deste goberno e nalgúns estaba rematando o trámite da cesión, é certo, pero lle vou lembrar unha cousa: moitos outros que se teñen que facer non se poden facer como moitos outros investimentos e porque non temos un plan xeral de ordenación municipal, plan que vostede prometeu que haberíao antes de rematar o ano.

Nese Plan Xeral de Ordenación Municipal non só están moitos outros centros de saúde, senón que a cidade da xustiza, a cidade do deporte, solo industrial, os túneles, a ronda, etc. Estes son investimentos que precisa a cidade de Vigo e que vostede hoxe non pode negociar porque ese plan xeral non está aprobado gracias á xestión e ó labor do Partido Socialista durante todos estes anos na cidade de Vigo.

Sr. Domínguez Olveira, dáme mágoa que se deixen os ideais, os principios dos que antes alguén falaba por unha posta en escena na que primeiro se pide e se reivindica. Dona Olaia Fernández máis eu levámonos moi ben e comparto con ela moitas cousas, pero logo iso si, o poder é o poder e prégase diante de todo e sobre todo para estar aí e esa é a coherencia da que vostede fala. Non se pode ter un discurso e logo facer outra cousa. Eu non podoo entender que vostede que foi concelleiro no anterior mandato, non se decata de que eu todos os anos mandaba

un documento ó presidente da Xunta e ó presidente do Goberno. Non sei que é máis grave, que non se decate ou que agora diga unha cousa que non é. Admito a proposta nos acaba de facer, que todos os deputados voten en contra os orzamentos se non teñen os investimentos que precisa a cidade de Vigo.

Ímonos centrar xa en temas máis concretos porque obras son amores e o demais poden ser só discursos.

O incremento orzamentario claro que é real, hai un incremento que a min dende logo non me chega e á maior parte dos cidadáns estou segura que tampouco. Pero é que o problema non é só ese, non é só que exista unha asignación dos orzamentos a Galicia, a Vigo, a esas obras determinadas; o problema é que nos enganaron durante o crecemento e o incremento orzamentario destes últimos anos e é así porque non se executou.

Non só é que aparezan os números no orzamento, o que hai que facer é un seguimento para que se executen eses orzamentos. Voulle poñer exemplos: aeroporto de Vigo, 23 millóns de euros, executáronse 6 millóns. Nova depuradora, 1 millón consignado para aquel estudo, non se fixo o estudo. Vigo-Pontevedra, saída sur, 15 millóns, non se executou. Nin a cuarta parte da metade. Podemos seguir polo Instituto de Investigacións Mariñas, a autovía, a conexión da A-57 coa A-52, 5 millóns presupostado, cero. Costas, onde está esa execución? Podemos seguir e seguir. Non fagan trampas.

Todo isto nada máis que amosa que existe un goberno que non se comprometeu nin con Galicia nin con Vigo, tivo tres anos e medio para o facer e executar un orzamento e fixo unha posta en escena dun pequeno incremento, miserable, que non chega. Non sei que vai facer vostede no ano 2012 co AVE porque aquí non chega o AVE e tamén se vai subir á noria do Porto, vai facer o mesmo, as dúas cousas, subirá a noria do Porto, subirá ó *pirulí* do medio da ría, irá de compras ós 500 centros comerciais que nos van arruinar á cidade de Vigo; todo iso farao. Todo é virtual.

Que se concrete nos orzamentos do Estado e nos da Xunta o que se ten que concretar e logo que se execute.

A realidade é a que é, durante estes anos se sufriu un *parón*. Pero vostede que é partidario, Sr. alcalde, do pensamento único como nos amosou durante toda a campaña con todo aquilo que dicía sobre: "cando teñamos a mesma color política aquí, alá ou acolá, todo se vai acadar".

É vostede o alcalde de todos os vigueses e eu pídolle que antepoña os intereses desta cidade e que pase dos planos á realidade, que os orzamentos contemplen as necesidades de Vigo, que se executen esas necesidades porque ó mellor resulta que a execución deses orzamentos lles toca a outros, pero de momento que contemplen o que ten que se contemplar.

A PRESIDENCIA: Sra. Porro, a coherencia política amósase nos números, amósase cando chegado o momento dos orzamentos aparecen as cifras e estas son irrefutables.

Non é que se incremente en termos absolutos o que se dedica a Galicia, é que se está incrementando en termos relativos, é que cada vez Galicia pesa máis nos orzamentos do Estado e estamos xa por segundo ano consecutivo por riba do 8% e por terceiro ano incrementando os orzamentos relativos de Galicia. Significa isto que cada vez temos máis peso, que cada vez se nos atende máis en relación ós demais e isto é o que realmente importa. O que importa realmente é se nós temos máis ou menos peso co resto de España e cada vez, Sra. Porro, temos máis peso e cada vez o goberno de España atende máis ó territorio galego, cousa que non sucedera xamais, xamais estivemos nin tan sequera no 7% do investimento.

O Partido Popular gobernou 8 anos e eu non lle escoitei a vostede nin unha vez unha crítica ó goberno Aznar por non investir nesta cidade. Aquí ninguén lle escoitei a vostede xamais nin unha crítica ó goberno de Fraga por deixar abandonada absolutamente esta cidade.

Aquí podemos dicir o que queiramos, podemos falar de defender á cidade por riba dos intereses partidarios, pero a verdade señora Porro é que cando se toma a decisión de que Vigo sae da "L", vostede é conselleira e está presente na reunión que todos os días nesta cidade moita xente lembra. Eu non quería entrar nisto, coido que estamos noutro estadio e non deberiamos estar xa naquel felizmente superado, pero non se pode falar de coherencia política e de defensa da cidade cando alguén, sendo conselleiro na reunión na que se lles dixo ós empresarios de Vigo que non había "L" e que o tren de alta velocidade non ía ser A Coruña-Vigo-Ourense-Madrid, pretendere neste Pleno defender os intereses da cidade.

Pero algúns si o fixemos porque a cuestión non é só defender a cidade en momentos concretos, en temas *ad hoc* duns orzamentos. Eu crin que tiña que defender a cidade antes das eleccións condicionando a miña candidatura á

reversión dunha decisión que estaba case tomada e todos vostedes sábeno perfectamente. Tratábase do tren de alta velocidade a Vigo, Vigo-Ourense-Madrid, e lémbrolles que cando o dixen, faláron de que aquilo ía ser unha pantomima electoral e que tan pronto que remataran as eleccións todos nos íamos esquecer porque se ía acabar para sempre o AVE Vigo-Madrid. Remataron as eleccións, gañámolas, o estudo informativo está aquí e o compromiso segue en pé. Por certo, asumido persoalmente polo presidente do Goberno de España e polo presidente da Xunta de Galicia.

Iso si que é defender esta cidade porque lle teño que dicir que as garantías que eu tiña cando dixen que condicionaba a miña candidatura a este feito eran cero; púxeno por diante e o presidente do Goberno de España aceptou. Vostede fixo exactamente o contrario, cando o Sr. Fraga lle dixo que se quitaba Vigo da "L" vostede quedou calada, en silencio, sen dicir nin unha verba en defensa desta cidade; iso é o que nos diferencia a vostede e a min e hoxe afortunadamente estamos no sendeiro da plasmación do AVE.

Por certo e por seguir dando cifras, esa decisión do tramo do AVE Vigo-Pontevedra que xa estaba previsto e está na alta velocidade A Coruña-Vigo-Porto, vai ter un custo de 1.000 millóns de euros. Iso é o que significa defender unha cidade.

Polo tanto niso estamos, en que afortunadamente e diso deberíamos alegrármolos todos, Vigo volve estar no mapa do tren da alta velocidade, por certo, onde eu sendo ministro o puxen e se vostede di que non teño que dicir que a súa cultura política é nula porque os mapas da alta velocidade foron publicados sendo eu ministro. Seguramente daquela non estaba vostede na política e ó mellor non se lembra e por iso a desculpo, pero así foi e alí estaba.

En canto á entrada norte o convenio que vostedes tiñan previsto e as cifras que aparecían teño que dicir que non nos gustan. Las cifras nas que se establece a entrada norte do tren de alta velocidade á cidade de Vigo, non nos parecen razoables. Claro que lle parecen razoables ó Ministerio porque o Concello de Vigo ía pagar bastante máis do que debía e por iso o estamos reformando e renegociando, por iso, Sra. Porro, estamos tentando refacer as cantidades que se empezaban a prever para o acceso norte á cidade de Vigo porque eran enormemente prexudiciais para as arcas deste Concello e xa lle teño que avanzar, para que quede satisfeita, que xa se reduciron notablemente na primeira entrevista que tivemos e non descartamos seguirlas reducindo. Isto verémolo porque se coñecerán as propostas

que lle facían a vostede e que vostede quería asinar porque antes das eleccións vostede asinaba todo, e onde está neste momento xa a decisión. De que cifras falabamos antes e de cales estamos falando agora e por certo aínda sen pechar pola nosa banda porque aínda queremos rebaixar máis as cifras que nos están dando e é que nós si queremos defender esta cidade. Sra. Porro, falamos de millóns de euros. Iso é o que nos diferencia.

Por iso ese convenio afortunadamente non se asinou antes xa que agora estaríamos presos dun convenio que significaría millóns de euros de carga adicional para este Concello. Eu garántolle que se vai asinar en prazo, antes de que se remate este ano e teremos todas as cifras diante, millóns de euros que se prevían para actividades desa entrada e que xa non son parte do que vai financiar o Concello de Vigo.

Polo tanto fíxense vostedes o que establecemos xa no ámbito da alta velocidade e en só dous meses. Pero seguiremos porque da saída sur imos seguir tratando; do sitio por onde flúe a saída sur imos seguir falando; imos falar co Ministerio de todo o ámbito da saída sur desta cidade porque coido que dende aquí había unha clara política de transixencia, supoño que co obxectivo de pretender acadar acordos que redundaran en beneficio electoral. Pois quero que saiban que nós non imos asinar nada que non estea absolutamente ó carón dos intereses desta cidade. Teño que seguir dicindo que xa estamos defendendo a cidade de tal xeito que lle podo asegurar que no Ministerio de Fomento non estamos sendo os máis simpáticos do mundo.

Sra. Porro, señores do Partido Popular, entenderán vostedes que cando nós sacamos o AVE para este territorio, para Vigo, ó mellor a algún do Ministerio de Fomento non lle caíamos simpáticos pero iso nos importa pouco, o importante era acadar o AVE, gustáralles a algúns do Ministerio de Fomento ou non e ó mellor a algúns non lles gustaba pero o sacamos cunha aposta política firme e decidida. Así o imos seguir facendo con todas e cada unha das cuestións que teñan que ver con esta cidade e todas e cada unha nas que teñamos que entrar a discutir dende a cidade. Asinarase un convenio con toda probabilidade antes de que remate o ano e asinarase consonte cos intereses da cidade.

Pero tamén lle digo que se eu vira que ese convenio non reúne cifras que sexan defensoras dos intereses desta cidade non o imos asinar, ímolo seguir pelexando porque ninguén nos vai facer parar na defensa dos intereses do Concello de Vigo.

Sra. Porro, eu non respondo da súa xestión coa ministra de Cultura, diso ten que responder vostede. Eu respondo da miña xestión co actual ministro de Cultura e respondo de que nesta cidade vai haber unha biblioteca pública estatal financiada dende o goberno de España.

Se eu lle citaba a Escola de arte dramática era para dicir que vai haber orzamentos o ano que ven porque nestes momentos a conselleira está presentando o proxecto. É certo que algunhas das cuestións do solo de centros de saúde estaban pendentes do Plan xeral de ordenación municipal, pero non o de Bouzas. O solo de Bouzas nestes momentos está desbloqueado e en proceso de cesión á Consellería. Vostede non foi quen do facer, tivémolo que facer os que estamos aquí.

En canto á Cidade da Xustiza non imos esperar polo Plan xeral de ordenación municipal, imos arrancar xa. Vostede teríase que ter encargado de que iso xa se fixera hai un ou dous anos, arrancando do xeito que imos facer sen necesidade de esperar polo Plan Xeral.

Sra. Porro, eu respondo das cuestións desta cidade dende que son alcalde, de que non executaran antes responde vostede, de que o goberno de España non executara responde vostede que non eu. Eu non podo responder do que aquí sucedeu cando eu non era alcalde e nin tan sequera concelleiro. Polo tanto eu si que respondo, Sra. Porro, e estea vostede tranquila de que en tanto eu estea nesta Alcaldía habrá execución dos orzamentos do Estado e se non é así, direino en público, denunciareillo e direi do organismo responsable da Xunta de Galicia e do goberno de España que non están a executar os orzamentos. Este é un compromiso firme que respectarei.

Pero ademais lle quero dicir outras cuestións. Sra. Porro, de todo o que nós presentamos no ámbito do noso programa electoral relacionado con infraestruturas, o que inclúe as do porto de Vigo, non renunciamos a nada e dígollo solemnemente neste Pleno. Espero que vostede se alegre desta afirmación, que estea satisfeita de que o porto de Vigo enfrente os proxectos urbanos que precisa esta cidade e que enfrente definitivamente derrubar a barreira que separa o porto da cidade.

Estamos nun momento de materialización de investimentos pero tamén nun momento que por carencia de actuacións anteriores, estamos dando os pasos imprescindiblemente previos para poder executar orzamentos porque no AVE por Cerdedo, se non existe estudo informativo, declaración ambiental e todos os trámites administrativos, non poderá haber orzamentos.

Sra. Porro, señores do Partido Popular, alégrense porque neste momento os compromisos asumidos polo goberno de España cumpríronse e os compromisos asumidos pola Xunta de Galicia cumpríronse. Probablemente vostedes en troques de se alegrar porque as cousas están marchando ben, recorren á súa posición partidaria e facendo o contrario do que están a dicir pretenden alegrarse das súas manifestacións de que as cousas non se van cumprir. Desafortunadamente os feitos son moi teimudos e todos os investimentos e compromisos estanse a materializar e a levar cara adiante.

Miren se falamos igual en Madrid que aquí que antes de que Madrid tomara a decisión do pase do AVE por Cerdedo, a obra máis importante desta cidade, foi o Partido Socialista de Vigo quen puxo todo o empeño en que isto fose cara adiante cando moitos o daban por abandonado e perdido. Foi o Partido Socialista desta cidade quen puxo todo o empeño para que o que acaba de suceder o sábado pasado fora realidade. Precisamente porque o Partido Socialista de Vigo non só di o mesmo aquí que en Madrid, senón que neste caso se adiantou a Madrid e fixo que ese AVE por Cerdedo fose realidade, hoxe o estudo informativo está publicado.

Quero dicir polo tanto que benvidos sexan todos os apoios para este goberno para acadar que a cidade teña os maiores logros pero en ambición é difícil que ninguén nos gane.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coido que hai algo que si me diferencia tanto da Sra. Porro como do Sr. Caballero. Gústame sempre poñerme na pel do cidadán, da cidadanía que nos está a escoitar e que mañá vai ler as nosas declaracións a través dos medios de comunicación ou que nos vai escoitar a través das televisións e demais. Gústame poñerme sempre na súa pel, coido que é un exercicio de reflexión que todos os políticos deberíamos facer acotío porque seguramente iso nos fará estar máis preto dos que dicimos que representamos porque seguramente así o é. Vanme perdoar pero isto me está lembrando moito a hai tres meses atrás, a aqueles debates electorais que tiñamos tanto o Sr. Caballero, a Sra. Porro e máis eu, cada un de nós tentando transmitir loxicamente a nosa mensaxe, a nosa idea de cidade, un pouco o que pensábamos que habería que facer nesta cidade. Digo que me lembra moito aquilo porque o que se di non cambiou e eu creo que deberían cambiar porque o que diferencia eses debates de hai tres meses ós de agora é que xa os cidadáns xa ditaron que queren un goberno do Partido Socialista

e do Bloque Nacionalista Galego e que queren que o Partido Popular estea na oposición.

Isto é moi importante e temos que cambiar o “chip” porque xa ditou a cidadanía a súa sentenza cuns programas de goberno que as formacións políticas fomos presentando. Eses programas de goberno tiñan dous eixos fundamentais: a consecución desas grandes infraestruturas que esta cidade precisa e outro bloque fundamental repetido e defendido tamén nesa campaña electoral que eran as cuestións que afectaban á vida cotiá dos cidadáns, ás súas necesidades sociais, en definitiva, á súa calidade de vida.

A verdade que serei eu e a nosa formación política os primeiros que imos apoiar sempre calquera tipo de iniciativa. Apoiaremos ó alcalde desta cidade sempre que vaia cara Madrid para reclamar o que esta cidade precisa. Apoiaremos ós representantes do Partido Popular mesmo nas súas críticas contra a propia Xunta naqueles momentos en que esas críticas sexan xustas xa que responden a incumprimentos con esta cidade; apoiaremos todo iso pero nos falla algo, señores do Partido Popular e do Partido Socialista, temos que empezar a falar e moi en serio tamén duns orzamentos e dunhas consecucións sociais para a nosa cidade porque repito que iso é o outro pilar básico que as dúas forzas políticas que nos presentamos ás eleccións defendíamos.

Non se trata de facer política partidista, Sra. Porro, nin de se pregar a nada. Vostede acaba de dicir que o Bloque Nacionalista Galego prégase ó poder; nós en Madrid non temos poder, non estamos gobernando o Estado, pero o que si estamos é incidindo, como non o están a facer os deputados do Partido Popular, en que Vigo e Galicia teñan o que lles corresponde. Non nos pregamos absolutamente a nada.

Señores son tamén moi importantes as cuestións sociais, como a de que nesta cidade hai que rematar ós poucos coa exclusión social de moitos colectivos, hai que investir moito máis en ensino e en educación, temos que esixir tamén do goberno central que non se lle enche a boca en falar dunha lei de dependencia porque temos moitos dependentes en Galicia e en Vigo e que logo non transfira os fondos necesarios para realizar todo iso. Temos que incidir tamén nunha política de transporte colectivo e levamos moitos anos sen recibir subvencións do Estado para o transporte colectivo da nosa cidade e iso tamén o temos que reclamar.

Todas estas cousas son moi importantes pero a calidade de vida dos nosos cidadáns tamén porque a maioría deles non van ver os orzamentos do Estado, van escoitalos,

se lles van contar e os cidadáns loxicamente vanse atopar cunha cuestión moi clara: que uns van dicir que eses orzamentos son moi bos e outros que non valen absolutamente para nada porque iso se repite constantemente, ese é un xogo político ó que a maioría da cidadanía está desgraciadamente xa acostumada.

Cando se aproben os orzamentos do Estado verán unhas formacións políticas que digamos que cumpren os requisitos e outras que digan que non. Por moito que diga a Sra. Porro que acepta a miña proposta, o Partido Popular non vai aprobar os orzamentos do goberno central, os deputados pontevedreses non os van aprobar porque xa o están dicindo moito antes de que nin sequera se debatan e porque loxicamente están tamén na oposición no Parlamento de Madrid precisamente para tentar gañar as eleccións o que si é lexítimo, e cando iso se pon por riba de todo evidentemente non se pode apoiar a un goberno.

Cuestións sociais que son tan importantes para que esta cidade cando lea o que uns e outros dicimos sobre os orzamentos dentro dun ou de dous anos vexa que ó carón da súa casa, que no seu contorno se pode vivir mellor. Se ademais a iso lle engadimos o AVE, a ampliación do aeroporto e todas esas cuestións que tamén son fundamentais, o vigués e viguesa poderá por fin visualizar e comprobar que un goberno central e un goberno da Xunta lle prestan a esta cidade a atención que merece.

Señor alcalde, dáme exactamente igual quen puxo o AVE nesta cidade, os cidadáns o que queren é que as grandes infraestruturas se cumpran. Eu efectivamente non estaba en política activa cando vostede era ministro pero se é certo que vostede puxo o AVE e logo llo quixeron quitar porque tivo que o poñer agora vostede mesmo segundo palabras de seu, pídolle que entón teña coidado, non vaia pasar igual porque o AVE para que non nolo quiten, nin nos quiten todas esas grandes infraestruturas que precisa esta cidade teñen que seren consecucións de toda a cidade. Iso é unha vez máis ó que invito ó Partido Popular, a que colabore con este goberno municipal para que esas infraestruturas e esa política social que necesita esta cidade chegue a bo porto. Ó final, señora Porro, lle toque a quen lle toque executar os orzamentos, só hai unha realidade: os que estamos en política e os que pedimos o voto estamos non para executar uns números ou unhas cantas partidas orzamentarias, estamos para executar un plan de vida para os nosos cidadáns, para que eleven a súa calidade de vida e iso é o que nos ten que diferenciar sempre a aqueles que queremos traballar pola cidade sen partidismos, sen medallas

individuais e si coa xenerosidade política de nos apoiar entre todos para que esta cidade avance.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Sr. Domínguez Olveira, non sexa Aramís Fuster, o PP dirá o que teña que dicir como o diremos todos os demais con respecto ós orzamentos pero eu lle acepto a proposta que vostede fixo. Sempre me van ter ó seu dispor para pedir e reivindicar máis e para que se lle dea a Vigo o que precisa, o que se merece, estea gobernando o partido que sexa.

Pero teño que dar algún dato máis. Autovía Pontevedra-Vigo, A-52; esta autovía que estaba incluída no Plan Galicia tiña un orzamento estimado de 480 millóns de euros e conectaba Pontevedra coa A-52 entre O Porriño e Pontearreas nun ramal a Puxeiros. Segundo os compromisos parlamentarios debería estar en servizo no 2010. O goberno do PP deixou o estudo informativo en redacción dende o verán de 2003. Co goberno socialista o expediente practicamente non avanzou absolutamente ren porque decidiron dividir a tramitación o que implica máis atrasos.

Queda claro que a autovía que serviría para desconxestionar Rande non é unha prioridade nin para o Ministerio de Fomento, nin para a Xunta de Galicia.

Sigan con Rande, non estamos dicindo que non a Rande, pero xa me explicarán vostedes a min e a todos os cidadáns unha dúbida que nos quedou. Como van ser as novas entradas en Vigo desa autoestrada porque senón estamos nas mesmas.

Autovía Vigo-O Porriño. A construción dunha autovía entre Vigo e O Porriño, alternativa ás perigosas curvas de Tameiga construídas polo Sr. Touriño cando era responsable de infraestruturas no goberno central, comprometeuse polo Ministerio de Fomento en abril de 2003, cun prazo de remate no 2010. O estudo informativo licitouse no 2003, sen embargo a información pública atrasouse ata xuño de 2005 e a declaración de impacto ambiental emitíuse en xaneiro de 2007. Ademais ese trazado proposto polo Ministerio todos sabemos o que está supoñendo, unha forte contestación social. En todo caso, nin sequera se iniciaron eses proxectos construtivos que coido que logo de tres anos e medio algo se tiña que ter feito.

Tema do AVE. Mire que o repite e dígolle o que lle dixen antes, antes quería ser suave e dicía que non se pode fallar á verdade porque aínda que o repita un milleiro de veces non quere dicir que se converta en verdade. Agora llo digo de xeito máis contundente: mente e manipula.

Non me interrompa, vostede non sabe dirixir o Pleno se me interrompe, teño posesión da palabra e a miña verba é a verdade, coinciden as dúas cousas.

O compromiso parlamentario sobre o AVE Vigo-Ourense por Cerdedo eu dígolle que en principio o goberno do Partido Popular fixo unha proposta de que o AVE tiña que chegar a Vigo polo Miño e nesta cidade, eu encabezando e tamén o señor Figueroa dende o Pleno do Concello que reivindicou e pediu cos axentes sociais como saben moi ben algúns dos que están aquí, o Sr. Figueroa con toda a Corporación pediu e reivindicou que chegase o AVE Ourense-Vigo por Cerdedo. En reunións cos axentes sociais no Club Financeiro, lugar que coñecen moi ben, pediron e reivindicaron algo que nos parecía totalmente xusto.

Con UXT tiven varias conversas e precisamente cos responsables de temas que teñen que ver con RENFE e vostede, que agora forma parte desta Corporación, sabe que fun a primeira en abandeirar e poñerme ó fronte desa reivindicación porque era xusta. Esa é a diferenza que temos vostede e máis eu, que eu son quen de lle pedir e de reivindicar a un goberno do Partido Popular algo que é xusto para Vigo. Nese momento cambiou porque en decembro de 2003 houbo unha decisión de apertura do trámite de consultas previas ambientais do trazado por Cerdedo. Iso é público e foi no 2003, se vostede di outra cousa mente.

Chega un momento que pensamos se teñen algún problema doutro tipo porque realmente pasan do branco ó negro. Unha cousa é o debate e prometer, pero outra é faltar á verdade de xeito permanente porque iso é grave.

Eu asinei ese protocolo co Ministerio e agora vostede está aquí dicindo publicamente que con ese convenio, que non nolo quixeron dar ata pasadas as eleccións, o Ministerio queríalle facer unha trampa á cidade de Vigo. Na última parte do convenio, poñía as cifras o Ministerio e estanos recoñecendo publicamente que o que lle puxo agora no convenio o Ministerio teno que rectificar, está dicindo iso, non nos enviou en ningún momento o convenio porque senón ó mellor estaba asinado. O único que eu asinei foi ese protocolo e eles dixeron que o tiñan e preocupáronse moi moito de que pasasen as eleccións para o asinar.

Está interrompéndome todo o tempo, non se poña nervioso. Vostede está faltando á verdade unha vez máis como faltou ó longo de toda a súa historia política. Claro que vostede ten historia. Eu daquela non estaba en política, ten razón. 3 de maio do 88: "Abel Caballero anuncia trens de alta velocidade ata Galicia. Abel Caballero

anunciou en Vigo que no ano 93 Galicia contará con trens de alta velocidade". Non lle vou falar de do túnel.

A PRESIDENCIA: Sra. Porro, deixei a alta velocidade en Vigo, aí a ten, acaba de ler vostede o que eu lle dixen: "Haberá alta velocidade en Vigo no ano 93" e eu era ministro daquela.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Segue interrompéndome. Saiba dirixir un Pleno, estou en posesión agora mesmo da palabra, déixeme continuar.

Pero non só ó longo da súa historia amósase que de xeito reiterado non di a verdade; son cousas como o do túnel aquel de Marrocos e todas aquelas cousas. Vostede di agora que en ambición ninguén lle gaña pero o malo é que ten razón, di toda a verdade. Resulta que é tan ambicioso que nos monta unha película das tres e cuarto, non se pode chamar doutro xeito, que non ten ningunha viabilidade, que o actual presidente da Autoridade Portuaria que, por certo nós temos que felicitar porque está dando mostras de sensatez, está dicindo que iso é inviable e agora o meteu en tal zarangallada que ten que saír hoxe e dicir a todos os cidadáns que vai facer un estudo para ver a situación do recinto portuario e as necesidades do futuro, pero que casualidade porque, saben canto tarda? Seis meses. Dirannos que non vai facer o que vai facer porque non pode prexudicar ó seu goberno e a vostede diante dunhas eleccións.

Esas son as súas zarangalladas e por iso temos que facer a oposición que temos que facer e ter moito coidado porque vostede é un perigo. Pero eu lle aseguro que me vai ter ó seu carón aínda que sexa un perigo, que o é, cando vostede defenda de verdade os intereses da cidade. Mentres sega con pantasmadas seguirei dicindo o que teño que dicir.

Só espero que vote non só a moción que presenta o Partido Popular, senón tamén a emenda do Sr. Domínguez Olveira.

A PRESIDENCIA: Sra. Porro, coido que en troques de pechar o debate abriuno e polo tanto coido que estamos en situación de seguir na cuestión. Vostede falou de cuestións que nada tiñan que ver co anterior debate, insultoume e usou uns modos propios do Sr. Figueroa; eu pensei que vostede usaba outros modos, pero sen lle dedicar demasiado tempo lle vou contestar.

Xa queda claro na súa propia lectura dos xornais que eu sendo Ministro si comprometín o AVE con Vigo, outros viñeron logo que o atrasaron e alguén quitouno. Pero imos a quen o quitou porque quen o atrasou se coñece. Quitouno o Sr. Aznar, o Sr. Fraga e máis vostede. Sra. Porro, cando se lle di a verdade fai espaventos pero as fotos e os xornais e os datos están aí.

Sra. Porro, no Club Financeiro non daban crédito cando a viron a vostede quedar calada diante do Sr. Fraga cando este dixo non á "L", non ó tren de alta velocidade en Vigo. Adoita falar con os que estaban diante porque é xente que está aquí aínda, xente que está na cidade e que sabe ben o que vostede fixo daquela.

Claro que si, no ano 88 eu cesei coma ministro pero no ano 87 elaborei un plan de transporte ferroviario no que Vigo ocupaba o mesmo lugar que Barcelona ou Sevilla e polo tanto cada quen responde e iso pódese constatar nos datos. Voulle enviar a vostede unha copia dese plan de transporte ferroviario para que vostede o constante. Voulo enviar a todos os membros da Corporación para que xamais volva dicir que iso é mentira. Tamén lle enviarei unha copia da prensa a todo o mundo de como vostede sendo conselleira quedou calada cando o Sr. Fraga deixou a Vigo sen AVE. Tamén llo enviarei a toda Corporación.

En terceiro lugar eu entendo que estean vostedes moi preocupados politicamente porque o estudo informativo do AVE de Vigo-Ourense por Cerdedo saíu nos prazos previstos pero coido que erran, coido que deberían adoptar a actitude contraria que é dicir que é espléndido que estea aí, sigamos atentos para que todo continúe nos seus prazos. Non tentar negar unha evidencia nesta cidade que é que custou moito traer ese proxecto para aquí pero ó final é realidade e, señores do Partido Popular, non se lle debe precisamente a vostedes.

Que nestes momentos ese estudo informativo estea publicado, mil millóns de euros comprometidos nesa previsión, débesele ó Partido Socialista de Vigo, non quero poñer a miña persoa por diante, débese a nós. Isto é algo constatado por toda a cidade e diante diso vostede, señora Porro, só pode argüír verbas e insultos porque todo isto pódese constatar nos datos. Eu xamais falto á verdade, señora Porro, podo errar como todos pero xamais falto á verdade.

Vólvolle reiterar que eu garántolle que no porto se van facer os dous proxectos que comprometemos e dou un paso máis: garanto a este Pleno que se van facer eses dous proxectos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coido que hai que deixar que os cidadáns que xa nos escoitaron e nos van escoitar abondo tomen nota e van tomar nota ineludiblemente cando no debate dos orzamentos do Estado e da Xunta escoiten a uns e ós outros. Van escoitar a uns que van defender os intereses de todos os galegos e galegas e van non escoitar a outros que unha vez máis van estar mudos.

Coido que esa é a realidade, todo o demais é darlle voltas ó mesmo, falar do mesmo e sobre todo descualificacións tras descualificacións. Na vida política ou polo menos así o quere facer a nosa forza política, hai que gobernar con feitos, con realidades, hai que ser oposición construtiva, oposición que estea ó carón das consecucións da cidade e loxicamente tentar dignificar esta Corporación e o noso quefacer. Eu así espero e levo algúns Plenos dicindo o mesmo, que esta Corporación avance nese camiño.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Por máis que mesture non me pode situar no ano 88 e no ano 93 na política porque efectivamente eu non estaba.

Que lle expliquen algúns que unha cousa é a "L" e outra é a proposta de Vigo-Ourense por Cerdedo. Son dúas cousas distintas así que non mesture para tentar confundir. Unha cousa é a "L" e outra é a proposta que agora se defende e que todos estamos defendendo e apoiando. Unha vez máis está utilizando falsidades para cambiar as cousas aínda que non as cambia porque a verdade a coñecen todos os cidadáns.

Sr. Domínguez Olveira, retira entón a súa proposta? Pois só lle teño que dicir que se agora vostede di que non hai ningunha proposta é ó que eu me refería na miña segunda intervención, nin máis nin menos, porque unha cousa é o discurso e outra é como se venden diante dun goberno, o poder polo poder. Está recollido e senón podemos escoitalo na cinta e invito a todos os medios de comunicación que escoiten a proposta de seu para incluír nesta moción.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar, o que lle criticaba vostede hai medio minuto ó alcalde, están a facer agora vostede, está tentando equivocar.

Primeiro, eu non podo presentar unha proposta a unha emenda de seu que non afecta a unha decisión que nós tomemos aquí, eu non podo presentar unha emenda que diga que os deputados do Partido Socialista e do Partido Popular voten porque está claro que nin eu nin esta Corporación temos capacidade de decisión sobre o

que uns deputados van ou non facer. Agora ben, se vostede a quere incluír fágao pero así; que esta Corporación, ademais de instar ó seu alcalde para que leve todos os temas, que inste ós parlamentarios do Partido Socialista e do Partido Popular a que defendan eses mesmos intereses. Póña, por suposto que si. Ós do Bloque tamén pero aí non é tan necesario porque o están facendo durante todos estes anos.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Porro, isto é un auténtico despropósito. Se vostede quere xustificar a súa moción coido que o debe facer, xa nos estendemos suficientemente sobre as argumentacións e non podemos mesturar cuestións que nin son de procedemento, nin corresponden a este Pleno. O señor Domínguez Olveira en ningún momento propuxo ningunha emenda, as emendas preséntanse por escrito, anúncianse e xustifícanse.

Isto non ten sentido e coido que a coloca a vostede a un nivel político bastante baixo pretender que este Pleno se dirixa ós deputados duns ou doutros partidos políticos. Vostede pode facer as consideracións que queira; iso poderíao facer cando era alcaldesa e podería ter feito tamén moitas das cousas que estivo argumentando aquí, pero de verdade, polo prestixio deste Pleno, nin vostede, nin o señor Domínguez Olveira, nin ninguén lle entremos no xogo.

Aquí hai unha moción presentada por vostede, debateuse ata a saciedade, estanse consentindo determinados modos e maneiras que só vostedes están establecendo neste Pleno e un día acusábame directamente a min de querer coartar a liberdade de non sei que xeito e o único que lle pedira ó alcalde daquela era que este Pleno pola súa propia dignidade tivese as formas correctas ás que vostedes están faltando.

Polo tanto está moi ben que presenten as cuestións que queiran, que argumenten co beneplácito e coa flexibilidade do alcalde ata a saciedade cuestións que non teñen que ver coa moción porque todo en vostedes remata en discursos de política xeral pero, por favor, pídolle que non menosprece a este Pleno. Que nos atinxamos á moción que presentou e que vostede, que se está enchendo a boca dicindo que os demais faltan á verdade, non caia en inconcrecións e en manipulacións.

Aquí non se fixo ningunha proposta, nin este Pleno lle ten que dicir a ninguén parlamentario o que debe facer. Vostede nesta moción en concreto xa o fixo o ano pasado, é facer escritos e instar ós gobernos cando xa pasou o procedemento. Sería

vostede a que debería avergoñarse lixeiramente cando ó presentaren esta moción recoñece que os orzamentos xa están presentados e recoñece que en todo caso no trámite parlamentario é onde isto se debería modificar.

Polo tanto, por favor, sexamos serios en relación coa proposta presentada.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Sr. Domínguez Olveira, terá algo que dicir...

A PRESIDENCIA: Sra. Porro, non ten a palabra, desconecte o micrófono, por favor.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Paréceme mal, señor alcalde.

A PRESIDENCIA: Non ten a palabra neste momento. Coido que esta moción está sobradamente debatida, debatemos isto durante unha hora e tres cuartos.

Imos votar a moción presentada polo grupo popular que di do seguinte xeito: “Instar ó alcalde a que remita de contado ó presidente do Goberno de España e ó presidente da Xunta de Galicia un informe detallado das necesidades e proxectos da cidade en materia de infraestruturas, equipamentos e outros asuntos de competencia estatal e autonómica co obxectivo da súa inclusión nos orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2008. Que se remita o documento ós membros do Consello Económico e Social de Vigo”. Isto é o que se somete a votación.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Sr. Domínguez Olveira, vostede con iso queda como unha mona.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por alusións. Chámeme vostede o que queira pero sempre con respecto, por favor. Eu nunca nesta Corporación dirixinlle a vostede ningún tipo de cualificativo despectivo, nunca, nin o penso facer. Polo tanto iso de que “queda vostede como unha mona” non, nin llo admito, nin é así. Sinxelamente a diferenza entre vostede e eu é que se este problema desta emenda, que si que a presenteí hai un minuto, vai crear algún tipo de discusión e non se vai poder aprobar por unanimidade a súa, retíroa polo ben desta Corporación. Nada máis.

A PRESIDENCIA: Sometemos a votación a moción do Partido Popular tal e como figura no documento asinado por dona Corina Porro Martínez.

(Están ausentes os Sres. Guerra Fernández, Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Porro Martínez, instando a remisión ós presidentes da Xunta e do Estado das necesidades da cidade para a súa inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma e do Estado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

36.- (124).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTANDO Ó GOBERNO MUNICIPAL A CONSTRUCCIÓN DE ACCESO Á RESIDENCIA DE MAIORES DE BEMBRIVE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de setembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

“As insistentes demandas dos veciños e veciñas de Vigo sobre os accesos á residencia de maiores da parroquia de Bembrive, lévanos a presentar a urxente necesidade que a continuación se argumenta.

Dende que se inaugurou a residencia, o acordo asinado entre o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive ten pendente de cumprir a parte que debe asumir o Concello. O proceso para executar a urbanización do vial de acceso ó mencionado centro, tivo que pasar por unha modificación puntual do PXOM, despois de que o vial previsto atopase no seu trazado inicial un descubrimento de mámoas que no día de hoxe se conservan xunto con outras nos montes de Bembrive.

Con estes antecedentes e subsanada a situación urbanística para acometer a obra, é necesaria a vontade e o compromiso do Goberno Municipal de cumprir o acordado no seu día coa Entidade Local Menor de Bembrive.

Primeiro porque se asinou un documento que o Concello ten que cumprir e en segundo lugar porque a insistente demanda dos veciños e veciñas da parroquia e

dos usuarios tanto da residencia, do Hospital do Meixoeiro e da residencia asistida, teñen que ter resposta inmediata.

Ademais temos que pensar que un acceso como o actual non permite dispoñer duns mínimos de seguridade á hora de circular polo mesmo. Calquera emerxencia que se poida presentar podería supoñer un inconveniente insalvable de consecuencias imprevistas.

Por todo isto, o GM do Partido Popular propón o Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a construción dos accesos á residencia de maiores da parroquia de Bembrive”.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ÁLVAREZ: No mes de febreiro do ano 2000 o Concello de Vigo dirixiuse á Entidade Local Menor de Bembrive solicitando unha parcela de 7.700 metros para a construción dunha residencia de maiores. Naquel acordo polo que se cedeu a parcela estaba recollido que había que facer un acceso á devandita residencia. Pasou tempo xa e coido que hai que cumprir ese acordo.

SRA. ABELAIRAS PÉREZ: Coido que esta moción deberían respondela os membros do Partido Popular.

Efectivamente no ano 2000 asínase un convenio e cédese unha parcela; no ano 2001 fálase de que se ten que facer un convenio entre o Concello de Vigo e a Consellería de Política Territorial e, como vexo que a señora Porro ten tanto poder sobre os concelleiros do Partido Popular que é quen de lles dicir o que teñen que votar no Parlamento, pois contéstense vostedes a si mesmos e así nos decataremos todos de por que non se fixo a modificación nese convenio.

Daquela coido que era conselleiro de Política Territorial o Sr. Cuíña e logo foino o Sr. Feijóo. Ou sexa, coido que o mellor que poden facer é responder vostedes mesmos. De todos os xeitos téñolle que agradecer ó Sr. Comesaña que me facilitara unha copia do acordo plenario, cousa que me foi máis fácil que ir á Secretaría Xeral, porque eu andei buscando tanto en Urbanismo como en Vías e Obras ese convenio e non apareceu en ningures. Sería como aquel outro convenio que asinaba o Sr.

Figuroa coa Comunidade de Montes de Candeán e que pasaba pola Xunta de Goberno pero sen fiscalizar.

Coido que todos deberiamos aprender un pouco de democracia e ademais me van permitir que diga algo aínda que non pensaba dicir absolutamente nada. Nós imos votar a favor desa proposta pero porque ía no noso programa electoral e dicirlles que para que se fagan estas cousas primeiro hai que facer un estudo, logo un proxecto, logo presupostar as obras, asinar ese convenio e logo de asinado, habilitar a partida correspondente e e despois executala. Ese é o procedemento e por iso lles pido que se respondan a vostedes mesmos.

Dende a miña humilde condición de concelleira permítanme que lles dea un consello: admitan dunha vez que son a oposición e trátennos cun pouco máis de respecto. Precisamente o que acaba de dicir vostede agora, Sr. Figuroa, é unha expresión que debería retirar como a que dixó hai uns momentos a Sra. Porro.

SR. COMESAÑA ABALDE: Non entendo cando a Sra. Abelairas di que sexamos respectuosos.

Ese terreo cedeuse. Vostede di que buscou o expediente. Mentira. Eu voulle dar agora datos e datas sen ningún problema.

O 20 de febreiro cédeselle o terreo ó Concello. O 7 de febreiro de 2001, un ano despois, os señores do Concello chámanme para me dicir que non teñen cartos e que hai facer o vial a través dun convenio coa CTOPV. A miña resposta foi que me daba igual quen o fixera. O 11 de marzo de 2002 dende Urbanismo faise unha xestión e vese que nese vial do PXOM aparecen unhas mámoas; iníciase un expediente para redactar un novo proxecto, proxecto que está redactado, que custa 9 millóns de euros para dar o servizo ó Meixoeiro e ás tres residencias que alí se localizan.

Se quere coñecer isto déixollo eu porque parece que vostede non o atopou; doullo e queda aquí. Vostede dixó que non había proxecto e si o hai.

SRA. ABELAIRAS PÉREZ: Lea a parte final do acordo plenario. Falla o convenio coa Consellería de Política Territorial.

SR. COMESAÑA ABALDE: Volvo dicir o mesmo: será un problema do goberno, se fixeron os proxectos terán que asinar o convenio. Daquela non se podía facer o vial porque había un problema.

Non digan que non hai proxecto porque si está feito e non se ría, Sra. Abelairas, porque se expuxo ó público e houbo as correspondentes alegacións, téñoos aquí. Se non se decata pregúntelle á súa compañeira de Urbanismo e verá como si o ten.

A PRESIDENCIA: Non hai máis quendas de palabra. Imos votar a moción tal e como figura no texto do Partido Popular.

(Están ausentes as Sras. García Míguez e Porro Martínez e os Sres. Coello Bufill, Guerra Fernández, Martiño Gómez, Rivas González e Rodríguez Díaz).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, de instando a construción de accesos á residencia de maiores de Bembrive, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

37.- (125).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP INSTAR Ó MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA A REFORMA LEXISLATIVA NECESARIA PARA A EXENCIÓN DO IBI NA ADQUISICIÓN DA PRIMEIRA VIVENDA ÁS PERSOAS MENORES DE 35 ANOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de setembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“Desde o Partido Popular estamos convencidos que unha das políticas máis importantes e efectivas é, sen dúbida, a de rebaixar a carga fiscal dos cidadáns, e neste caso o Partido Popular demostrou suficientemente non só a súa vontade, senón a efectividade en implementar políticas de diminución da fiscalidade á cidadanía.

Un dos problemas que máis afectan á sociedade actual é a dificultade da xuventude para alcanzar a súa emancipación a cal conséguese a idades cada vez máis tardías, circunstancia esta na que inflúen diversos factores, entre os que merece especial consideración o tema da vivenda. Establecer unha modificación do TR da Lei de Facendas Locais e establecer unha exención do IBI durante tres anos aos menores de 35 anos, é unha medida que, xunto a outras, contribuirá sen dúbida a diminuír as dificultades xeralmente económicas da xuventude e á consolidación dos seus proxectos de vida persoais.

Do mesmo xeito deberíase poder establecer tipos diferenciados atendendo ás circunstancias persoais e económicas dos cidadáns, para colaborar na mellora da economía cidadá, converténdoo dese modo nun auténtico IBI social, no que a persoa propietaria pague en función das súas circunstancias persoais e económicas, contribuíndo así a diminuír os desequilibrios económicos da cidadanía e un maior reequilibrio fiscal.

Neste ánimo é polo que desde o Grupo Municipal do Partido Popular propónse ao Pleno da Corporación, co fundamento legal invocado ao principio desta moción, que se tome o acordo que segue:

Instar ao Ministerio de Economía e Facenda a fin de que introduzan na próxima Lei de Acompañamento aos Orzamentos Xerais do Estado de 2008 a reforma legislativa necesaria da Lei Reguladora das Facendas Locais a fin de que:

- 1.- Que se recoñeza a partir do próximo exercicio fiscal a exención do imposto de bens inmoables durante os 3 primeiros anos dende a data de adquisición da súa primeira vivenda as persoas menores de 35 anos.
- 2.- Se faculte na devandita norma aos Concellos a fin de que poidan establecer tipos diferenciados no imposto sobre bens inmoables e reducir ata o 50% a cota a pagar en función da capacidade económica da persoa propietaria.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Bos días, señor presidente e señores concelleiros. Unha vez escoitada a intervención da nosa compañeira, dona Isaura Abelairas, non sei se empregar aquilo que utilizabamos “dito sexa cos debidos respectos”, pero en todo caso alegroume escoitar ó principio deste Pleno a intervención da concelleira de Economía cando dicía que o goberno municipal ía estar cos máis desfavorecidos. Sen dúbida coido que iso indica que van apoiar a moción que traemos a este Pleno. Ou non, xa o veremos.

Dende o Partido Popular estamos convencidos, coido que o amosamos sobradamente, que unha das políticas máis importantes e efectivas á hora de

rebaixar a carga fiscal ós cidadáns é precisamente coller o “touro polos cornos”, se me permiten a expresión, e tomar medidas efectivas nese sentido.

A vivenda desgraciadamente segundo as últimas enquisas do Centro de Investigacións Sociolóxicas, como sen dúbida coñecerán, converteuse na segunda preocupación dos españois, antes estaba no quinto ou sexto posto e maximo que nisto influirá o feito de que durante este tempo cada vez haxa maiores dificultades para atender os pagamentos ó final do mes das hipotecas, as subas dos tipos de interese e todas estas circunstancias.

Un dos colectivos que sen dúbida ten maiores dificultades á hora de asumir todas estas cousas ás que aludía é o da xuventude. Un dos datos máis preocupantes cos que nos atopamos é que hoxe en día España está á cola de emancipacións dentro da Unión Europea se tomamos como xuventude ata os 35 anos e Galicia está á cola de España xunto con Asturias e Cantabria.

Un dato que coído moi preocupante e que nos debería facer reflexionar a todos é que a partir do ano 2006 en España os xoves deben destinar máis dun 55% do seu salario mensual para o pagamento dunha vivenda en propiedade e pensamos que é un dato realmente preocupante. Supéranse con fartura os máximos históricos dentro deste período dos últimos anos e supérase tamén o máximo do límite tolerable que equivale a un terzo dos ingresos como ben saberán. Estes non son datos que traíamos nós de non se sabe moi ben onde, senón que figuran nos propios informes do Consello da Xuventude de España, o que nos debería facer reflexionar ó respecto.

Seguramente me van dicir que esta medida que hoxe traemos a este Pleno de instar ó Ministerio de Economía e Facenda a esta exención para os mozos durante estes tres anos non vai ser a panacea, non vai solucionar definitivamente os problemas dos xoves para poder levar cara adiante os seus proxectos persoais de vida, pero coidamos que é unha medida máis que engadida a outras pode redundar precisamente en que os xóves poidan acometer eses proxectos.

Entendemos por outra banda que os concellos debemos aspirar a ter unha maior autonomía en canto á nosa xestión e mesmo á hora de poder establecer tipos diferenciados no imposto de bens inmobles, de aí a segunda parte da nosa moción. Entendemos que as ordenanzas fiscais deberían poder establecer estas diferencias atendendo ás circunstancias personalismo e económicas dos cidadáns, convertendo deste xeito os impostos nun auténtico imposto social. Coidamos que as políticas

sociais tamén se poden facer dende un punto de vista impositivo e propoñemos por dito feito que as persoas, os cidadáns, non teñan as dificultades ás que aludía con anterioridade para chegar a fin de mes como teñen actualmente e que, atendendo ás circunstancias persoais e económicas da persoa propietaria, que se poidan establecer eses tipos diferenciados no imposto de bens inmobles e reducir mesmo ata un 50% a cota a pagar en función da capacidade económica á que me refería anteriormente.

Por todo iso entendemos que imos contar co apoio de todos vostedes a esta instancia que realizamos para que se inclúa esta modificación da Lei de facendas locais na Lei de acompañamento ós orzamentos xerais do Estado para o 2008.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Primeiro só un pequeno detalle que é que este venres se aprobaron en Consello de Ministros os Orzamentos xerais do Estado, polo tanto entendo que, se cadra, isto chega un pouco tarde pero tentaremos que entre polo menos no debate.

En calquera caso o que vostede está presentando aquí forma parte dun debate que xa existe nestes momentos, que é de plena actualidade, en torno ó tema do financiamento local.

Como vostede sabe os impostos divídense en dous tipos: os persoais e os reais. Os impostos persoais son aqueles que teñen en conta as características dos individuos, do suxeito pasivo como por exemplo o IRPF no que se ten en conta canto gañas, se tes ou non vivenda, se tes ou non fillos, se invistes ou non; ese é un imposto persoal. Por outra banda están os impostos reais, os impostos sobre as cousas como sería por exemplo o IBI que naceu coa intención de que só grave as cousas, se a casa é máis grande págase máis, se máis pequena menos. Vai de acordo co valor catastral e non ten en conta quen vive dentro desa casa.

Dende hai uns anos acá estase formulando se os impostos reais se deben personalizar, é dicir, se no IBI se deben incluír medidas como as que vostedes propoñen aquí de tipo persoal, se se deben ter en conta se vive xente nova, se diminuídos, se familiar numerosas..., unha serie de cousas; se se debe incluír a personalización nos impostos reais.

Polo tanto o debate empeza primeiro por: débense personalizar os impostos reais? Estamos nese momento do debate. E o segundo debate que xorde do primeiro é como facer esa personalización, é dicir, que aspectos se deben incluír no IBI, se se

deben incluír ós mozos, ós desempregados, ós pensionistas ou calquera aspecto persoal. Pero non só que aspectos se deben incluír, senón como se deben incluír na Lei de facendas locais porque hai dúas formas de incluír esta personalización nos impostos locais.

Unha é a que se chama de tipo obrigatorio ou coercitivo, é dicir, que na lei figure expresamente “estarán exentos os que cumpran determinadas condicións persoais, como pode ser xente nova ou pensionistas”. Dise que é de tipo coercitivo porque se decide no Ministerio e o Concello non ten capacidade de decidir, é dicir, que unha vez que se tome esa decisión todos os concellos están obrigados a practicar esa exención e polo tanto non hai manobrabilidade pola banda do Concello de se sobe ou baixa máis ou menos, decídeo o Ministerio e os concellos non teñen capacidade de ratio.

Por outra banda están os de tipo potestativo que consistirían en incluír na lei “os concellos poderán practicar políticas de exención” e entón aí meteríamos se son mozos, maiores ou o que sexa.

O que está claro é que este debate existe, non está exento de dificultades porque lle podo poñer un exemplo con respecto a incluír a capacidade económica como vostede propón aquí, pero hai un problema cando se trata este tema porque o certo é que o IBI xa recoñece de xeito indirecto a capacidade económica. Cando unha persoa ten unha capacidade económica elevada pode mercar unha casa de máis valor catastral e outra que teña unha capacidade económica baixa ten que adquirir obrigatoriamente unha casa con menor valor catastral e como o tipo é o mesmo para todos os valores catastrais, a xente de máis capacidade económica paga máis e a xente de menos paga menos. Polo tanto incluír de novo a capacidade económica sería un dobre recoñecemento da capacidade económica e polo tanto se está no debate se se debe ou non.

Dicía que o debate está, existe e pódolle dicir que xa no ano 2006 a Federación Española de Municipios propuxo: “Proposta número 2. Establecemento de tipos diferenciados para os bens inmobles para... (fala dos usos, etc.) por diferentes tramos de valor”. Leo tamén o que sería a parte que se incluíría na Lei de facendas locais: “Os concellos poderán establecer tipos diferenciados para os bens inmobles atendendo ós diferentes tramos de valor catastral”. Polo tanto a propia Federación de Municipios está entrando no debate, está defendendo a personalización do imposto, neste caso sería por capacidade económica, pero se se fixan vostedes está

falando de que “poderán establecer”, polo tanto a Federación está a falar dunha personalización pero de tipo potestativo.

Esta é unha proposta da Federación de Municipios do ano 2006 pero é que neste momento o propio Ministerio xa está presentando exactamente o mesmo e mesmo o propio Ministerio de Facenda, a Dirección Xeral de Tributos Locais, está presentando unha reforma de facendas locais e dentro dela mesmo vai moito máis aló do que di a Federación de Municipios. A Federación de Municipios nesta proposta contemplaba só a capacidade económica e vou ler o que din as bases para a reforma do financiamento local: “Proponse unha reforma que o faga máis flexible, equitativo e adaptado á sensibilidade social. Ademais de se potenciar os mecanismos ó dispor dos gobernos locais para perfilar os tipos de gravames e os beneficios fiscais propios deste imposto, de acordo coas súas preferencias e coa estrutura social propia de cada ámbito municipal, non se pode descoñecer malia o seu carácter real a existencia de determinadas circunstancias do suxeito pasivo que deberían ser obxecto dun tratamento favorable tendo en conta que será sempre o Concello quen decida sobre a súa aplicación”. É dicir, no propio Ministerio estase considerando a reforma e nesta reforma estase recoñecendo que se vai personalizar por aquelas circunstancias do suxeito pasivo que considere o Concello que deben entrar e que ademais sexa potestativo do Concello, que sexa o Concello quen decida.

Polo tanto, xa que estamos falando dun debate que está na Federación de Municipios, gustaríame saber en primeiro lugar cal foi a postura deste Concello nesa representación na Federación de Municipios. Este xa é un debate que ven de anos atrás e polo tanto este Concello tivo representantes nesa Federación de Municipios e gustaríame saber a postura que tomou en canto á personalización, se estivo ou non a favor, que cousas se deberían incluír na personalización, de tipo potestativo ou obrigatorio; ou mesmo a postura na Federación Galega de Municipios.

Pasando xa en concreto á moción que vostedes presentan. Con respecto ó que figura no primeiro punto, o que están propoñendo é unha personalización de tipo obrigatorio-coercitivo. Propoñen que se recoñeza a exención do imposto, é dicir, que o Concello de Vigo lle envíe unha carta ó Ministerio de Facenda para que este inclúa na Lei de facendas locais que estean exentos do imposto de Bens Inmóveis os mozos menores de 35 anos. Unha vez que o Ministerio de Facenda faga iso,

todos os concellos están obrigados a facer esa exención. Polo tanto propoñen que unha medida que decide o Concello de Vigo, que pode ser boa para o Concello de Vigo, se aplique absolutamente en todos os concellos.

Por iso o primeiro que eu me pregunto é: gustaríalle a este Concello de Vigo que o Concello de Madrid propuxera unha medida que o seu custo vai ser tamén para o Concello de Vigo? Porque para o Ministerio o custo non é ningún, o custo do Ministerio é meter no papel e imprimir que estarán exentas unhas certas persoas e o Concello non ten capacidade de decidir, se cadra o custo que o Concello ten que asumir por esta medida prefere destinalo a distintos temas e en Galicia temos moitos casos de concellos nos que hai moitas persoas maiores, pensionistas e xubilados que tamén teñen problemas para pagar a súa vivenda. Polo tanto ó mellor o Concello prefere outra política.

Aquí se está propoñendo unha política que non digo que sexa mala pero que baixo o meu punto de vista o que está mal é a filosofía, a filosofía de que sexa o Ministerio quen obrigue a todos os concellos a tomar unha medida e que esta medida veña proposta só por un concello. Coido que estas medidas que sexan de tipo coercitivo, xa que van afectar a todos os concellos, se deben presentar co consenso de todos os concellos. Polo tanto eu coido que é a propia Federación de Municipios a que debe formular que medidas deben incluírse como personalización de IBI de tipo obrigatorio e polo tanto que sexa alí onde se tome a decisión, que non sexa o Concello de Vigo quen diga que medidas van ser ás que obriguen ó resto dos concellos do nos País.

Por iso o que eu propoño para este primeiro punto é unha emenda que sería: "Que se traslade á Federación Española de Municipios o interese do Concello de Vigo por participar no debate sobre a personalización do IBI e que se adopte na devandita Federación a personalización que considere oportuna". Falo de personalización porque inclúo todas as personalizacións, non me quedo só co dos rapaces, na personalización poden incluírse diminuídos, xente maior, todos os colectivos desempregados que se consideren oportunos e polo tanto se debe debater nese seo, penso que é a propia Federación a que debe decidir.

Leo a medida e a primeira vista semella boa: "que os menores de 35 anos deixen de pagar..." é unha boa medida pero cando se lle dan voltas vese que falta algo e voulle poñer un exemplo. Un rapaz de 35 anos, un *mileurista* que está agora tan de moda, merca un pequeno apartamento e se incluímos isto non pagaría o IBI. Pois

ben, que pasa cunha señora *mileurista* de 36 anos que ten un fillo ó seu cargo? Non está contemplado, non estaría exenta. O rapaz que vive só si e a rapaza que ten un fillo non sinxelamente por unha pequena diferenza de idade. Pero que pasa se ese mozo de 35 anos ten a sorte de que lle toca a bonoloto e merca unha grande casa que custa 100 millóns de pesetas? Estaría exento do IBI.

Polo tanto a iniciativa da proposta de que se considere á xente moza é boa pero habería que incluír algo máis: a capacidade económica ou en calquera caso que se facilite ós concellos.

Así paso ó segundo punto que vostedes presentan que é completamente diferente porque xa é de tipo potestativo, é dicir, propoñen que se faculte ós concellos a que poidan establecer tipos diferenciados. Por suposto, aquí estamos a falar xa da autonomía local, de que os concellos poidan decidir como queren aplicar as exencións.

Póñolle un exemplo: acabamos de aprobar as ordenanzas fiscais e contemplamos unha serie de exencións, pois nin eu nin ningún concelleiro de ningún concello podería dicir que están exentos ou que pagarán menos polo IBI tales persoas porque neste momento a lei non o contempla. Polo tanto do que se está falando é que se contemple a posibilidade e así o que se está defendendo é que sexa o Concello quen decida como practicar esa medida e por iso eu si estou de acordo con esta segunda parte.

Resumindo un pouco, o que lles propoño é modificar un pouco toda a moción. Con respecto ó primeiro punto facer unha emenda para que conste en primeiro lugar que se traslade á Federación Española de Municipios o interese do Concello por participar no debate sobre a personalización do IBI e que se adopte na devandita Federación a personalización que considere oportuna e logo viría o segundo punto da súa moción: "Instar ó Ministerio de Economía e Facenda a fin de que se introduza na próxima Lei de acompañamentos ós orzamentos xerais do Estado a reforma legislativa necesaria..."

SR. CONDE GIL: Primeiro, quería darlle as grazas á señora Díaz por me remontar á miña época de universitario, a verdade é que antes dixeran que me consideraba mozo pero xa hai uns cantos anos que abandonei a Facultade de Dereito e que a lección de Facenda pública diferenciando os diversos impostos gustoume, lembroume esa xuventude.

Respecto ó que dicía da postura deste Concello na Federación Española de Municipios e Provincias coido que unha das promesas do señor alcalde era a de que ía ser presidente; pois pregúntelle a el cando o sexa, se é que o vai ser, que seguramente terá maior acceso ós ficheiros da Federación Española de Municipios e Provincias. Supoño que nós tamén apoiaríamos que o sexa.

Sen entrar demasiado no tema que nos ocupa porque coido que en certo modo dixeron que están de acordo co que presentamos, si me gustaría facerlles unha anotación: por favor, no poñan exemplos absurdos e máis vostedes, o Partido Socialista, porque din “os *mileuristas* de 36 anos” e, que pasa cos mozos de 18 a 22 anos que no tan pomposo plan de aluguer da ministra Chacón, por certo copiado doutro plan de vivenda da anterior ministra, señora Trujillo, porque eles tampouco teñen ese dereito. Digamos que os límites de idade se establecen por un pouco de sentido común, en primeiro lugar porque o propio Consello da Xuventude Española está establecendo que os grupos que teñen maiores dificultades son precisamente os menores de 35 anos. Eu teño 38 anos recén cumpridos e xa adquirín a miña primeira vivenda, non entraría dentro da medida pero se tamén me queren eximir estaría de acordo.

Non entremos en debates estériles, o problema é precisamente sacar ós molzos do *mileurismo* e como sigamos coa política económica que está a facer o goberno da Nación coido que non o imos acadar xamais.

Dato preocupante hoxe é que o propio director do Fondo Monetario Internacional está recoñecendo que a economía española vai empezar notar a recesión do problema hipotecario dos EE UU o próximo ano 2008 e coido que isto é un problema importante.

Aquí o que presentamos é que cada vez existen maiores dificultades para pagar a vivenda a final do mes, que as hipotecas están subindo, que os tipos de interese cada vez son maiores, que o endebedamento das familias e das empresas cada vez é maior e no caso dos mozos aínda con maior rango, e que existe un menor nivel adquisitivo cos salarios. A verdade é que os xoves polo xeral non temos a sorte de ter pagada a casa, nin a luz, nin a auga, nin nada como algunhas persoas que todos coñecemos.

De todos os xeitos direille que si imos admitir a emenda que nos traslada e que, como dicía o Sr. Domínguez Olveira, ó final todo sexa polo ben da cidadanía de Vigo. Penso que o apoio dos intereses da cidadanía está por riba de calquera debate

e polo tanto entendemos que é unha medida encamiñada a favorecer ós mozos e a toda a cidadanía en xeral. Moitas grazas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Agradecer que entendan e polo tanto que respecten a postura que nós presentamos. Coido que é de sentido común que unha cousa é falar dunha proposta de tipo coercitivo e outra dunha de tipo potestativo e polo tanto coido que a emenda é facilmente entendible.

Querería facer unhas matizacións con respecto ó que dixó de que o alcalde ía ser o próximo presidente da Federación. Eu non falo do futuro, eu preguntáballes que fixeron no pasado porque este non é un debate que vaia xurdir mañá, é un debate que xa está e que xa estivo durante estes tres últimos anos, só tentaba saber un pouco que pasou.

Logo tamén falou do Plan da Vivenda, pois eu teño aquí os datos. Nos anos nos que o Partido Popular gobernou en España o incremento do prezo da vivenda en dez anos foi dun 90%. No tempo no que vostedes estiveron en Galicia, neses 14 anos, tamén se duplicou o prezo da vivenda. Pregúntome se de verdade vostedes cren que cunhas medidas deste tipo como as que están presentando, que consisten en reducir 100, 200 ou 300 euros ós rapaces se vai facilitar o acceso á vivenda. O acceso á vivenda non é unha cuestión de se o IBI está máis alto ou máis baixo. O problema é o prezo da vivenda e como digo, mentres vostedes estiveron gobernando a vivenda duplicouse de prezo.

Está demostrado que o único que realmente fai a vivenda máis accesible ós mozos non é unha redución de impostos senón facer vivendas a prezos alcanzables e o único xeito de facer isto é non entrar na especulación e presentar vivendas cun prezo fixado por lei. O único tipo de vivendas que ten un prezo fixado por lei e que pode chegar ser a metade do prezo de venda de calquera outro piso é a vivenda protexida. Polo tanto, se vostedes realmente están preocupados polo prezo da vivenda, polo acceso dos mozos á vivenda, pídlles que se enganán á nosa política de vivenda que estamos presentando para Vigo.

No Plan Xeral nós propoñemos un 40% de solo destinado a vivenda protexida, vostedes un 22%. Polo tanto non vexo que estea moi claro que realmente esta medida sexa por interese dos cidadáns e non teña certas tinguaduras electoralistas. O que tamén imos facer son 6.000 vivendas protexidas para xente moza porque

isto é o que fai que o prezo da vivenda se reduza á metade, frear a especulación e é o que fixo que no 2007 se controlaran os prezos da vivenda.

Polo tanto non é tanto reducir 100, 200 ou 300 euros nun ano, senón que estamos falando de milleiros de euros durante todo o prazo que dura a hipoteca dunha persoa. Estamos falando dunha redución moito máis importante que é o que realmente vai facer que a nosa mocidade poidan acceder a unha vivenda digna. Controlar o prezo por lei, un prezo que ademais dependerá do tipo de vivenda que se destine, moito máis baixo canto máis baixa sexa a renda, e polo tanto 40% do solo destinado a vivenda protexida. A metade das vivendas que se constrúan en Vigo serán con prezo máximo fixado por lei e polo tanto estarán fóra da especulación.

SR. CONDE GIL: Alégrame o recoñecemento que fixo a este Pleno. A verdade é que non sei se estará moi contenta a Sra. Chacón pero recoñeceu que o plan estrela do goberno sobre o aluguer é algo electoralista e que tampouco ten moita importancia. Tamén me gusta que recoñeza que efectivamente a redución de impostos non lle parece unha medida excesivamente axeitada e que o que hai que facer é maior vivenda a prezo alcanzable. É probable, para iso o primeiro é ter o instrumento que é o Plan Xeral e que como estamos vendo non o teremos no 2007 e xa miraremos no 2008, pero iso é outro debate.

Tampouco coido que estean vostedes moi autorizados para falar de plans de aluguer, máis que nada polo que o goberno bipartito da Xunta de Galicia no ano 2006 fixo precisamente no recorte das axudas para alugar unha vivenda, en canto ós criterios económicos, prazos de duración e outras moitas cousas.

O caso é que vostedes están nunha política puramente electoralista, haio que recoñecer así, estamos a poucos meses das eleccións, afortunadamente xa se encargan o ministro de Economía e o gobernador do Banco de España, que coido que antes traballaba no Ministerio de Economía, de lles frear un pouco porque senón, como dicía o outro día o noso líder nacional, dentro de pouco nos van prometer un chalé nas Bahamas ou en Santo Domingo ou sabe Deus onde para gañar as eleccións.

Vaiamos a cousas serias, coido que a proposta que traemos a este Pleno é seria, máis que no plan da axuda directa nós estamos no plan da axuda a través dos impostos. Unha vez que gañemos as eleccións, e así coido que o imos levar no noso

programa electoral, imos propoñer numerosas medidas de redución da presión fiscal ó cidadán medio precisamente coido que estamos máis que autorizados dende o ano 96 para facer estas afirmacións e creo que ó final a cidadanía vai poñer a cada quen no seu sitio porque sabe que nós cumprimos o que prometemos e outros están facendo propostas estrela que penso que van ser estreladas como foi o Plan de Vivenda da Sra. Trujillo, creo que se chamaba.

A PRESIDENCIA: Procedemos a votar a proposta de acordo coa emenda presentada pola Sra. Díaz que é “Que se traslade á Federación Española de Municipios o interese do Concello de Vigo por participar no debate sobre a personalización do IBI e que se adopte na citada Federación a personalización que se considere oportuna. Dous: Instar ó Ministerio de Economía e Facenda a fin de que introduza na próxima Lei de acompañamentos ós Orzamentos xerais do Estado do 2008 a reforma legislativa necesaria da Lei reguladora de facendas locais a fin de que se faculte na devandita norma ós concellos para que poidan establecer tipos diferenciados no imposto sobre bens inmobles e reducir ata o 50% a cota a pagar en función da capacidade económica da persoa propietaria”.

Emenda de substitución formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez, durante o curso do debate:

- 1.- Que se traslade á Federación Española de Municipios o interese do Concello de Vigo por participar no debate sobre a personalización do IBI e que se adopte na citada Federación a personalización que se considere oportuna.
- 2.- Instar ó Ministerio de Economía e Facenda a fin de que introduzan na próxima Lei de acompañamento ós orzamentos xerais do Estado de 2008, a reforma legislativa necesaria da Lei reguladora das Facendas Locais a fin de que se faculte na devandita norma ós concellos para que poidan establecer tipos diferenciado son imposto sobre bens inmobles e reducir ata o 50% a cota a pagar en función da capacidade económica da persoa propietaria.

(Están ausentes a Sra. García Míguez e os Sres. Guerra Fernández, Martiño Gómez e Rivas González).

A Presidencia somete a votación a moción coa emenda formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que se traslade á Federación Española de Municipios o interese do Concello de Vigo por participar no debate sobre a personalización do IBI e que se adopte na citada Federación a personalización que se considere oportuna.

Segundo.- Instar ó Ministerio de Economía e Facenda a fin de que introduzan na próxima Lei de acompañamento ós orzamentos xerais do Estado de 2008, a reforma legislativa necesaria da Lei reguladora das Facendas Locais a fin de que se faculte na devandita norma ós concellos para que poidan establecer tipos diferenciado son imposto sobre bens inmobles e reducir ata o 50% a cota a pagar en función da capacidade económica da persoa propietaria.

38.- (126).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE INSTAR Ó GOBERNO DO ESTADO A MELLORA NA SINALIZACIÓN DAS ENTRADAS NA CIDADE POLA AUTOVÍA RÍAS BAIXAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de setembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“O goberno local do PP realizou un importante esforzo ao longo do seu mandato no necesario proceso de diversificación económica que Vigo precisa. Así, entre outras accións, impulsou claramente actividades turísticas e informativas respecto da cidade, dende o convencemento de que o turismo pode e debe ser un dos principais eixos xeradores de actividade económica e fonte de riqueza e emprego.

Unha das medidas que se puxo en marcha consistiu nun plan para mellorar a sinalización na cidade, reforzando as indicacións cara os principais puntos de interese turístico así como cara aos propios establecementos hostaleiros, co obxectivo de facilitar ós turistas que nos visitan e mesmo ós propios vigueses a localización dos lugares mais salientables do ámbito territorial do Concello.

O investimento relativo a este proxecto de sinalización ficou executado practicamente na súa totalidade polo goberno de Corina Porro, quedando unha última parte que debería estar rematada, segundo o contrato asinado, antes de finais de novembro.

Unha vez resolta a sinalización interna na cidade procede abordar con igual rigor a sinalización nas entradas á cidade, cuestión que non é competencia da administración municipal.

Así, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación municipal de Vigo tome o acordo que segue:

Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno de España a renovar e mellorar a sinalización da cidade na súa entrada pola autovía das Rías Baixas, no enlace do aeroporto, na autopista de Baiona e avenida de Madrid, de xeito que chegar e moverse por Vigo sexa accesible e sinxelo para todos os que nos visitan.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 17 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

O Sr. Fidalgo Iglesias procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Quero comezar por lle agradecer ó compañeiro do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, que nos fixera unha tradución ó castelán da moción que xa temos todos lida perfectamente en galego. Coido que lle agradeceríamos moito máis que nos evitara cinco minutos máis de lectura dunha moción que en realidade pouco achega.

Non me vou referir ó tema hoteleiro, poderá falar quen queira do asunto, pero dende logo que como sigan así vai ser moi aburrido porque están presentando mocións nas que tentan xustificar o que non fixeron nos últimos anos porque non fixeron absolutamente nada neste tema co que de novo estamos coa mesma historia de dicirlles ós demais que en tres días resolvan. Ademais están tamén acudindo a outra cousa: len os xornais, por sorte, saben que en efecto se está a facer este traballo, un traballo serio para tentar mellorar esa sinalización en todas as estradas de acceso á cidade. Por certo, esquécese de Vigo vinte que é un dos problemas que temos de mala sinalización. Con isto non sei se están tentando colgarse unha medalla pero como sigan así teremos cincuenta mil mocións porque imos facer cincuenta mil cousas e de seguro que nos van presentar todas esas

mocións pero vai ser moi aburrido porque nos teremos que marchar ás dez da noite de aquí.

Por suposto, á parte de lle aprobar a moción, como fixemos en case todas as que presentaron porque son razoables, son cousas que se están a facer e que vostedes non fixeron en anteriores etapas, propóñolle polo menos que nos eviten algunha porque está algo relacionada con esta. Estase facendo un traballo serio a efectos de que o Ministerio de Fomento teña realmente unha proposta moi detallada das melloras que propoñemos para que precisamente o Ministerio poña os menores problemas posibles.

conséllolles que polo menos non nos traian unha sobre a retirada do transporte pesado nas rúas urbanas da cidade por exemplo, porque estamos traballando niso, ímolo facer cedo e vostedes non foron quen do facer nos últimos anos de goberno como moi ben sabemos. Polo menos aforrámonos unha. Gracias.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Calviño, a nós vostede non nos vai dar leccións de nada e polo menos supoño que tampouco nos vai dicir o que temos ou non que facer nin a oposición que temos que facer. Isto fai que polo menos, como por exemplo no mobiliario urbano, vostedes fagan algo ou mesmo un xesto esta fina de semana na Praza de España.

Ademais para aburrido está vostede porque botou antes un rolo que aburriu ás cabras cando lle replicou ó meu compañeiro, Sr. Figueroa, polo tema do mobiliario urbano.

O anterior goberno do Partido Popular o 29 de maio de 2005 asinou un plan de sinalización turística de Vigo coa Xunta de Galicia. Este plan tiña tres fases e ascendía a 400.000 euros. A última fase, que son 200.326,04 euros, aínda está sen rematar e por iso llo adianto, para que vostede vexa o expediente e non se decate cinco minutos antes que ten que estar feita antes do 1 de novembro deste ano.

Pero o meu labor de oposición quería ser en positivo. Nós dicímoslle xa que fixemos este convenio coa Xunta de Galicia pero coido que hai un problema na cidade para a xente que se achega a ela e é que non está ben indicada, ás veces só pon unha indicación como por exemplo en Puxeiros, cando un ven nun vehículo ten que vir pola avenida de Madrid, non lle indica que se vai cara Pontevedra ou Santiago podería ir cara Vigo norte ou que se vai cara Baiona podería ir Vigo sur.

O único que quería era utilizar a influencia do alcalde da Corporación, que ademais foi ministro de Transporte, para que lle pida á señora ministra de Fomento e á Demarcación de Estradas que dea curso a esta moción e que poña uns carteis indicando que existe Vigo norte e Vigo sur na diferentes entradas da cidade.

(Están ausentes a Sra. García Míguez e os Sres. Guerra Fernández, Martiño Gómez e Rivas González).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, de instar ó Ministerio de Fomento a mellora da sinalización da autovía Rías Baixas nas súas entradas en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

39.- (127).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIGUEROA VILA, EN RELACIÓN COA INTERVENCIÓN DO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ NO PUNTO 30 DA ORDE DO DÍA DESTA SESIÓN RELATIVO Ó MOBILIARIO URBANO.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Hai un par de horas produciuse nesta Corporación un debate intenso sobre o mobiliario urbano no que un concelleiro fixo unha serie de afirmacións que non son verdade porque nós acadamos a información durante as últimas horas. Unha afirmación clara e contundente que acusaba a un compañeiro desta Corporación de enviar un escrito dicindo que non cumpría o prego de condicións e que se estaba vulnerando a oferta, dígolle agora mesmo que é rotundamente falso e pedímoslle encarecidamente a ese compañeiro de Corporación que rectifique publicamente as declaracións que fixo neste Pleno, senón adoptaremos as medidas axeitadas coa información e documentación que temos nestes momentos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A carta é: “Ten elixido a marquesiña Foster, corpo JCD 7032 e teito JCD 7035”. Esta semana, cando se foi ver este mobiliario, quedou claro que non era aceiro inoxidable senón que era aceiro normal pintado. Decatáronse todos os técnicos do Concello por primeira vez nesta semana e eu exactamente decateime ó mesmo tempo.

Saben vostedes que o que aceptamos foi o modelo Norman Foster pero os materiais quedan absolutamente claros e o que hai é que teñen 127 marquesiñas preparadas por esa carta de autorización do señor Coello precisamente no aceiro que non corresponde co prego de condicións.

A PRESIDENCIA: Señor Figueroa, por favor, non abramos o debate, están as posturas claras.

SR. FIGUEROA VILA: Se el o abre nós volvemos repetir o mesmo: temos a documentación que temos e dicimos que cumpre coa oferta e co prego de condicións e dicímoslle que ou rectifica esas declaracións, acode á empresa e toman as medidas correspondentes ou nós actuaremos como corresponda coa información que temos nestes intres.

A PRESIDENCIA: Tomada nota da súa pregunta e do seu rogo. Remata a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

S. Ordinaria 24.09.07

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 24 de setembro de 2007. Consta de 99 folios da serie A numerados do 1593695 ao 1593793, e números do 392 ao 490. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 26 de novembro de 2007.

Vigo, a 26 de novembro de 2007
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda